

SESION ORDINARIA DE 30 DE OUTUBRO DE 2018

(Acta Número 11)

Sr. Presidente:

Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo
D. Alvaro Santos Ramos
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Lino Rodríguez Onega
D. Eduardo Vidal Baamonde
D^a. Sonsoles López Izquierdo
D^a. M^a. Elena Candia López
D. Xosé Ferreiro Fernández
D. Manuel Martínez Núñez
D. Juan Carlos Armesto Quiroga
D. Antonio Veiga Outeiro
D. Miguel Angel Sotuela Vega
D. José Antonio García López
D^a. M^a. Angeles Teijeiro González
D. Ramiro Moure Ansoar
D. José Ulla Rocha
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José Manuel Yanes Ginzo
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Pardo Lombao
D. Jesús Carreira Ferreiro
D. Jesús Manuel Núñez Díaz

Secretario:

D. Manuel Castiñeira Castiñeira

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **trinta de outubro de dous mil dezaoto**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de Secretario o Secretario-Interventor D. Manuel Castiñeira Castiñeira, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

Antes de dar comezo á sesión pide a palabra o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, séndolle concedida pola Presidencia, para dicir o seguinte:

“Como saben recentemente faleceu un funcionario desta Deputación, tamén faleceu o fillo doutra funcionaria, e aproveitando esta intervención comunicar que tamén morreu o pai do ex Deputado e Alcalde de Navia, polo que proporía gardar un minuto de silencio por estas tres familias”.

A proposta é aceptada por tódolos Grupos Políticos, e a continuación os membros da Corporación Provincial así como o público asistente, postos en pé, gardan un minuto de silencio.

1.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA A PROFESIONALIZACIÓN DA EDUCACIÓN SOCIAL.

O Pleno da Corporación por unanimidade acorda a seguinte Declaración Institucional que foi asinada por tódolos Grupos Políticos:

“A profesión de Educador/a Social adquire rango universitario en 1991, coa publicación do Real Decreto 1420/1991, que xorde despois dunha ampla mobilización social reivindicativa do papel relevante deste perfil profesional en desenvolvemento das políticas sociais e educativas.

A figura da Educadora e do Educador Social en Galicia e en España é froito da combinación de tres históricas ocupacións: as educadoras e educadores especializadas/os, as animadoras e animadores socioculturais e as educadoras e educadores de persoas adultas, todas elas diferentes pero converxentes, na medida en que a súa actividade profesional se move nos campos da inadaptación, da alfabetización, da exclusión, da marxinación social, da integración, da capacitación profesional, do desenvolvemento comunitario, etc.

Esta figura profesional foi ampliando a súa cobertura de acción, asumindo unha amplitude de funcións que evolucionaron e matizáronse nas últimas décadas co fin de construír unha

identidade profesional da Educación Social. A súa rápida expansión é o reflexo do carácter dinámico, socializador e de transformación social da figura da Educadora e do Educador Social.

O Ministerio de Educación e Ciencia incorpora de maneira oficial a titulación de Educación Social tras a aprobación de Real Decreto 1420/1991, de 30 de agosto, polo cal se establece o Título Universitario Oficial de Diplomatura en Educación Social, proporcionando de esta maneira a formación profesional básica ás/aos futuras/os profesionais, a través da adquisición de capacidades, funcións e competencias adaptadas ao seu perfil profesional e aos contextos sociais onde a Educación Social está chamada a actuar.

Como profesión de carácter pedagóxico que desenvolve a súa actividade nunha gran variedade de contextos sociais, entre os que está o educativo, desenvolveuse un amplo discurso, froito da rica experiencia das/os profesionais e a súa confluencia co mundo académico universitario, ao que debemos engadir, o desenvolvemento das estruturas de participación e regulación da profesión, con colexios profesionais de Educación Social en todas as Comunidades Autónomas (en Galicia dende o 2001), así como a creación do *Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales*, no ano 2006.

A día de hoxe, o seu papel é fundamental no ámbito dos servizos sociais nun Estado Social e Democrático de Dereito xa que a súa intervención garante dereitos tan básicos para a cidadanía como son a igualdade e a xustiza social. As/os profesionais da educación social traballan co obxectivo de axudar nun proceso de socialización que é clave para acadar unha sociedade máis equitativa, así como para conseguir o dereito ao desenvolvemento persoal que teñen as persoas destinatarias da súa intervención. Melloran competencias e aptitudes, promocionan a autonomía e independencia, prevenen e compensan déficits e inadaptacións sociais, favorecen e participación activa das persoas en grupos así como a creación do tecido social e asociativo, promoven o traballo comunitario... numerosas e indispensables funcións nunha intervención social sobre a base da educación e da aprendizaxe.

O seu papel no ámbito da xuventude, da cultura, da educación, e dos servizos sociais, é clave para completar o abanico de disciplinas que desde distintas perspectivas permiten unha intervención social integral, sobre todo en sectores clave como é o das/os menores e as familias.

Non obstante, pese a innegable contribución ao benestar social e ao recoñecemento da profesión como tal cuns estudos universitarios que a avalan e un colexio profesional que a representa, a falta de regularización da educación social fai que non estean claros os límites e o alcance da mesma, tanto nas entidades públicas, nas entidades privadas como no terceiro sector. Este descoñecemento implica que con frecuencia se asignen a outras/os profesionais do ámbito social, funcións propias das educadoras e educadores sociais.

Estas circunstancias poñen de manifesto a necesidade dunha regulación da profesión da Educación Social como instrumento que visibilice, dignifique e reivindique o seu papel como axente de cambio na nosa sociedade.

O colectivo de educadoras e educadores sociais, así como outras cidadás e cidadáns, teñen presentado multitude de solicitudes de petición de regularización da profesión e do dereito á Educación Social a través dunha lei. Moitas entidades e institucións manifestaron tamén o seu apoio a esta iniciativa.

Por todo isto a Deputación Provincial de Lugo DECLARA

A necesidade de que dende a Xunta de Galicia se proceda á Regularización da Educación Social en Galicia a través dunha Lei Galega do Dereito á Educación Social, así como, que dende o Goberno de España se desenvolva unha Lei de Regularización do dereito á Educación Social, a nivel estatal”.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E CINCO DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de setembro de dous mil dezoito, e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

PARTE RESOLUTIVA

COMISION DE GOBERNO INTERIOR E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

3.- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE 3 DE OUTUBRO DE 2018, RELATIVA Á COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 4283/2018, E CONVERSIÓN DO ACORDO PLENARIO OBXECTO DO RECURSO.

Vista a proposta en relación co epígrafe, que textualmente di:

“Con data 03 de outubro de 2018, a Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Logo de ver que con data 2 de outubro de 2018 e número de rexistro de entrada 3964, se recibiu na Secretaría Xeral o seguinte escrito de Asesoría Xurídica :

“Mediante a presente se lle comunica que no día de hoxe, 2 de outubro de 2018, tivo entrada na Asesoría Xurídica a notificación da interposición ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do Recurso Contencioso PO 4283/2018 contra a aprobación do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

A medio deste escrito procédese a trasladar, á Secretaría Xeral da entidade, ao servizo de actas e á Presidencia da administración a existencia do mesmo así como a obriga urxente de tomar razón e decidir sobre a comparecencia e defensa da administración no citado procedemento nos seguintes termos.

En base ao artigo 48 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo e no marco do artigo 33.2.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (en adiante LBLR), a competencia para ordenar a comparecencia e defensa en asuntos de competencia plenaria é o propio Pleno da Corporación, sendo así que se existen razóns de urxencia que o xustifiquen a Presidencia podería, en base ao artigo 34.1.i) LBRL autorizar provisionalmente á mesma, dando conta ao Pleno na sesión ordinaria seguinte para a súa ratificación ou non por este.

Por todo elo, e dado os prazos procesuais nos que debemos traballar, trasládase aos departamentos antes mencionados a existencia do citado recurso contencioso-administrativo no que consta Peza Separada de Medidas Precautorias (10 días) para que se decida sobre que vía procedimental empregan: ben autorización urxente á Asesoría Xurídica pola Presidencia e ratificación ou non posterior polo Pleno, ben convocatoria de Pleno Extraordinario para debater e decidir sobre tal cuestión pola Corporación”.

Segundo o artigo.33.2.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (en adiante LBLR), corresponde ao Pleno da Deputación “el ejercicio de acciones judiciales y la defensa de la Corporación en materias de competencia plenaria”.

Visto o artigo 34.1.i da devantida LBRL, “El ejercicio de las acciones judiciales y administrativas y la defensa de la Diputación en las materias de su competencia, incluso cuando las hubiere delegado en otro órgano, y, en caso de urgencia, en materias de la competencia del Pleno, en este último supuesto dando cuenta al mismo en la primera sesión que celebre para su ratificación.”

Atendendo as razóns de urxencia invocadas no referido escrito e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

1º.- A comparecencia desta Deputación Provincial de Lugo no Recurso Contencioso PO 4283/2018 contra a aprobación do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, ordenando a mesma á Asesoría Xurídica desta Deputación Provincial.

2º.- A remisión do expediente ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Sección 2002 en A Coruña.

3º.- Emprazar a todos os interesados para que comparezan do devandito procedemento de conformidade co artigo 49.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contenciosa Administrativa.”

Con data 17 de outubro de 2018 a Asesoría Xurídica emite informe , a petición da Secretaría Xeral de 11 de outubro de 2018, sobre a situación e perspectivas procesuais así como posibles solucións á controversia Xurídica no recurso Contencioso-Administrativo interposto contra o Regulamento Orgánico.

A Secretaría Xeral con data 18 de outubro de 2018 emite informe sobre o Acordo de aprobación do Regulamento Orgánico.Avaliación da conversión do mesmo.

Polo exposto, PROPOÑO

1.- -Co fin de cumprir co artigo 34.1.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local:

Que o Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo ratifique a resolución da presidencia de data 03 de outubro de 2018 sobre a comparecencia no Recurso Contencioso Administrativo nº4283/2018.

2.-De conformidade cos mencionados informes de Asesoría Xurídica e de Secretaría Xeral:

Adoptar acordo de conversión do acto administrativo obxecto do devandito Recurso Contencioso Administrativo”.

A Comisión Informativa de Goberno Interior e Relacións Institucionais, por maioría, coa abstención do Sr. Deputado D. José Antonio García López membro do Grupo Provincial Popular, e o voto en contra do Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, acorda informar favorablemente a proposta transcrita e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.

Vistos os informes de referencia:

INFORME DA ASESORÍA XURÍDICA

ASUNTO: SOBRE A SITUACIÓN E PERSPECTIVAS PROCESUAIS ASÍ COMO POSIBLES SOLUCIÓN A CONTROVERSIA XURÍDICA NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO INTERPOSTO CONTRA O REGULAMENTO ORGÁNICO PROVINCIAL

ANTECEDENTES

- 1.- Solicitud de informe realizada pola Secretaria Xeral da Deputación Provincial de Lugo, remitido a esta Asesoría, formulado sobre a situación e perspectivas procesuais así como posibles solución á controversia xurídica no recurso contencioso-administrativo interposto contra o Regulamento Orgánico Provincial.*
- 2.- Decreto de 26 de setembro de 2018 ditado pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia polo que se comunica a interposición dun recurso contencioso-administrativo contra o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial e a apertura da peza incidental de medidas precautorias.*
- 3.- Escrito de interposición do recurso contencioso administrativo e documentación que o acompaña.*
- 4.- Expediente administrativo remitido pola Secretaría Xeral da Deputación de Lugo.*

NORMATIVA DE APLICACIÓN.-

- *Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-administrativa (LXCA).*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas(LPACAP)*
- *Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas (LRXAP).*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL).*
- *Regulamento Orgánico Provincial.*
- *Regulamento de Organización e Funcionamento da Asesoría Xurídica Provincial.*
- *Calquera outra que resulte de aplicación.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Consideración do informe.-

O presente informe, emitido ao abeiro do Regulamento de Organización e Funcionamento da Asesoría Xurídica ten a consideración de facultativo e non vinculante.

Dada a existencia da petición de informe por parte da Secretaria Xeral da Deputación de Lugo, o presente informe non ten a consideración de ditame emitido en base ao artigo 54 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-administrativa (LXCA), dado que non é emitido motu proprio pola letrada que leva o preito en cuestión, se ben é certo que o seu contido e autoría sería en certa forma subsumible naquel, cando menos no tocante á segunda das cuestións formuladas.

En concreto, na solicitude de informe fórmulanse tres cuestións, que se analizarán, por tanto, de forma independente:

1º Situación procesual do procedemento.

2º Perspectivas procesuais do procedemento.

3º Posibles solucións á controversia.

Segunda.- Sobre a primeira cuestión: Situación procesual do procedemento.-

O Decreto de 26 de setembro de 2018 ditado pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia polo que se comunica a interposición dun recurso contencioso-administrativo contra o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial foi notificado a esta administración provincial o día 1 de outubro de 2018.

Na mesma data a entidade provincial recibiu a notificación da Dilixencia de Ordenación de 26 de setembro de 2018 na se que outorga á Deputación Provincial de Lugo un prazo de 10 días para opoñerse á medida precautoria solicitada polos recorrentes. O citado prazo remata o vindeiro 17 de outubro de 2018.

Tendo en conta a perentoriedade do prazo, pola Dirección da Asesoría Xurídica, o día 2 de outubro comunicouse á Presidencia, Secretaría Xeral e Sección de Actas a existencia do citado recurso contencioso-administrativo para que se decida ben a autorización urxente á Asesoría Xurídica pola Presidencia e ratificación posterior ou non polo Pleno, ben convocatoria de Pleno extraordinario para debater e decidir tal cuestión pola Corporación.

O día 3 de outubro de 2018 dítase Decreto pola Presidencia no que se resolve a comparecencia desta Deputación Provincial no recurso contencioso-administrativo PO 4283/2018 contra a aprobación do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, ordenando a mesma á Asesoría Xurídica desta Deputación Provincial.

Dado que ao remate do prazo outorgado para opoñerse a medida precautoria solicitada non se celebrou o pleno para ratificar ou non a autorización outorgada pola Presidencia, pola Asesoría Xurídica procedeuse, lóxicamente, a persoarse no procedemento e presentar escrito opoñéndose ás medidas cautelares solicitadas polos recorrentes.

Dende o primeiro momento a actuación da Asesoría Xurídica é dirixida, como procede consonte ás normas que rexen a súa actuación, á defensa do acto/disposición xeral emanada da administración á que serve.

Terceira.- Sobre a segunda cuestión: Perspectivas procesuais do procedemento.-

Semella claro e indiscutible que a Deputación Provincial de Lugo votou un novo Regulamento Orgánico en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2018 e que este foi publicado no BOP nº 170 de data 26 de xullo de 2018. E dicir, o contido do regulamento orgánico soamente se someteu a votación plenaria unha vez.

Certamente non é labor nin competencia deste departamento valorar, cualificar nin analizar os actos que conformaron este procedemento, mais sexa cal for a natureza xurídica da aprobación plenaria, o certo é que a proposta presentada, emendada, debatida e votada resultou aprobada co voto da maioría plenaria.

No BOP nº 170, de 26 de xullo de 2018 publicouse o texto articulado do Regulamento Orgánico Provincial entrando en vigor ao día seguinte daquela publicación. Semella evidente que estamos ante unha omisión total do procedemento de elaboración e aprobación dunha disposición de carácter xeral. Isto supón unha quebra fundamental e grave do mesmo, en tal sentido, e por evidente, os informes emitidos pola Secretaría Xeral reproducen os preceptos legais reguladores do procedemento.

A aparente vulneración do procedemento de aprobación das normas é de tal magnitude que, en lóxica consecuencia, acarrearía a invalidez da aprobación do Regulamento Orgánico Provincial, sen necesidade de entrar a analizar se o seu contido se axusta ou non ao ordenamento xurídico.

En definitiva, as perspectivas de defensa non son positivas, dado o evidente da quebra no procedemento de aprobación. Tal consideración realízase soamente sobre o ámbito adxectivo do preito formulado, e isto por varias razóns: a primeira é que neste momento procesual non se ten presentado aínda a demanda, senón soamente a interposición do recurso e a petición de medidas precautorias.

Por outra banda, o limitado dos prazos procesuais para oporse á adopción daquelas medidas precautorias así como as dúbidas formuladas pola Secretaria Xeral conducen a un estudo urxente e limitado por parte desta Asesoría, polo que expresamente o contido material do Regulamento non é obxecto deste informe.

Terceira.- Posibles solucións á controversia.-

A actual Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas ao regular a conservación dos actos administrativos non contén modificación algunha respecto da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

En consecuencia, tanto a xurisprudencia como a doutrina elaborada durante a vixencia da Lei 30/1992, de 26 de novembro, seguen sendo plenamente aplicables.

O vixente artigo 50 da actual Lei 39/2015, de 1 de outubro, establece o seguinte:

"Los actos nulos o anulables que, sin embargo, contengan los elementos constitutivos de otro distinto producirán los efectos de éste".

Se ben o obxecto da impugnación é un regulamento orgánico, é dicir, unha disposición xeral, non podemos esquecer que a súa tramitación, incluíndo o acto de aprobación, ten natureza de acto administrativo.

A conversión dos actos nulos ou anulables é unha técnica mediante a cal se consegue que un acto inválido poida producir efectos válidos diferentes aos previstos polo órgano que o produciu e que por outra banda completa e xustifica o principio xeral de conservación dos actos da administración. En relación con esta figura a Lei prefire moverse no plano da eficacia antes que no da invalidez, sendo a figura da conversión eficaz dende a data do acto constitutivo do seu obxecto.

En canto aos requisitos exixibles para que sexa posible a conversión, resulta pacífico que o acto que pola súa ilegalidade non poida producir os efectos buscados deberá reunir todos os requisitos de validez que se esixan ao novo acto no que vaia a converterse.

A posibilidade de aplicar a figura da conversión ás disposicións de carácter xeral, dado que unicamente no momento de rematar o procedemento de aprobación é cando alcanzan a natureza normativa -con anterioridade soamente existen actos administrativos- foi recoñecida pola xurisprudencia.

Por todas, pode citarse a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Castilla-León, sede Burgos (Sala de lo Contencioso-administrativo, Sección segunda) de 15 de marzo de 2010, que resolve o recurso interposto fronte a aprobación definitiva da Ordenanzas fiscais reguladoras de determinados impostos e taxas, sendo o motivo de impugnación que o expediente se aprobou antes do remate do trámite de audiencia.

Na citada sentencia sinálase:

"Del mismo modo, tampoco resulta posible la aplicación al caso que nos ocupa de lo dispuesto en los arts. 65 y 66 de la Ley 30/1992 sobre conversión de actos viciados y conservación de actos y trámites, ya que la nulidad radical del acto de aprobación inicial, con el que se inicia el procedimiento de implantación y modificación de las ordenanzas fiscales, determina -como es obvio- la nulidad de todo lo actuado con posterioridad, y, por tanto, su inexistencia jurídica, sin que de este modo sea posible conversión alguna de dicho acto de aprobación inicial al no contener los elementos constitutivos del de aprobación definitiva, y ello por faltarle un elemento esencial: precisamente el elemento que determina su nulidad, esto es, el quorum necesario para su adopción. Cosa distinta hubiera sido si el Ayuntamiento, tras advertir el error, hubiese declarado de oficio la nulidad del acto de aprobación inicial, en cuyo caso el acto de aprobación definitiva adoptado por mayoría absoluta podría haberse conservado como acto de aprobación inicial y a partir de ahí reiniciar el procedimiento con un nuevo período de información pública. Cosa que, sin embargo, no hizo la recurrente".

No presente suposto atopámonos ante unha situación que presenta algunha similitude coa sentenciada: un acto de aprobación dunha disposición xeral ao que se outorgou efectos de aprobación definitiva sen a preceptiva e previa tramitación da información pública.

O citado acto de aprobación, cumpre a totalidade dos requisitos procedimentais e formais dun acto de aprobación inicial, natureza esta que xa lle foi outorgada polo informe emitido pola Secretaría Xeral o día 21 de xuño de 2018.

En consecuencia, dos antecedentes existentes nesta Asesoría Xurídica non parece encontrarse impedimento algún para que o Pleno acorde converter o acto de aprobación definitiva do Regulamento Orgánico Provincial nun acto de aprobación inicial, e continuar coa tramitación do procedemento.

En CONCLUSIÓN,

1º A aparente vulneración do procedemento de elaboración do Regulamento Orgánico Provincial é de tal magnitude que determina a súa invalidez.

2º Dos antecedentes existentes nesta Asesoría Xurídica non parece atoparse impedimento algún para que o Pleno acorde converter o acto de aprobación definitiva do Regulamento

Orgánico Provincial nun acto de aprobación inicial, e continuar coa tramitación do procedemento.

INFORME DO SECRETARIO XERAL EN FUNCIÓNS

ASUNTO: ACORDO DE APROBACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO.
AVALIACIÓN DA CORVERSIÓN DO MESMO.

“Por esta secretaría solicitouse da Asesoría Xurídica se informase en relación coa situación e perspectivas procesuais, así como posibles solución a controversia xurídica con motivo do recurso contencioso administrativo interposto contra o Regulamento Orgánico aprobado polo Pleno en sesión do 26 de xuño de 2018.

ANTECEDENTES

1º.- O Pleno da Deputación na súa sesión do 26 de xuño de 2018 adoptou o acordo de aprobar regulamento orgánico. No referido acordo non se concreta a natureza de tal aprobación, publicándose o texto articulado do mesmo no BOP de 26 de xullo de 2018.

2º.- Examinado o expediente de tramitación observase que non consta a aprobación provisoria nin a preceptiva información pública

3º.- Na consideración terceira do informe emitido pola Asesoría Xurídica e asinado polos tres letrados/as da mesma e polo seu Director, en relación coas posibles solucións á controversia, maniféstase:

“Terceira.- Posibles solucións á controversia.-

A actual Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas ao regular a conservación dos actos administrativos non contén modificación algunha respecto da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

En consecuencia, tanto a xurisprudencia como a doutrina elaborada durante a vixencia da Lei 30/1992, de 26 de novembro, seguen sendo plenamente aplicables.

O vixente artigo 50 da actual Lei 39/2015, de 1 de outubro, establece o seguinte:

“Los actos nulos o anulables que, sin embargo, contengan los elementos constitutivos de otro distinto producirán los efectos de éste.

Se ben o obxecto da impugnación é un regulamento orgánico, é dicir, unha disposición xeral, non podemos esquecer que a súa tramitación, incluíndo o acto de aprobación, ten natureza de acto administrativo.

A conversión dos actos nulos ou anulables é unha técnica mediante a cal se consegue que un acto inválido poida producir efectos válidos diferentes aos previstos polo órgano que o produciu e que por outra banda completa e xustifica o principio xeral de conservación dos actos da administración. En relación con esta figura a Lei prefere moverse no plano da eficacia antes que no da invalidez, sendo a figura da conversión eficaz dende a data do acto constitutivo do seu obxecto.

En canto aos requisitos exixibles para que sexa posible a conversión, resulta pacífico que o acto que pola súa ilegalidade non poida producir os efectos buscados deberá reunir todos os requisitos de validez que se esixan ao novo acto no que vaia a converterse.

A posibilidade de aplicar a figura da conversión ás disposicións de carácter xeral, dado que unicamente no momento de rematar o procedemento de aprobación é cando alcanzan a natureza normativa -con anterioridade soamente existen actos administrativos- foi recoñecida pola xurisprudencia.

Por todas, pode citarse a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Castilla-León, sede Burgos (Sala de lo Contencioso-administrativo, Sección segunda) de 15 de marzo de 2010, que resolve o recurso interposto fronte a aprobación definitiva da Ordenanzas fiscais reguladoras de determinados impostos e taxas, sendo o motivo de impugnación que o expediente se aprobou antes do remate do trámite de audiencia.

Na citada sentencia sinálase:

““Del mismo modo, tampoco resulta posible la aplicación al caso que nos ocupa de lo dispuesto en los arts. 65 y 66 de la Ley 30/1992 sobre conversión de actos viciados y conservación de actos y trámites, ya que la nulidad radical del acto de aprobación inicial, con el que se inicia el procedimiento de implantación y modificación de las ordenanzas fiscales, determina -como es obvio- la nulidad de todo lo actuado con posterioridad, y, por tanto, su inexistencia jurídica, sin que de este modo sea posible conversión alguna de dicho acto de aprobación inicial al no contener

los elementos constitutivos del de aprobación definitiva, y ello por faltarle un elemento esencial: precisamente el elemento que determina su nulidad, esto es, el quorum necesario para su adopción. Cosa distinta hubiera sido si el Ayuntamiento, tras advertir el error, hubiese declarado de oficio la nulidad del acto de aprobación inicial, en cuyo caso el acto de aprobación definitiva adoptado por mayoría absoluta podría haberse conservado como acto de aprobación inicial y a partir de ahí reiniciar el procedimiento con un nuevo período de información pública. Cosa que, sin embargo, no hizo la recurrente””

No presente suposto atopámonos ante unha situación que presenta algunha similitude coa sentenciada: un acto de aprobación dunha disposición xeral ao que se outorgou efectos de aprobación definitiva sen a preceptiva e previa tramitación da información pública.

O citado acto de aprobación, cumpre a totalidade dos requisitos procedimentais e formais dun acto de aprobación inicial, natureza esta que xa lle foi outorgada polo informe emitido pola Secretaría Xeral o día 21 de xuño de 2018.

En consecuencia, dos antecedentes existentes nesta Asesoría Xurídica non parece encontrarse impedimento algún para que o Pleno acorde converter o acto de aprobación definitiva do Regulamento Orgánico Provincial nun acto de aprobación inicial, e continuar coa tramitación do procedemento”

EN CONCLUSIÓN,

1.-A aparente vulneración do procedemento de elaboración do Regulamento Orgánico Provincial é de tal magnitude que determina a súa invalidez.

2.- Dos antecedentes existentes nesta Asesoría Xurídica non parece atoparse impedimento algún para que o Pleno acorde converter o acto de aprobación definitiva do Regulamento Orgánico Provincial nun acto de aprobación inicial, e continuar coa tramitación do procedemento”

Así as cousas, procede que por esta secretaría se emita informe en relación á referida consideración.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- EN RELACIÓN AO INFORME DA ASESORÍA XURÍDICA.

Asúmese integramente o informe emitido pola Asesoría Xurídica e, concretamente, as valoración de que estamos diante da omisión total do procedemento establecido para a aprobación

de Regulamentos. Procedemento que non é outro que o establecido polo artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, precepto no que se establece sinteticamente o seguinte procedemento:

-Aprobación provisoria polo Pleno co quorum da maioría absoluta legal.

-Información público polo prazo de trinta días hábiles.

- Resolución das alegacións, no seu caso.

- Resolución das alegacións e aprobación definitiva polo Pleno. De non presentarse alegacións, o acordo de aprobación provisoria pode ser elevado a definitivo sen máis trámite se así o dispón o acordo provisório.

- Publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia

A súa entrada en vigor queda demorada até que transcorra o prazo do artigo 65.5 en relación co 70.2, ámbolos dous da Lei 7/1985 , do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

A falta total de procedemento establecido para o exercicio da potestade normativa local, soamente debería ter como consecuencia a cualificación como acto nulo de pleno dereito o acto administrativo entendido como acto de aprobación definitiva, tal vicio formal ou procedimental ao ter efectos ex tunc (dende o comezo), implica a necesidade de tramitar de novo o procedemento desde o acto convertido, é dicir, desde a aprobación – agora provisional ou inicial- do 26 de xuño de 2018

Así as cousas, na presunción fundada de que o TSXG declare nulo o Regulamento Orgánico, este non despreza efecto xurídico algún ata a aprobación definitiva, xa que o procedemento queda retrotraído ao momento da súa aprobación inicial, operándose a súa desaparición en canto norma regulamentaria do ordenamento xurídico, así como a dos actos ditados na súa execución.

SEGUNDA.- SOBRE A CONVERSIÓN DE ACTOS NULOS

A conversión dos actos nulos ou anulables, é unha técnica mediante a cal un acto inválido pode producir outros efectos válidos distintos dos previstos polo seu autor, e que reforza a idea da existencia dese principio xeral de conservación dos actos xurídicos.

En relación coa conversión dos actos nulos ou anulables, a Lei móvese no plano da eficacia, non no da invalidez . Non se dá validez ao que non o era, é e seguirá sendo radicalmente nulo.

No en tanto, o artigo 50 da Lei 39/2015, d o 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, contempla non só os actos nulos, senón tamén os anulables. Dito o anterior, a conversión é unha técnica propia dos actos nulos xa que, nos supostos de anulabilidade o máis apropiado resulta acudir á convalidación. Agora ben, a inclusión da conversión de actos anulables parece acertada, posto que o acto de convalidación produce normalmente efectos desde a súa data e non sempre caberá a súa retroacción ao momento en que se ditou o acto convalidado, mentres que a conversión, aínda que sexa necesario ditar un acto formal para producila, é eficaz desde a data do acto constitutivo do seu obxecto .

Pola conversión dáse vida a outro acto distinto. Desaparece o acto inválido -nulo ou anulable- e nace outro novo, operándose unha sorte de transformación, porque o acto desaparece, aínda que, ao existir nel elementos que, a tenor do Ordenamento xurídico, son constitutivos doutro distinto, danse os efectos propios deste; o acto do que derivan os efectos que subsisten é, xa que logo, un acto novo.

Parafraseando o texto legal pode afirmarse que a conversión é a técnica en cuxa virtude un acto nulo ou anulable que, con todo, conteña os elementos constitutivos doutro distinto, produce os efectos deste.

O fundamento do instituto da conversión é o principio de conservación dos actos xurídicos (favor acti). O interese xeral que guía o acto administrativo demanda o mantemento do que poida ser conforme a Dereito do acto viciado.

Trátase dunha conversión legal, é dicir, imposta con carácter xeral polo lexislador. O artigo expresa un mandato para que todos, con ocasión do exame da ilegalidade dun acto, observen si contén elementos que poidan dar vida a outro acto distinto e así o declaren.

Tribunal Supremo de 11 de setembro de 1991, Ar. 6593, e 15 de xaneiro de 1992, A. 599. Na primeira examínase a conformidade a Dereito do Decreto da Alcaldía de Murcia de 26 de maio de 1988, polo que rectificaba un orzamento provisional aprobado pola Corporación o 24 de marzo de 1988, ignorando a posterior aprobación definitiva de 19 de maio, aínda que conforme con ela respecto da incorporación dunha partida ao estado de ingresos procedente dunhas operacións de crédito. A sentenza, logo de recordar que ao Pleno da Corporación corresponde a aprobación do orzamento e ao Alcalde só o seu execución, afirma no fundamento xurídico quinto:

“Non entanto, aínda que os argumentos anteriores determinasen a nulidade de pleno dereito do Decreto do Alcalde como ditado por órgano manifestamente incompetente, non pode

esquecerse que a actuación era materialmente correcta como antes díxose, polo que hai que considerar a posible aplicación do principio de mantemento da validez dos actos que invoca a representación letrada do Concello.

(...)

En consecuencia, hai que aplicar no caso de autos o artigo 51 da Lei de Procedemento Administrativo, apreciando que o acto é nulo, pero que contén os elementos constitutivos doutro distinto e produce os efectos destoutro, é dicir, os de iniciar a execución dun orzamento equilibrado que, tanto no estado de gastos como no de ingresos, incorporaba partidas anteriormente aprobadas polo Pleno da Corporación. Deste xeito, procede aplicar no caso de autos o principio de defensa de validez dos actos, en cumprimento da Lei de Procedemento Administrativo, tendo en conta que o acto do Alcalde axústase materialmente á legalidade.”

Na segunda sentenza examínase tamén un acto de Alcaldía (San Bartolomé de Tirajana) que creou unhas Comisións informativas:

“O acto impugnado é, en canto creador de Comisións informativas, un acto nulo de pleno dereito, ex art. 47.1 a) da vixente Lei de Procedemento Administrativo, ao ser ditado por órgano manifestamente incompetente, sendo a incompetencia absoluta, manifesta e grave ao ser esencial a competencia do Pleno grave ao ser esencial a competencia do Pleno da Corporación nestes casos pola transcendencia das Comisións e a súa composición, que debe respectar a proporcionalidade política do Pleno (arts. 78 e 79 da Lei canaria 8/1986). Así parece admitilo o propio Concello apelante que obxecta, no entanto con gran insistencia, que o Acordo do Pleno dei Concello do 29 de xuño de 1988 xa había anulado ou convalidado a resolución impugnada polo que o proceso contencioso carecía de obxecto desde o principio e a declaración de nulidade foi innecesaria xa que o acordo posterior -afírmase- derogou o impugnado.”

Como di o fundamento xurídico segundo, o acordo de 29 de xuño de 1988 só coñeceu o acto do Alcalde, polo que subsistiu sen ser anulado, a máis diso que por ser nulo de pleno dereito tamén era insusceptible de convalidación, e a continuación razoa sobre a conversión do actos:

“Asiste, con todo, a razón á apelante nun punto, por canto pode aceptarse que o Acordo de 26 de xuño de 1988 conferiu unha eficacia, sequera distinta do que se esforza en alegar, ao acto do Alcalde que, en canto Acordo, era nulo. Procede declarar en efecto, en virtude do principio do favor acti e ao amparo do disposto no art. 51 da Lei de Procedemento Administrativo, a conversión do citado acordo nulo en acto de proposta de creación de Comisións informativas,

proposta que o Pleno aprobou, ademais, no apartado segundo do Acordo do 19 de xuño de 1988. Con todo, dita conversión non implica conferir eficacia algunha, en canto tal, na súa calidade de acto pretendidamente creador das Comisións, ao Acordo anulado cuxa nulidade é obrigado manter. A única eficacia que a conversión confire ao Acordo é a que de que, ao conter os elementos dunha proposta (esixida ademais polo art. 78.2 da Lei autonómica), puido despreñar validamente os efectos de proposta do Alcalde ao Pleno da Corporación, e só estes.

Terceiro.- Procede xa, en base ao razoado, estimar parcialmente o recurso de apelación presentado polo Concello de San Bartolomé de Tirajana no único punto de declarar a conversión do acto do Alcalde de 20 xullo de 1987 -nulo de pleno Dereito- nunha proposta ao Pleno do Concello(...)

A conversión precisa dun acto declarativo da produción do suposto normativo de devandito precepto. En vía administrativa, posto que a Lei non arbitra procedemento específico algún. A respecto dicir que na miña opinión normal será que o exame e declaración de conversión insíranse no procedemento ordinario -de oficio ou a instancia de persoa interesada- de adopción de acordos polo Pleno: Proposta de acordo, informes emitidos ao efecto e acordo plenario de converter o acto viciado, neste caso adoptado pola maioría absoluta legal.

En relación a aplicación do instituto da conversión de actos aos actos de aprobación de disposicións administrativas de carácter xeral, adhirome ao informado pola Asesoría Xurídica.

EFFECTOS DA CONVERSIÓN

A conversión ten eficacia ex tunc – dende o comezo- é dicir, desde a data do acto nulo ou anulable, xa que desde ese momento existiron os elementos constitutivos do acto convertido: proxecto articulado de R.O., informe de secretaría, ditame da Comisión Informativa correspondente, e acordo plenario de aprobación adoptado co quorum exixido.

Corolario do anterior é que o Regulamento Orgánico, non despreña efecto algún ata a aprobación definitiva, xa que o procedemento queda retrotraído ao momento da súa aprobación inicial, operándose a súa desaparición, en canto norma regulamentaria vixente, do ordenamento xurídico, así como a dos actos ditados na súa execución.

CONCLUSIÓN

Ao entender desta secretaría xeral en funcións o acto de aprobación, considerada como definitiva, do Regulamento Orgánico é susceptible de conversión en acto de aprobación inicial, de forma que a partir da mesma deba proseguir o procedemento de aprobación do mesmo ata ata que a mesma sexa definitiva.

A esta proposta presentase emenda polo Sr. Deputado no adscrito, que textualmente di o seguinte:

“Que, no prazo máximo de cinco días hábiles, a contar desde a devandita aprobación inicial, se someterá a información pública e audiencia aos interesados dita aprobación inicial polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, debendo aparecer publicada dita información e audiencia no Boletín Oficial da Provincia, dentro daquel prazo máximo de cinco días hábiles.

Transcorrido o prazo de información pública e audiencia aos interesados sen que se presente ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional.

De presentarse reclamaciones e suxestións, dentro daquel prazo de trinta días convocarase un Pleno desta Corporación, no prazo máximo de cinco días, a contar da finalización do prazo de trinta días xa mencionado, para a aprobación definitiva do Regulamento Orgánico.

Unha vez aprobado definitivamente devandito Regulamento, no prazo máximo de cinco días, a contar da devandita aprobación, publicarase integramente o devandito Regulamento no Boletín Oficial da Provincia, a efectos da súa entrada en vigor”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“Hoxe o Goberno da Deputación Provincial, actuando con total e absoluta responsabilidade, vese na obriga de traer a este Pleno, como así fixo nesa Comisión Informativa, unha proposta de conversión do acordo de aprobación do seu Regulamento Orgánico.

Para que todo o mundo o entenda, a proposta que hoxe se trae aquí trátase da conversión dun acto nulo ou anulable, que é unha técnica mediante a cal se consegue que un acto que é inválido poda producir efectos válidos segundo se recolle no artigo 50 da Lei 39/2015. Esta conclusión extraése dos informes tanto da Asesoría Xurídica coma da Secretaría da Institución a raíz da interposición dun recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra a aprobación do citado Regulamento.

A interposición do citado recurso foi notificada o un de outubro e veu acompañada dunha dilixencia na que se outorgaba á Deputación de Lugo un prazo de dez días para opoñerse á medida cautelar solicitada polos recorrentes, o que motivou, dada esa urxencia, que o Presidente, de acordo co establecido no artigo 34.1. letra i) da Lei de Bases de Réxime Local, na que se di literalmente que “o exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa da Deputación nas materias da súa competencia, incluso cando as tivese delegado noutros órganos, e, en caso de urxencia, en materias da competencia do Pleno, neste último suposto dando conta ó mesmo na primeira sesión que celebre para a súa ratificación”, aprobara un decreto no que ordenaba a comparecencia da Deputación no recurso contencioso a través da Asesoría Xurídica, a remisión do expediente ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e o emprazamento de tódolos interesados; extremo que hoxe tamén traemos aquí no marco desta proposta.

Trátase de actuar coa máxima lealdade ó Pleno, por iso parece lóxico que se lle encomende á Asesoría Xurídica dada a premura na que isto se realiza. Fáganme caso, a conversión é a mellor saída que todos podemos ter a este esperpento no que se ten convertido a aprobación do Regulamento, non porque o diga eu, nin tan sequera porque o diga o Goberno Provincial, senón porque o din os informes pertinentes e que estou seguro que todos teñen na súa posesión.

En ámbolos dous casos deses informes, que estou seguro que todos leron, destácase por riba e máis aló de entrar no fondo da cuestión debatida xa ata en oito ocasións, polo cal está máis

que debatido, que a súa proposta de Regulamento Orgánico omitiu totalmente o procedemento de elaboración e aprobación dunha disposición de carácter xeral, o que supón unha quebra fundamental do mesmo, esa aparente vulneración do procedemento de aprobación das normas é de tal magnitude xa que nin respecta a aprobación provisoria nin a preceptiva información pública dos trinta días hábiles.

Pola contra, o que hoxe se ofrece aquí é unha alternativa que presentamos e que tamén levamos a esa Comisión Informativa, a aprobación da conversión garantiría transformar o acto de aprobación definitiva do Regulamento Orgánico Provincial nun acto de aprobación inicial, e continuar así coa tramitación do procedemento, sen vulneralo e polo tanto sen consideralo inválido. E polo tanto esta é a proposta que hoxe traemos aquí, que defendemos, e cremos que é a proposta que, con maior lealdade a este Pleno, se pode traer, que ofrece garantías e unha saída digna a tódolos que estamos aquí hoxe”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Grazas Sr. Presidente por deixarme iniciar esta rolda neste Pleno. Despois de escoitar ó voceiro do Grupo Socialista a verdade é que quedo non sei se desnortado se lixeiramente sorprendido.

Pero vanme permitir que faga unhas pequenas digresións sobre o que pasa nesta Deputación Provincial, que parece ser que é un esperpento, e aí podemos coincidir todos; pero obviamente os esperpentos veñen propostos sempre e incitados polo Grupo que goberna.

Imos celebrar corenta anos da Constitución Española, e os que somos partidarios do réxime do 78, iso que algúns agora denostan pero que permitiu a época de maior desenvolvemento e prosperidade neste país, os que viñamos do réxime anterior porque nos tiñamos criado alí e tiñamos estudado, tivemos que poñernos ó día sobre que era a democracia, o que era a dereita, o que era a esquerda, porque obviamente todo iso non se debatía.

Entonces a editorial Destino fixo unha publicación, uns opúsculos, onde explicaban claramente o que era a democracia, o que era a dereita e a esquerda, que imaxino que pasarían a mellor vida, eu tamén llelos prestaba pero hai que lelos, e para algúns ler é bastante complicado, pero eu remitiríao porque probablemente hoxe en Internet haxa tamén medios e recursos para saber o que é a democracia; porque obviamente aquí vostedes non se enteraron de como funciona o sistema de maiorías e de minorías e o que están facendo é oposición á oposición; esta é a primeira Institución deste país que eu coñeza nos corenta anos que levo en política onde o Grupo de Goberno leva sistemáticamente aquilo que non lle gusta ó Xulgado, debemos ter cinco denuncias xudiciais do Grupo de goberno contra a oposición.

E é verdade que ó mellor teñen razón, non lles quero limitar o dereito a recurrir nin a que vaian a onde consideren mellor, pero tamén é certo que cando estaba preparando isto, porque sempre procuro informarme, vin que por parte de membros do Goberno socialista protestaban e dicían cousas como isto: “el PSOE llevará al próximo pleno del Congreso una reforma del Reglamento para evitar bloqueos de la tramitación de las Leyes”, algo que a maioría que está nesta Deputación fixo, levar un Regulamento no que vostedes nos estiveron toureando durante tres anos, tomándonos o pelo literalmente, que tivo que ser aprobado por urxencia porque vostedes non cumpriron nin unha soa vez ningún dos acordos que se tomaron sobre a redacción dese Regulamento, incluso non dubidaron en recurrir a argucias xurídico administrativas para tratar de boicotealo. Entonces, se fan o favor, é bo que lle fagan caso ó Grupo do PSOE de Madrid que algo lles terá que dicir. Pero non é só iso, a Vicepresidenta “le pide a Casado que sea un patriota, respete la mayoría absoluta del Congreso, y no trabaje contra España”; eu voules pedir o mesmo pero a nivel provincial, que sexan patriotas, que defendan os intereses da provincia, que respecten a maioría absoluta que hai nesta Deputación, e traballen por esta provincia.

E non vou falar do que di aquí o voceiro do Partido Socialista de “argucia” e “esperpento”, pois tan malo non debe ser cando tratan de amañalo e veñen agora con esta revogación para tratar de amañar iso que non fixo mal a maioría que aprobou o Regulamento, fixérono mal vostedes con premeditación e aleivosía, porque se frotaban as mans pensando que non cumprindo o que lle dicían os informes dos dous Secretarios, outra cousa é o contido, estarán de acordo ou non, xa dirá o Xulgado o que teña que dicir en canto a cal é correcto e cal non, pero obviamente os dous

informes dos Secretarios, un deles con bastante tempo de antelación xa que é de marzo de 2017 no que no punto sexto dicía que en relación á tramitación conforme ó artigo 49 da Lei 7/85, aprobación provisional co quorum, información pública, resolución, é dicir explicáballelo claramente; o mesmo volvía repetir un informe do Secretario, que non se nos achegou cando se debateu por urxencia pero que estaba feito unha semana antes, por desgraza non está o Secretario aquí para dar fe pero poñíao claramente ó final “o devandito acordo que terá a consideración de aprobación inicial deberá publicarse cun período de trinta días de información pública..”, o mesmo que dicía o outro Secretario. Este informe non sei se lle chegou a algún Grupo, a min non me chegou, tívenme que facer con el pedindo a documentación para este Pleno. Ou sexa que vostedes intencionadamente omitiron este informe e agora din que nós omitimos os pasos.

E é certo que unha emenda deste Deputado non adscrito poñía un prazo de publicación de dez días e que entrara en vigor ó día seguinte como debe ser para calquera publicación, pero obviamente se cadra esqueceume dicir “respectando os trámites administrativos xurídicos que lle corresponden a calquera tramitación”, e que, repito, lle reiteraron e dixeron por activa e por pasiva os Secretarios desta Institución, por certo prazo que tampouco cumpriron porque publicaron o Regulamento un mes e pico despois cando lles pareceu. Nesta Institución o que pasaba, e esperemos que non se repita, é que cando hai un problema de tipo administrativo ou xurídico os Servizos desta Deputación teñan que corrixilos e comunicalo.

E agora véñennos co seguinte paso, presentan unha demanda oito dos dez Deputados, dous non sei porqué, será porque un é Presidente e tería que cumprir o acordo e outro será porque asina os papeis, iso non nolo explicaron. E eses oito Deputados frótanse as mans, van ó Tribunal Superior de Xustiza presentar unha demanda contra o Regulamento, pero algo debeu pasar que a están, con perdón da expresión, “envainando”, veñen cunha revogación que ten, polo que di algunha xente e se escoita polos pasillos, unha intencionalidade política clara que é que este Regulamento non entre para o debate de Presupostos, pero a mín dáme igual debater os Orzamentos co anterior Regulamento ca con este; pero esas son as manobras dilatorias destes señores que se especializaron basicamente niso.

Porque o subsanan?, obviamente eu entendo que porque hai unha responsabilidade clara, non sei se do Grupo de Goberno, se do Presidente, se dalgún funcionario, porque eu aínda non encontrei nin se me pasou o Decreto que mandou publicar ese Regulamento, non sei se existe ou non”.

Neste momento por parte do Sr. Presidente indícase ó Sr. Deputado non adscrito que debe ir rematando a intervención.

Continúa o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez na súa intervención, no seguinte sentido:

“Eu pediría o mesmo trato que outras veces lle dá a outros deputados do Grupo socialista. Entendo que non lle guste o que lle digo, pero a realidade é esa. E o que fan é que o Grupo de Goberno demanda á oposición, e ponnos os avogados, con tódolos respectos para os Servizos xurídicos; vostede explíquelles a un paisano desta provincia que eu o denuncio e lle vou poñer o avogado que o vai defender, probablemente el xa se entregue e diga que non falta ir ó Xulgado; pois iso é o recurso que hai aquí, porque hai un conflito claro de intereses, eu creo que ós membros dos servizos xurídicos debían ter aplicado a incompatibilidade, porque tivemos unha Xunta de Voceiros da que non se quixo levantar acta tampouco, non sei se é que non interesaba ou non se pode, xa o dirá o Sr. Secretario.

Os servizos xurídicos da Deputación a quen defenden?, ó Grupo de goberno que demanda ou ó Grupo maioritario ó que lle queren tirar unha proposta aprobada aquí de acordo coa lexislación vixente e coa maioría que o ampara?, que mo expliquen”.

O Sr. Presidente indícalle ó Sr. Deputado non adscrito que debe rematar a súa intervención porque leva rebasado o tempo en dous minutos.

Continúa o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, na súa intervención, no seguinte sentido:

“Se vostede mantén a mesma norma para todos remato xa, pero dous minutos máis para todos, xa llo contarei no próximo turno. E por certo, voulles pasar unha emenda para evitar que haxa novas argucias políticas e máis dilacións que é o que xogan vostedes para ver se remata a lexislatura, que se vai acabar, estean tranquilos, para incluír na proposta do Goberno, se é así votaría a favor e senón votaría en contra”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Isto xa se ten debatido longo e tendido, e creo que non hai moito máis que dicir. A fin de contas aquí vense constatar aquilo de que o que mal empeza mal acaba; dende o BNG sempre mantivemos que un Regulamento que fora aprobado no seu día, xa hai anos diso, por unanimidade calquera cambio que se fixera tiña que facerse por unanimidade. De que isto non ocorrira non lle boto a culpa só neste caso ó Partido Popular e ó Sr. Deputado non adscrito, senón que creo que o Goberno tamén tivo a súa culpa por non intentar chegar a ese consenso antes de que isto se producira. Iso non xustifica que unha parte deste Pleno intente impoñerlle un Regulamento á outra parte, co cal nós non podemos estar de acordo con ese tipo de actitudes nin de funcionamento.

Insisto, un Regulamento aprobado por unanimidade ten que ser modificado por unanimidade, é a única maneira posible de que o Regulamento sexa para todos porque senón será só un Regulamento para unha parte, e iso non ten ningún tipo de discusión.

Ó mesmo tempo tamén temos que dicir que no Regulamento que se aprobou no seu momento votamos en contra aínda habendo artigos cos que podíamos estar de acordo, hai outros cos que non só non estamos de acordo senón que cremos con toda a sinceridade e con toda a humildade da nosa opinión que contradín a propia lei xeral, que van contra o que é a ética política e contra as leis xerais que regulan o funcionamento das Administracións Locais neste caso.

E para rematar dicir que eu entendo as dúbidas que poidan ter neste caso algúns Deputados coa propia asesoría xurídica da Deputación, pero eu considero, pola experiencia que dende o BNG tivemos con eles, que hai que ter plena confianza no seu criterio e se eles consideran que poden

defender os intereses da Deputación, con independencia das presións duns e doutros, que o fagan; e estou convencido ademais que se eles consideraran que iso non é así o dirían e apartaríanse e deixarían que foran outros quen defenderan os intereses; estou convencido da súa profesionalidade e de que o farán dese xeito se consideran que non son independentes para actuar non o farán.

Dicir tamén que en principio parécenos ben a proposta que fai o Goberno neste caso”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Díciame o Sr. Martínez que estaba desnortado coa intervención do Sr. Rivera, nós non estamos desnortados senón que estamos absolutamente abraiados, porque maior exercicio de hipocrísia e de cinismo é imposible. En primeiro lugar estamos a falar do que é un auténtico dislate, unha chapuza do principio ó fin en todo este asunto, feito exclusivamente polos representantes do Partido Socialista nesta Institución; e hai dúas opcións, ou o fan coma unha argucia intentando que non se cumpran nesta lexislatura os acordos que democráticamente toma este Pleno, o cal está no límite do fraude da Lei e tamén da ética mínima dun Deputado; ou a segunda opción simplemente que estamos ante o exército de Pancho Villa na casa de tócame Roque.

En todo caso o tema do Regulamento é fácil de analizar, no 2017 este Grupo xa iniciou e propuxo neste Pleno a renovación e a modificación do Regulamento porque hai uns datos absolutamente obxectivos que así o benefician; en primeiro lugar tiñamos un Regulamento que non estaba axustado aos cambios lexislativos en moitos asuntos, en segundo lugar estamos nunha lexislatura especial na cal hai un goberno en minoría que nace dunha moción de censura feita ó Grupo de Goberno que é o Partido e o Grupo Provincial que gañou as eleccións, e que se rompe ós dous meses, porque estaba sustentada simplemente en acordos entre persoas a título privado e que nunca se deu acabado de explicar.

Con esa situación é lóxico que o Pleno desta Deputación teña un carácter reforzado e cunha capacidade para controlar a este Goberno en minoría, que iso no fondo é o que lles molesta, e así o demostraron tamén en Suplusa onde xudicializaron os acordos do Consello de Administración e da

Asemblea Xeral, e a mesma estratexia a montan aquí; trátase por tanto de impedir a toda costa que se cumpran os acordos democráticos deste Pleno por maioría absoluta. Non podemos estar de acordo co que di o BNG de que este acordo tiña que ser por unanimidade, iso sería o ideal pero moi poucas veces se consegue, e tamén iso xustifica o dereito a veto das minorías, porque unha persoa non estea de acordo xa non se pode aprobar logo un Regulamento nin unha Lei?, non, eu creo que en democracia son as maiorías as que deben impoñer os seus criterios.

O voceiro do Grupo Socialista di que isto o traen coma un exercicio de responsabilidade, ante a súa chapuza?; di tamén que isto é un esperpento do acordo do Pleno, pois non foi tal senón que o Pleno acordou unha proposta de modificación, foron vostedes, o Sr. Presidente e vostede mesmo como firmante dos Decretos, quen incumpriron o acordo do Pleno e quen fixeron unha chapuza cunha mala tramitación, cunha mala cualificación do acto, e cunha mala publicación, tratando coma un acto definitivo o que era un acto provisorio.

Despois fala de que tiveron coñecemento dun recurso, mire non tiveron coñecemento dun recurso a través da notificación dos servizos xurídicos desta Deputación senón que foron vostedes os que presentaron o recurso, é certo que encima facendo unha trampa porque non o presentaron todos, preséntano oito Deputados e quedan dous na retagarda para agora poder tomar este tipo de decisións e estar nunha batalla política ou xudicial dos dous lados, o cal alo menos moi ético non é, non é normal que oito Deputados do Partido Socialista desta Deputación estean recurrido un acordo da propia Deputación e dous queden do lado da Institución para levar o tinglado adiante, ético non é. Entonces o que nos pode pasar é que agora nós temos que votar o que é unha chapuza de vostedes, o que é unha estratexia ou simplemente unha incapacidade para xestionar cun mínimo de rigor, e unha falta de ética importante nun asunto coma este.

Entonces atopámonos agora co que temos, xa non sabemos se é peor o remedio ou a enfermidade, porque con este recurso, tal e como fixeron en Suplusa, o único que pretenden é que non se cumpran os acordos dos órganos colexiados maioritarios, que non se faga exercicio da democracia, pero encima facendo trampas, porque recúrrano logo todos, convoquen un Pleno extraordinario e que ese Pleno faga unha proposta con respecto a iso, pero non o fixeron, resulta que o Sr. Presidente, que está dos dous lados do exército, xa ditou un Decreto e agora nós temos

que ratificalo; en calquera dos dous posicionamentos xa non funciona ben esta Casa, porque se non se ratifica o Decreto o que ocorre é que un acto que en principio é nulo e que probablemente os vai beneficiar xudicialmente a vostedes que son os recurrentes, se o ratificamos volvémonos atrás e resulta que o que era un Regulamento que xa tiña que estar en vigor, e tanto tiña que estar en vigor que despois imos tratar nun punto que se está aplicando o novo Regulamento, e resulta que nos retrotraemos e volvemos á aprobación inicial, e temos que volver expoñelo ó público.

En resumo, un auténtico despropósito, e dúas posibilidades, ou que vostedes non actúen lexítimamente e sexan uns auténticos fraudulentos no exercicio da Lei, ou que vostedes sexan uns chapuzas impresentables, e máis aínda para vir presumir de exercicio da responsabilidade como di o Sr. Rivera, o señor que asinou o Decreto; por tanto un pouco de seriedade.

Temos coñecemento aquí da presentación dunha emenda por parte do Deputado non adscrito, na que básicamente o que se intenta é que, xa que temos que volver atrás nun acordo que debía estar xa en vigor e que foi aprobado lexítimamente, e insisto no de lexítimamente porque este Regulamento ven do ano 2017 e este Grupo foi o máis interesado en intentar sacalo por unanimidade, pero se se boicotea por parte de un, de dous, ou de doce Deputados o traballo non se pode aspirar á unanimidade nin se pode poñer como pon o BNG coma o *sumun* dicindo que se non hai unanimidade non hai novo Regulamento, pois non señores, é que iso conleva que as minorías, supoño que estarán pensando en vostedes mesmos, teñen exercicio de veto, porque con un ou dous que estean en desacordo xa non se pode adoptar un acordo maioritario, pois non podemos estar de acordo con ese plantexamento que fai o BNG, sei que os beneficia pero non é xusto nin é legal.

Polo tanto, volvendo á emenda do Deputado non adscrito, básicamente o que vemos é que intenta que, xa que temos que volver atrás no que era un acordo definitivo, isto se faga o máis rápido posible, intentando que na tramitación se cumpran unha serie de prazos o máis rápido posible, o cal nos parece correcto, e nese sentido si que estamos de acordo en apoiar esta emenda. O que si é certo é que con respecto á posición definitiva con esta chapuza o Grupo Provincial do Partido Popular debemos absternos simplemente porque non podemos convalidar o que é un auténtico desastre, ademais é unha estratexia moi repetida, xa a fixeron en Suplusa, vostedes denigran os acordos das institucións parecendo que todo se pode xudicializar co único ánimo de

acabar a lexislatura sen cumprir os acordos que se toman, unha estratexia no borde da democracia e da política.

O que está claro é que se ratifique ou non ese acordo, se se ratifica gáñase seguridade xurídica pero pérdese todo o que levamos avanzado, que supoño que era o que pretendían, e se non se ratifica atopámonos nunha situación dun acto que en principio é nulo ou anulable e que se vai pechar en falso, e que os vai beneficiar xudicialmente porque son vostedes os que recurren contra os acordos, e encima criticamos dunha forma moi escandalosa a súa dobre ética de que recurren oito Deputados e dous queden a gardar o galiñeiro, xa saben que os raposos non poden gardar as galiñas, e non poden estar dos dous lados do pleito. Polo tanto parécenos un auténtico despropósito e un sumun máis á súa estratexia nesta lexislatura, unha lexislatura fallida dun goberno en minoría, que simplemente non quere cumprir os acordos democráticos que toman as Institucións na provincia de Lugo”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Goberno Provincial, para dicir o seguinte:

“Despois da intervención do Sr. García chego a unha conclusión, e á vista tamén da emenda que se presenta aquí, que o Sr. García era dos que faltaba ás clases de dereito administrativo, aínda que non me estraña porque no seu Partido hai moitísimas persoas que fixeron iso, entón ben sendo habitual. Isto que ven aquí é practicamente o que lle estamos proponendo nós, ata en oito ocasións se ten debatido este tema, e penso que vai sendo hora de facelo.

Botan vostedes as mans á cabeza á hora de falar do Regulamento e das voltas que se lle ten dado aquí, pero aquí non houbo consenso, trece Deputados impuxeron un Regulamento Orgánico a pesares das advertencias, e eríxense agora aquí nos máximos representantes da legalidade, cando vostede sabe perfectamente que esta proposta que fan aquí é para sortear esa vulneración do procedemento que vostedes deliberadamente, a pesares dos informes en contra de Secretaría, levaron a cabo; advertíuselles, preguntouselles en moitas ocasións se isto se trataba dunha aprobación inicial ou definitiva, vostedes, incluso a súa voceira, dixo “remítanse ó establecido no Regulamento”, un Regulamento chapuceiro que non cumpre e que vulnera total e absolutamente o

procedemento; por iso entendo que os meus compañeiros tiveran que actuar dese xeito e que o Presidente, que sempre respecta o que lle din os informes dos distintos departamentos desta Casa, especialmente os da Asesoría Xurídica e Secretaría, actuara desa maneira.

Ademáis aclárense, porque unhas veces critican que non se cumpren os acordos plenarios e outras veces cando se executan tamén os critican, non teñen solidez nin base nas súas argumentacións; e insisto, cando a asesoría xurídica intervéñ faino porque o ten que facer, parece de recibo e creo que ninguén pon en dúbida o traballo que leva realizando esta asesoría xurídica, e non defende a ningún Grupo senón que defende ó Pleno e os intereses da Institución, iso que quede claro, igual que está facendo en moitos concellos, que temos sobrados exemplos, onde se defende a Plenos de distintas entidades locais.

Ademáis nun contexto no que se vulnera ese procedemento, no que se dispón de informes contrarios e negativos de Secretaría, no que non se respectan os trámites en orde á información pública dos trinta días hábiles, que é o que tanto o Deputado non adscrito coma vostedes están apoiando nesta emenda, a verdade é que parece que están recoñecendo que vulneraron ese procedemento. De verdade que ante esa situación comprendo a actitude que se adoptou aquí, a proposta que se trae é dalgunha maneira para que vostedes asuman ese erro e que traten de rectificar.

E para finalizar tamén dicir unha cousa, e que lles quede claro definitivamente, que a democracia esta moi ben, que a Constitución está moi ben, pero hai unha cousa que di a Constitución, e hai que lela non só mencionala, que o respecto ó ordenamento xurídico é importante. E por iso cando existen informes, normas, regulamentos, que establecen determinadas cuestións, tamén hai que respectalos, porque ó mellor algúns non somos dos 70 e somos da terceira ou cuarta xeneración pero creo que nos merecemos o mesmo respecto ca os demais”.

A continuación intervéñ o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Para facer tres puntualizacións; que non lles gusta o Regulamento xa o sabemos, pero chegamos a este Regulamento porque vostedes durante tres anos fixeron filibusterismo político total e absoluto, e agora fan de bombeiros pirómanos; durante tres anos estívoselles pedindo aquí que se discutira e se crearan comisións e non fixeron ningún caso, e agora queixanse de que se aprobe por outra vía, pois mire terán que cargar con elo, porque o filibusterismo e a obstrucción partiu de vostedes; claro que hai que respectar a lei, pero son vostedes os que non a respectan.

No procedemento administrativo, e eu non quixera aquí someter, como dixo en marzo de 2016 o Sr. Secretario, a un estrés xurídico administrativo porque non vai esta guerra con vostede, pero obviamente na propia lexislación a lei 39/2015 fala de declaración de lesividade de actos anulables, da revogación de actos e da rectificación de erros, está previsto na Lei, e isto é o que teñen que respectar; e hai que chegar a isto porque vostedes actúan con mala fe, o día da Xunta de Voceiros frotábanse as mans, o Presidente estaba exultante porque ía tirar o Regulamento.

Xa que hai unha vulneración do procedemento, que dous Secretarios en informes lles din o que hai, aínda que haxa un erro dos propoñentes que o pode haber, porque eu non son experto xurídico e podo meter a pata, pero noutras Institucións cando hai eses erros o Secretario ou o Servizo Xurídico dino, e din que camiño hai que seguir, isto é o que tiñan que ter feito vostedes porque tiñan dous informes do Secretario onde lle dicían o procedemento, quizá nós non o lemos o suficiente e non nos enteramos, e a proposta ata podía ter mala fe pero para iso estaban vostedes, para solucionalo. E isto vai ter responsabilidades, ou debe telas, algún responsable hai de que non se cumprira o trámite.

Eu coincido co BNG que pide agora unanimidade, e voulle dicir algo, aínda que o Sr. Ferreiro non ten porque sabelo, pero este Grupo, a maioría, xunto co Bloque cando gobernamos nas pasadas lexislaturas, aprobamos un Regulamento con trece votos e non pasou nada, o Grupo do BNG e Grupo Socialista cando eu era socialista, agora parece que non son e están os social arribistas porque ata me quixeron quitar da páxina web os anos que tiña botado no Partido, tamén lles molestaba.

O voceiro do BNG falaba de que tiña confianza nos Servizos Xurídicos, eu tamén, pero onde non teño confianza é no goberno, e que aquí hai un conflito de intereses claro, pois di o propio informe da Asesoría Xurídica cando Suplusa lle pide que represente a Suplusa, órgano da Deputación, e á propia Deputación nun pleito, que por certo non vou dicir se chegaron a un acordo ou non o BNG e o PSOE, pero que cheira bastante mal, onde o que se lle dixo ós Servizos Xurídicos da Deputación foi que non se presentaran, que garantía temos nós agora de que o Grupo de goberno que nos nomea o avogado que lle diga que ese día se olviden?, haberá un problema, e non vaian defender á Deputación, porque xa o fixo, e vostede sabe deste pleito señor Ferreiro e tamén o Presidente, e do amaño posterior tamén, a Deputación Provincial de Lugo non compareceu, decidiu non comparecer para beneficiar o interese de alguén.

Entonces aquí dise por parte do Servizo Xurídico que a prestación do servizo puidera orixinar conflito de intereses coa propia Deputación ou con outros destinatarios, e rexeitan a encomenda realizada pola Sociedade Urbanística Suplusa, que é unha sociedade da Deputación onde obviamente non teñen maioría absoluta, que é o que lles molesta como aquí, e devólvennos a documentación; é dicir, había un conflito de intereses para defender a Suplusa e á Deputación que incluso ata podían ser coincidentes, pero non lles interesaba porque seguen coa criminalización da oposición e sobre todo deste Deputado.

E para rematar, en canto á emenda que presento claro que é o que di a Lei, pero presento porque me enganaron xa tres veces, se cadra algunha máis, e algunha con papeis asinados e non os cumpriron, entonces como me vou fiar de vostedes?, non podo, porque tampouco o fixeron para subsanar os erros. Por tanto o que pido é que desta proposta se quite o parágrafo primeiro “en el supuesto...” ata “... extremos” e que se inclúa na proposta “Que no prazo máximo de cinco días hábiles...” ata o parágrafo final: “...a súa entrada en vigor”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Non tiña pensado intervir, pero en todo caso só para matizar algunha cousa; non é intención do BNG vetar nada, é máis, cando se falou disto noutras ocasións incluso chegamos a

dicir que a nós valeríanos o acordo dos dous Grupos maioritarios, agás lóxicamente que dalgunha maneira se vulneraran os dereitos que puideran ter neste caso as minorías; pero en principio, respectando as minorías, que estou convencido de que ningún dos dous Grupos tería intención de non facelo, valeríanos incluso o acordo de 23, de dous tercios cheguei a dicir eu aquí neste Pleno que nos valería; o que non pode ser é que a metade máis un llo impoña á outra metade.

É a primeira lexislatura na que son Deputado, pero tódalas informacións que tiven ata agora son que o Regulamento Orgánico actual deste Pleno foi aprobado por unanimidade e negociado por parte do Grupo Popular polo Sr. Barreiro, foi o que sempre se me dixo, podo estar equivocado porque non fun testemuña directa, pero o meu compañeiro foi membro da comisión que negociou ese Regulamento Orgánico que foi aprobado por unanimidade de tódolos Grupos neste Pleno.

Evidentemente ó longo dunha lexislatura hai moitas cousas que hai que aprobar por maioría simple, pero hai outras, que é o que nós defendemos, que ten que ser maioría cualificada, evidentemente ó mellor non pode ser polos 25 Deputados pero pode ser por 23 ou 22, o que falabamos sempre dos dous tercios; cando interesa si que se pon esa maioría cualificada, por exemplo para cambiar a Constitución necesítase unha porcentaxe maior cá maioría absoluta, porque se supón que a metade máis un dos Deputados do Parlamento Español non deben impoñerlle unha Constitución ó resto da poboación, por iso están as maiorías reforzadas; pois nós opinamos exactamente o mesmo para o Regulamento Orgánico desta Institución.

E, como dixen antes, non só responsbilizo a quen o aprobou senón que ten tamén moita responsabilidade neste caso o Goberno que non convocou as comisións axeitadas ou os organismo que fose para intentar chegar a un acordo co obxecto de ter un novo Regulamento, que pode ser que despois de intentalo non se chega a un acordo e entónces xa miraremos o que facemos; pero en principio cando menos intentar facer o posible e o imposible para que ese Regulamento sexa unánime.

E se isto vai para adiante, se ó final se saltan tódolos problemas xurídicos, etc., vai ser un Regulamento ata que haxa outra maioría que o cambie, porque non lle vai valer a ninguén que teña

maioría na seguinte lexislatura, nin a uns nin a outros, co cal é unha tomadura de pelo porque se os que agora propoñen este Regulamento teñen maioría absoluta na próxima lexislatura vano cambiar porque non lles interesa que o Pleno teña eses poderes. Co cal sexamos serios, sentémonos dunha vez, e fagamos un Regulamento que non sexa só para estes meses que quedan senón que perdure no tempo igual que perdurou o anterior, porque é unha tomadura de pelo para todo o mundo que estea vendo esta situación”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“En primeiro lugar botamos moito de menos que en vez dese exercicio de prepotencia que fixo o Deputado do Grupo Socialista non empezara esta ratificación do erro do Sr. Presidente por unha desculpa do propio Presidente que é o responsable de todo este erro na tramitación. Puidera ser ou porque se equivocou, que é humano e ata seguro que o entenderíamos, ou a outra versión que é a que menos nos gusta que é que non deixe de ser unha estratexia.

O único certo é que cando cheguen as sentenzas e os autos deste pleito que lideran os socialistas de ambos lados, poñerá “recurso contencioso administrativo interposto polo señor Alvaro Santos e outros contra a Deputación Provincial representada polo Sr. Darío Campos e outros”; é dicir, están vostedes como aqueles nenos que van xogar ó fútbol e levan o balón, e xogan coas súas regras porque senón non sacan o balón; iso é unha trampa, este funcionamento é absolutamente tramposo, e o único problema é que ademáis denigran á Institución como fixeron con Suplusa, rebaixan tanto a imaxe das institucións coas súas loitas de poder, coas súas gañas de incumprir os acordos, e coa súa estratexia de impoñer un goberno minoritario á maioría das competencias que ten este Pleno, que somos o faimerir de todos.

Depois é certo que a culpa non é de ninguén, sempre é de Feijóo ou da Xunta que nos maltrata a Lugo, pero aquí nin Feijóo nin a Xunta, aquí é unha auténtica chapuza todo o que se fixo e se fai, e quen sae prexudicado é o Pleno desta Deputación, como foi o Consello de Administración e a Asemblea Xeral de Suplusa e demáis, que acaban vendo os cidadáns unhas Institucións absolutamente mancilladas, manoseadas polos intereses políticos e persoais do Grupo

de goberno e que se saltan acordos que en principio democrática e legalmente tiñan que estar en vigor, e atopamos estas estratexias en que se vulneran eses acordos.

Polo tanto mantemos a abstención, pero en ningún sentido político porque dannos a elixir entre o malo e o peor, sendo os responsables e quedándose vostedes dos dous lados do pleito, unha auténtica vergoña para a calidade e para a imaxe desta Institución”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“Din polas miñas terras, Sr. García, que o medo é libre, e entendo o sentido do voto desta abstención, e expliqueille porqué; vostede como licenciado en dereito debera saber que todo procedemento ten os seus trámites, os seus pasos, e que vostedes o vulneraron a pesares de que se lles dixo por activa e por pasiva que había informes nese sentido, o que non debemos facer é ler só o que nos interesa e non a totalidade da proposta e dos informes que se presentan porque é moi fácil terxiversar o que realmente se di neses informes, e o que dín é que esa aprobación inicial nunca se produciu e que polo tanto se vulnerou o procedemento, e como tal esta proposta de conversión dun acto nulo nun acto válido, que é o que se pretende con esta proposta, é a mellor das solucións. E que no fondo entendo que con esa abstención nos están dando a razón á súa maneira, caladiñamente, como adoitan facer.

En definitiva, alégrome de que esta proposta saia adiante; esta proposta ten dúas partes, a ratificación do Decreto do Sr. Presidente, que o Presidente actúa como ten que facer e como sempre fai con estricto respecto á Institución que preside e dende logo coa máxima lealdade; e por iso, non sei o que fixo o Partido Popular neses tres meses pero imaxino que faría o que lle deu a gana, cando hai unha notificación dunha interposición dun recurso contencioso administrativo o primeiro que ten que facer o Presidente, sobre todo nun caso coma este e ante a premura, é reaccionar e ordenar á asesoría xurídica desta Deputación que se opoña a esas medidas cautelares, é o lóxico e o que di calquera norma á que tanto apelan e que despois tanto incumpren. Por iso creo que o Presidente fixo o que tiña que facer.

Por outra banda, se o Presidente o ten a ben, gustaríame que o Sr. Secretario aclare en relación coa emenda, se hai que votar de xeito independente ou se se vota xa incluída en toda a proposta, porque entendo que se ratifica por un lado o Decreto, se procede á conversión do acto nulo nun acto válido, e se incorpora esta emenda que ven dicir un pouco o que di a conversión”.

A continuación intervén o Sr. Secretario en funcións, D. Manuel Castiñeira Castiñeira, no seguinte sentido:

“Entendo que en primeiro lugar hai que votar a emenda, e se é aprobada, incorporala á proposta e a continuación votar a proposta coa emenda incluída. O Regulamento di que as emendas non son dispoñibles para o Presidente senón que é para o Pleno que é o que ten que decidir, en todo caso di que se deliberará sobre elas e se votarán antes có ditame”.

En primeiro lugar procedese á votación da emenda, e efectuada a votación e verificada a mesma, da o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor 23 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular, do Grupo Provincial Socialista, e do señor Deputado non adscrito; abstencións, 2 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a emenda presentada.

A continuación procedese á votación da proposta una vez incluída a emenda presentada, efectuada a votación e verificada a mesma, da o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor 13 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista, Grupo Provincial do BNG e do Sr. Deputado no adscrito), abstencións 12 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Pleno da Corporación, por maioría absoluta, acorda:

Prestar aprobación á transcrita proposición da Presidencia, así como a emenda presentada quedando, xa que logo, a parte dispositiva do acordo, co seguinte teor literal:

1º.- Ratificar a resolución da presidencia de data 03 de outubro de 2018 sobre a comparecencia no Recurso Contencioso Administrativo nº4283/2018.

2.- A conversión do acto de aprobación do Regulamento Orgánico, adoptado na sesión plenaria do 26 de xuño de 2018, publicado no BOP mún. 170 do 26 de xullo de 2018, que pasa a ter a consideración de aprobación provisional.

3º.- Que, no prazo máximo de cinco días hábiles, a contar desde a devandita aprobación inicial, se someterá a información pública e audiencia aos interesados dita aprobación inicial polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, debendo aparecer publicada dita información e audiencia no Boletín Oficial da Provincia, dentro daquel prazo máximo de cinco días hábiles.

Transcorrido o prazo de información pública e audiencia aos interesados sen que se presente ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional.

De presentarse reclamacións e suxestións, dentro daquel prazo de trinta días convocarase un Pleno desta Corporación, no prazo máximo de cinco días, a contar da finalización do prazo de trinta días xa mencionado, para a aprobación definitiva do Regulamento Orgánico.

Unha vez aprobado definitivamente devandito Regulamento, no prazo máximo de cinco días, a contar da devandita aprobación, publicarase integramente o devandito Regulamento no Boletín Oficial da Provincia, a efectos da súa entrada en vigor.

4.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN SOBRE OS RECURSOS DE REPOSICIÓN PRESENTADOS CONTRA O ACORDO PLENARIO DE 29 DE MAIO DE 2018, RELATIVO Á REVISIÓN E MODIFICACIÓN PARCIAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO (RPT) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Primeiro.- Visto o recurso de reposición interposto por don Jesús Montouto González, polo que logo dos antecedentes e fundamentos de dereito que consideran de aplicación solicita: *“Que se teña por presentado este escrito, sírvase admitilo e teña por interposto en tempo e forma recurso*

de reposición contra a aprobación do punto segundo do acordo adoptado en sesión ordinaria, celebrado o 29 de maio de 2018, polo Pleno da Deputación Provincial de Lugo, polo que se aprobou por maioría definitivamente o contido integro da proposta presentada na sesión Plenaria do pasado 27 de marzo de 2018, cuxo teor literal foi o seguinte:

“1º.- Estimar integramente as alegacións, suxestións e reclamacións de Dona María José Castro Darriba; Dona María José Rodríguez Franco; Don Fernando Seijas Puga; Dona María Pilar Piñeiro Vázquez; Don Sergio Castiñeira López; Don José Antonio Arias Lombardero e Don Ana Lucía Pardal Peña, con fundamento nos respectivos informes individuais da Comisión Técnica sobre as súas solicitudes.

2º.- Estimar parcialmente as alegacións, suxestións e reclamacións de Dona Dona Mónica Marras Mosquera; Dona Purificación Martul Vázquez; Don Antonio Reigosa Carreira e Dona Pilar Rei Fernández, con fundamento nos respectivos informes individuais da Comisión Técnica, sobre cada un dos escritos das citadas persoas e nos aspectos concretos e determinados que se reflicten nos mesmos; e as formuladas por Don Jesús Montouto González, nos apartados b) e d) do suplico do seu escrito de 22 de xaneiro do 2018, referidas, respectivamente, aos límites das retribucións establecidos no artigo 18 da Lei de Orzamentos Xerais do Estado e á corrección de algunha eiva ou gralla detectadas na documentación do expediente, referidas a incongruencias na denominación de determinados postos de traballo; e desestimar as formuladas nos apartados a) e c) do citado escrito, referidas, respectivamente, aos intervalos de Complemento de Destino e aos grupos e subgrupos de clasificación para o desempeño dos postos de traballo incluídos na Relación de Postos de Traballo.

3º.- Estimar as suxestións de mellora organizativa, formuladas dende diversas Áreas e Servizos nas que se estrutura a organización da Entidade Provincial, naqueles supostos que resultan coherentes coas liñas de reforzo funcional e que orientaron o deseño organizativo que deu orixe á proposta inicialmente aprobada; e que son incorporadas á RPT definitiva.

4º.- Desestimar as restantes alegacións, suxestións e reclamacións que se recollen nos escritos, presentados dentro do período de información pública, de Dona Ana López López; Don Juan Carlos Fernández Pulpeiro; Don José Miguel Traseira González; Dona Isabel Álvarez Núñez; Dona Delia López Rodríguez; Dona Teresa López Rodríguez; Don Javier Arias Fouz; Don José Antonio Arias Vázquez; Dona Edita Núñez Ramos; Dona Fanny López Ancosmede; Dona

Rosa Rey Ferreiro; Dona Carmen Tuñas Dugñol e Don Fernando Arribas Arias; con fundamento nas análises e conclusións contidas nos respectivos informes individuais da Comisión Técnica sobre as súas solicitudes.

5º.- Aprobar con carácter definitivo a RPT resultante das modificacións derivadas das alegacións, suxestións e reclamacións estimadas total ou parcialmente, dentro dos límites establecidos pola lexislación aplicable e, especificamente, polas sucesivas Leis de Orzamentos Xerais do Estado que teñan vixencia durante o período de aplicación expresamente previsto para este instrumento técnico de ordenación dos postos de traballo na proposta da Mesa Xeral de Negociación, de 1 de decembro do 2017; mantendo as restantes condicións de aplicación e demais previsións contidas na proposta inicialmente aprobada polo Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 21 de decembro de 2017. A implementación e aplicación íntegra das retribucións complementarias contempladas dentro desta proposta, que supoñan incremento das que tiñan atribuídas os postos de traballo con anterioridade; ou as correspondentes as postos que se crean como consecuencia desta proposta organizativa; realizaranse na medida en que, no momento da súa específica execución, teñan a correspondente cobertura orzamentaria na Deputación Provincial de Lugo e poidan ser articuladas pola habilitación e plena vixencia da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 ou norma legal substitutiva que faga posible a aplicación das previsións de crecemento retributivo da función pública acordado para os anos 2018, 2019 e 2020.

6º.- Aprobar definitivamente a Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo que se achega como documento adxunto e que incorpora as modificacións expresamente estimadas, derivadas das alegacións, suxestións e reclamacións, presentadas dentro do preceptivo período de información pública.

7º.- Aprobar definitivamente, nos restantes aspectos, o contido íntegro da “proposta de aprobación do acordo da Mesa Xeral de Negociación de 1 de decembro do 2017, sobre o sistema de avaliación do desempeño, procedemento de revisión da avaliación individual e creación dunha comisión técnica de revisión da avaliación, proposta de consolidación do sistema de carreira horizontal e proposta de revisión e modificación parcial da Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación Provincial de Lugo”.

Segundo.- Visto o recurso de reposición interposto por dona María Edita Núñez Ramos, que logo das alegacións que estimou oportuno facer solicita: *“Que se teña por presentado este escrito e con el por formulado o recurso de reposición contra o acordo Plenario de data 29 de maio de 2018, polo que se procede a aprobación definitiva RPT desta Deputación Provincial de Lugo e, previos os trámites, no seu día, dite nova Resolución pola que, estimando o presente recurso, suprima a consideración a extinguir do meu posto de traballo e proceda a asignarlle o nivel I en canto aos complementos de destino e específico correspondentes a tal nivel, cos efectos económicos e legais que corresponda”*.

Terceiro.- Visto o recurso de reposición interposto por dona Isabel Álvarez Núñez, polo que logo dos feitos e fundamentos de dereito que considera aplicables, en definitiva solicita: *“que tendo por presentado este escrito, o admita a trámite e se dé por interposto recurso de reposición contra a aprobación definitiva da modificación da RPT da Deputación Provincial de Lugo publicada no BOP o 20 de agosto de 2018, e solicitando que: se revalore o seguinte posto de traballo.*

Xefe de Negociado I, apoio e Tramitación Administrativa Secretaría, CD 22, CE 910,65 €, no posto coa denominación e complementos de destino e específico seguintes:

Xefe de Unidade II (ou denominación que corresponda). CD22, CE 1.167,13 €.

Cuarto.- En relación cos recursos de reposición antes referidos emitíronse o seguintes informes:

A.- SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

“RECURSOS DE REPOSICIÓN DE DONA MARÍA EDITA NÚÑEZ RAMOS, DONA ISABEL ÁLVAREZ NÚÑEZ E DON JESÚS MONTOUTO GONZÁLEZ AO ACORDO PLENARIO, DE 29 DE MAIO DE 2018, POLO QUE SE APROBA A REVISIÓN E MODIFICACIÓN PARCIAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

I. ANTECEDENTES.

Por acordo do Pleno da Corporación da Deputación provincial de Lugo, en sesión ordinaria, celebrada o 29 de maio de 2018, foi aprobada definitivamente a proposta de REVISIÓN E MODIFICACIÓN PARCIAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO (RPT) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Contra o dito acordo plenario foron formulados os seguintes recursos de reposición:

a) Recurso de Dona María Edita Núñez Ramos, que tivo entrada no rexistro xeral o 5 de xullo de 2018.

b) Recurso de Dona Isabel Álvarez Núñez, que tivo entrada no rexistro xeral o 20 de setembro do 2018.

c) Recurso de Don Jesús Montouto González, que tivo entrada no rexistro xeral o 20 de setembro do 2018.

II. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público (EBEP) .

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).

- Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia(LEPG).

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

III. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS.

Analizando o contido dos escritos de recurso, cabe sinalar:

1. RECURSO DE DONA MARÍA EDITA NÚÑEZ RAMOS.-

A) O dito recurso podería ser inadmitido, xa que foi presentado extemporaneamente, conforme ao prazo previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), para os recursos de reposición, xa que a publicación do Acordo no BOP fíxose o 20 de agosto de 2018. A publicación, que preceptúa o artigo 202.3 da Lei de Emprego Público de Galicia, abre o prazo dun mes para a interposición do recurso de reposición, previsto no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Tendo en conta que o escrito a recorrente foi presentado o 5 de xullo de 2018, cabería establecer que a súa presentación é extemporánea polo que non podería non ser admitido.

B) En calquera caso, para impedir que se poida invocar indefensión e para deixar resolto o fondo do asunto cabe referir que a pretensión da recorrente xa foi analizada e avaliada, baixo o criterio de discrecionalidade técnica que ampara a actuación da Comisión Técnica de valoración deste procedemento, en sesión celebrada o 7 de marzo de 2018 e que consta no expediente, cuxos razoamentos se reproducen:

“Visto que Dna. María Edita Núñez Ramos formula con data 23/01/2018 escrito de peticións-alegacións ao acordo inicial do Pleno celebrado o 21/12/2017 sobre a revisión e modificación parcial da relación de postos de traballo (RPT) desta Deputación Provincial, efectuamos un estudo pormenorizado desas peticións-alegacións, analizando polo miúdo os argumentos expostos pola ocupante no seu escrito de petición-alegación.

PRIMEIRA.

“O posto de traballo da interesada figura co seguinte tenor literal: Xefe Sección de Formación Ocupación <a extinguir>.

En relación coa consideración <a extinguir> consignada na denominación do posto de traballo que ocupo, considero que resulta totalmente improcedente e ilegal, polas seguintes razóns:

a) Non existe motivación legal algunha na RPT que xustifique que o meu posto se declare a <extinguir>.

b) Tanto pola miña condición de funcionario con praza en propiedade, polas funcións que o meu posto de traballo ten asignadas, como polo considerable período de tempo máis de 10 anos que debo esperar para alcanzar a idade legal de xubilación Non resulta xustificada a consideración de <extinguir> que se indica na RPT.

c) Así mesmo, resulta totalmente incongruente cos propios actos da Deputación que o posto por min ocupado se declare a <extinguir> e, sen embargo, sexa a propia Deputación quen publique no BOP de Lugo do 30 de decembro de 2017 a Oferta de Emprego Público do ano 2017 onde se conteñen postos de traballo a consolidación de emprego con funcións similares ás desempeñadas no meu posto de traballo.”

Contestación da Comisión Técnica de Valoración:

En primeiro lugar: Cómpre sinalar que proceder á “declaración de extinguir” de determinados postos de traballo dunha Entidade diferenciase de “amortizar un posto de traballo da Entidade”. Son figuras con efectos moi distintos. Utilizaríase a “declaración a extinguir” cando un posto de traballo (estrutura dinámica) está ocupado pero prevese que se amortice cando quede vacante por consideralo prescindible na estrutura da Organización. A declaración de extinción prodúcese cando a Entidade considera que é un posto non suficientemente necesario, pero ao estar aínda ocupado, moitas veces por deferencia ao ocupante, non se “amortiza” de inmediato, postergando esta decisión ao momento en que quede vacante, ben sexa por xubilación, invalidez, por renuncia do ocupante, cambio de situación administrativa,

En segundo lugar: O feito de declarar un posto de traballo a extinguir, ou incluso declarar a súa amortización, non representa menoscabo algún ao dereito a permanencia do funcionario de carreira. O devandito dereito está vinculado a ser titular dunha praza. Ademais, unha vez declarado a extinguir un determinado posto de traballo, nada impide ao ocupante participar nos procesos de provisión de postos de traballo (por concurso ou libre disposición), así como ao desempeño provisional de calquera outro posto que estivera vacante, sempre que cando, o aspirante cumpran cos requisitos esixidos.

En terceiro termo: O posto declarado a <extinguir> non se somete a valoración, xa que se así se fixera, correríase fundado risco de acadar unha valoración menor que ás que tiña atribuídas ao estar “empobrecido” o seu contido funcional. Se non se somete a valoración, novamente, é por non “prexudicar” ao ocupante.

En cuarto lugar: Cómpre aclarar, que hoxe en día ningún funcionario ten unha praza en “propiedade”, ten, iso si, a titularidade (dereito de permanencia) sobre aquelas. “En propiedade” é un termo que caeu en desuso e que non reflicte coa precisión necesaria a natureza do vínculo de servizo.

En quinto lugar: Cómpre igualmente aclarar á interesada que as Ofertas de Emprego Público, tanto ordinarias como as motivadas pola consolidación de emprego, non conteñen postos de traballo. O que se oferta nelas son prazas, as cales, tecnicamente non teñen atribuídas funcións. A aportación funcional do funcionario á Administración prodúcese a través do desempeño dun determinado posto de traballo. Polo tanto, pódese adquirir a titularidade dunha praza e isto non presupón o desempeño no futuro do posto de traballo que determinou que a praza se ofertara pola modalidade de “consolidación”. O dinamismo actual dos contornos en que nos movemos obriga tamén ás Administración a adaptar a súa estrutura de postos as necesidades do momento, razón pola que a existencia dos postos non é permanente, senón dinámica.

SEGUNDA.

“En relación co nivel económico recoñecido ao meu posto de traballo, debo significar que non está encadrado en ningún dos posibles asignados a unha Xefatura de Sección o que resulta claramente discriminatorio cos niveis económicos asignados a outras Xefaturas de Sección que teñen asignado o nivel I (complemento de Destino 26 e Complemento Específico 1.650,00 Euros), motivo polo que se me debe asignar o nivel I ao meu posto de traballo e este Complemento Específico.”.

Contestación da Comisión Técnica de Valoración:

Remitímonos ao exposto no punto terceiro das contestación a primeira alegación. O máis sensato é non someter a un posto declarado <a extinguir> a un “proceso técnico de análise, descrición, clasificación, ordenación e valoración” xa que o máis probable, dado o empobrecemento do contido funcional do posto, é que os resultados da valoración foran inferiores aos actuais.

2.- PETICIÓN DO INTERESADO.

“[...] se suprima a consideración de <a extinguir> do meu posto de traballo e proceda a asignarlle o nivel I en canto ao complemento de destino e específico correspondentes a tal nivel, cos efectos económicos e legais que correspondan.”.

C) En consideración a canto antecede, considérase axeitado manter o criterio adoptado no seu día, nos seguintes termos:

“a) Manter a declaración <a extinguir> do posto de traballo denominado “Xefe de Sección de Formación Ocupacional”, dado que o volume da actividade de Formación Ocupacional no que respecta á nosa Entidade, podía, na actualidade, cualificar de residual.

b) Non someter ao devandito posto ao proceso técnico de valoración, e menos aínda, asignarlle, tal como solicita a interesada, o nivel I en canto ao nivel de complemento de destino e específico correspondentes a tal “rango”.

2. RECURSO DE DONA ISABEL ÁLVAREZ NÚÑEZ

A) O contido do escrito de Dona Isabel Álvarez Núñez, de 20 de setembro do 2018, o seu recurso non achega ningunha exposición motivada limitándose a solicitar un incremento das retribucións complementarias atribuídas ao posto de traballo que ocupa, en liña coa pretensión xa expresada, no seu escrito de 19 de xaneiro de 2018; que xa foi analizado en reunión técnica de 7 de marzo de 2018.

B) Os argumentos que constan no expediente son os seguintes:

“1º.- En relación coa alegación primeira cómpre, en primeiro lugar, sinalar o protocolo a empregar, nel indícase que a información necesaria para realizar a análise, descrición, clasificación e valoración dos postos de traballo adquirese, polo correspondente equipo técnico, mediante o emprego de diversas fontes e cales. Unha destas fontes é a información que proporciona o ocupante do posto de traballo a través do recheo do correspondente cuestionario, a cal se complementa coa información dos seus superiores xerárquicos e, se é o caso, con entrevistas co ocupante e cos seus superior/es. Ademais, utilízase toda aquela información da que dispón o Servizo de RRHH a cal se foi acumulando procedente de distintas actuacións, destacando as descrições contidas nas monografías de postos doutros procesos anteriores de análise, descrición, clasificación e valoración realizados nesta Entidade. Por último, no caso que fose necesario, os analistas poderían acudir ao lugar físico do posto de traballo en proceso de análise e descrición ao obxecto de coñecer o contido funcional do posto así como os seus requirimentos. En resume os analistas poden utilizar un abano de fontes para evitar os posibles prexuízos e conseguir a máxima obxectividade.

Posteriormente, a información recollida e convenientemente tratada e analizada polo equipo de analistas ao obxecto de efectuar a descrición do posto de traballo. A devandita descrición formalízase no correspondente documento, o cal é remitido ao ocupante e superior/es xerárquico/s ao obxecto de que estes amosen a súa conformidade ou, se é o caso, expoñan os reparos que estimen convenientes. No caso de que se formulen obxeccións o equipo de analistas estimaraas ou desbotaraas en función do resultado do estudo daquelas. No caso que nos ocupa cómpre sinalar que o documento de descrición do posto de Xefe Negociado I non foi asinado nin foi obxecto de obxeccións, ata a data, pola ocupante provisional, pola contra, si foi conformado polo Secretario Xeral.

Por outra banda, cómpre ter presente no referente ao contido funcional do posto que se reflicte no cuestionario formulado pola ocupante (practicamente coincidente ao sinalado no escrito de alegacións), que a ocupante utiliza con exceso termos indeterminados o que dificultan os traballos de análise, tendo que acudir a outras fontes de información ao obxecto de precisar os cometidos funcionais verdadeiramente realizados. Un exemplo dese abuso da indeterminación atópase na función de “Apoio e asistencia ás funcións do Sr. Secretario”, para un analista que descoñeza a Organización esta redacción levaríao a pensar nun posto de “Secretario Adxunto á Secretaria Xeral” cuxo ocupante tería que ser un habilitado nacional da categoría superior dado

que a maioría das funcións do Secretario Xeral, preceptivamente, serán desempeñadas por este tipo de persoal. Evidentemente, a ocupante do posto de Xefe de Negociado I, ao igual que outros postos adscritos á Secretaría, apoia e asiste ao Secretario Xeral, non no desempeño das súas funcións, senón naquelas tarefas, de carácter maioritariamente operativo, necesarias para que o titular poida exercer as súas propias funcións. Na vixente RPT á Secretaría Xeral desta Deputación, ten adscrito un posto, específico e singularizado, que si apoia e asiste ás funcións do Secretario Xeral, estamos a falar do posto denominado “Secretario-Interventor adxunto Secretaría Xeral”. Na mesma liña de empregar unha literatura artificiosa e grandilocuente, que intenta supervalorar os cometidos realizados pola ocupante, están funcións tales como: “Control e revisión da sinatura dos documentos do Sr. Secretario Xeral”, “Colaboración e asistencia aos departamentos dependentes directamente da Secretaria Xeral”, “Elaboración de certificacións e colaboracións en procedemento xudiciais”, “Colaboración para a posta en marcha das Residencias”, “Informes xustificativos para pagamento de facturas”, “Tarefas de colaboración e xestión con TAG na tramitación de contratación administrativa”, tarefa esta última de tipo operativo e que ten atribuída con carácter conxuntural debido á acumulación de cometidos no Servizo de Contratación e Fomento.

Por estas razóns, e obviando os distintos xuízos de valor emitidos pola ocupante ao longo do escrito de alegacións, propoñemos rexeitar esta alegación.

2º.- Os procesos de análise, descrición, clasificación e valoración de postos de traballo, realízanse, en primeiro termo, analizando, describindo e valorando individualmente cada un dos postos de traballo que pertencen ao ámbito de actuación, o cal no caso concreto que nos ocupa, conformado polos postos de traballo de carácter singularizados. Non obstante, ao dito anteriormente, e seguindo o establecido na introdución do Manual de Valoración aplicable, a Comisión Técnica de Valoración xa realizou a comparativa alegada. A estes efectos o dito Manual establece que para a asignación dos graos, terase en conta:

- “[...].

- *A posición relativa do posto de traballo en relación co conxunto ao obxecto de que a distribución dos graos da escala sexa homoxénea na súa relatividade e equitativa no seu tratamento.*

- *A globalidade do resultado. Non só se terá en conta a posición relativa de cada posto en cada factor, senón tamén no contexto total do centro de traballo”.*

Por tal motivo, igualmente se rexeita esta segunda alegación.

3º.- Na terceira alegación, mellor dito, petición, Dna. Isabel Álvarez Núñez solicita que “Se revalore dito posto coa denominación e complementos de destino e específicos seguintes: Xefe de Unidade II (ou denominación que corresponda) CD 22 / CE 1167,13.”.

C) En consideración a canto antecede, considérase axeitado manter o criterio adoptado no seu día, nos seguintes termos:

Desestimar o recurso de reposición e confirmar os resultados da valoración provisional, ou sexa, que o posto de traballo en cuestión continúe denominándose “Xefe Negociado I Tramitación Administrativa”, adscrito á Secretaría Xera, e se lle atribúa un Nivel de CD: 22 e o importe de 910,66 € de Complemento Específico.

3. RECURSO DE DON JESÚS MONTOUTO RODRÍGUEZ.

A) Atendendo ao contido do seu escrito de recurso de reposición, de 20 de setembro de 2018, podería ser cuestionada a lexitimación para interpoñelo, en relación aos asuntos que invoca como obxecto material do mesmo e, en consecuencia, inadmitilo, xa que:

- por unha parte, está referido a un asunto (intervalos de complemento de destino) que xa foi obxecto de estudio e desestimación, logo de que xa formulara a mesma cuestión, no seu escrito, de 20 de decembro do 2017, con carácter previo á aprobación inicial do expediente de modificación parcial da RPT, en sesión plenaria de 21 de decembro do 2017.

- e, por outra, por ser cuestionable a súa lexitimación para interpoñer recurso de reposición, sobre este asunto, xa que limítase a invocar presuntos ou hipotéticos prexuízos futuros, que segundo a xurisprudencia non xustificarían a existencia da lexitimación que pretende.

B) Non obstante para deixar resolto o fondo do asunto cabe referir:

1ª.- En relación á alegación formulada, singularmente nun dos escritos analizados, relativa á unha pretendida incorrecta aplicación da normativa vixente, en materia de Complementos de Destino, cabe sinalar o xa referido no informe emitido por este Servizo de Recursos Humanos, en marzo deste ano 2018:

“a) Invócase algunha sentenza do Tribunal Supremo sobre este asunto, cuxos fundamentos xurídicos están referidos a unha realidade normativa anterior (á actual e vixente), xa que estas analizaban situacións anteriores á entrada en vigor do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), tanto no seu texto inicial (Lei 7/2007, de 12 de abril,) como no seu texto refundido actual (Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro); como á normativa; que se constitúe- como o seu nome indica- en norma básica estatal de emprego público; como á entrada en vigor da lexislación de emprego público de Galicia (de indubidable aplicación ás Entidades Locais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia) como é a Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

Nese contexto cabe indicar que, en materia de réxime xurídico das entidades locais galegas e do réxime estatutario dous funcionarios da Administración local galega, os títulos competenciais do Estado derivan dos seguintes preceptos constitucionais:

○ *Artigo 149.1.18ª: Que establece que é competencia do Estado ditar a lexislación básica do réxime xurídico das Administración públicas e do réxime estatutario dous seus funcionarios, garantindo un tratamento común ante elas.*

○ *Artigo 149.3: Que establece que o dereito estatal será supletorio do das Comunidades Autónomas.*

Pois ben, tal e como se dirá, a día de hoxe a regulación que o RD 364/1995 establece para os intervalos do complemento de destino nin é lexislación básica nin tampouco supletoria para as entidades locais galegas, pois a lexislación específica autonómica galega está constituída pola Lei 2/2015 e os seus regulamentos de desenvolvemento (entre eles, o Decreto galego 93/1991 mentres

non sexa substituído por un novo regulamento, tal e como expresamente establece o punto 2º da Disposición derogatoria primeira da devandita Lei 2/2015). Vexamos:

A Comunidade Autónoma de Galicia asumiu como competencia propia ou réxime xurídico da Administración Pública de Galicia e o réxime estatutario dos funcionarios de Galicia (art. 28.1 do Estatuto de Autonomía), ditándose en desenvolvemento de dito precepto a recente Lei galega 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, da que cómpre destacar o seguinte:

○ Tal e como veremos, dita a Lei asume de xeito definitivo a competencia para regular o réxime estatutario dos funcionarios da Administración local de Galicia e, ademais, con carácter exclusivo agás o que constituía lexislación básica ou común, que corresponde ao Estado (art. 149.1.18ª). Por conseguinte, como consecuencia da devandita Lei galega 2/2015, e conforme a pacífica doutrina constitucional a respecto, a supletoriedade do dereito estatal do artigo 149.3 CE non rexe en Galicia en materia de funcionarios da Administración local, pois existe lexislación específica galega a respecto: a Lei galega 2/2015 e os seus regulamentos de desenvolvemento.

○ Proba diso é que dita Lei derrogou expresamente toda a regulación relativa aos funcionarios locais contida na Lei 5/1997, de réxime local de Galicia, polo que a nova Lei pasa a ser a lexislación específica pola que se regula dito persoal. É dicir, a lexislación específica a que se refire a Sentenza do Tribunal Supremo de 10 de novembro de 2008 e concordantes ditadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia alegadas polo reclamante, é actualmente única e exclusivamente a Lei 2/2015.

○ Así, da referida Lei galega cómpre destacar o seguinte que non deixa dúbida respecto da súa aplicación como “lexislación específica” aplicable aos funcionarios de Administración local:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuídas no artigo 28 do Estatuto de autonomía competencias de desenvolvemento lexislativo e execución en materia de réxime xurídico da Administración pública de Galicia e réxime estatutario dos seus funcionarios. As competencias

relativas ao réxime estatutario dos funcionarios públicos teñen que desenvolverse na actualidade dentro do marco Establecido pola Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público. Este texto legal, ditado ao amparo das competencias atribuídas ao Estado polo artigo 149.1.18ª) da Constitución española, dá cumprimento ao artigo 103.3 da norma suprema, que prevé que por lei se regule o estatuto dos funcionarios públicos.

(...)

2.

O título I define o obxecto, os principios informadores e o ámbito de aplicación da lei. Trasladando ao ámbito autonómico o espírito do Estatuto básico do empregado público, establécese un marco común para o emprego público de todas as administracións públicas ás que se estenden as competencias legislativas da Comunidade Autónoma de Galicia: a propia Administración xeral da Comunidade Autónoma, as entidades locais galegas, as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia, as entidades públicas instrumentais vinculadas ou dependentes das entidades locais galegas e as universidades públicas galegas.

(...)

Ha de apuntarse que este último [persoal funcionario das entidades locais galegas] queda así suxeito, por primeira vez, con plena efectividade ao réxime da función pública establecido pola Comunidade Autónoma, do mesmo xeito que sucede co persoal de administración e servizos das universidades públicas galegas.

(...)

11.

A fin de facer efectiva a suxeición do persoal ao servizo das entidades locais galegas á presente lei, era imprescindible contemplar separadamente as súas especificidades. Desta cuestión encárgase o título X e último da lei, que, procurando seguir o mesmo orde sistemática da mesma, adapta algunhas das súas previsións xerais ás particularidades do emprego público local. Así, entre as distintas cuestións que se abordan, cabe apuntar as seguintes: introdúcense normas especiais en materia de persoal funcionario interino e persoal eventual; regúlase o procedemento de aprobación da relación de postos de traballo e da oferta de emprego público nas entidades locais; establécense regras para a selección e a provisión de postos de traballo do persoal propio das entidades locais; prevese a colaboración da Administración xeral da Comunidade Autónoma

na avaliación do desempeño dos empregados públicos locais; contemplase a posibilidade de que o persoal funcionario propio das entidades locais realice funcións e tarefas no territorio doutra entidade local mediante convenio, como forma de colaboración interadministrativa; matízase a normativa do procedemento disciplinario.

12.

Para terminar, a lei derroga expresamente non só o Texto refundido da Lei da función pública de Galicia, senón tamén a regulación xeral das escalas dos corpos de persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, así como outras normas con rango de lei relativas a estas, e o capítulo da vixente Lei de Administración local de Galicia sobre o persoal ao servizo das entidades locais. En cambio, para evitar baleiros normativos que xeren situacións de incerteza xurídica, mantense en vigor a normativa regulamentaria de desenvolvemento da anterior lexislación da función pública de Galicia, no que non resulte incompatible coa nova lei e co Estatuto básico do empregado público.

(...)

Artigo 4. Ámbito de aplicación

1. A presente lei aplícase ao persoal funcionario e, no que proceda, ao persoal laboral ao servizo das seguintes administracións públicas:

a) A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) As entidades locais galegas.

(...)

Artigo 7. Persoal funcionario das entidades locais galegas

1. O persoal funcionario ao servizo das entidades locais galegas réxese pola lexislación básica estatal que lle resulte de aplicación e pola presente lei, coas especialidades reguladas no seu título X.

(...)

Artigo 19. Os órganos competentes en materia de persoal das entidades locais e as universidades públicas galegas

1. As competencias que a presente lei atribúe aos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia deben entenderse referidas aos correspondentes órganos das entidades locais e das universidades públicas galegas que teñan atribuídas as mencionadas competencias en materia de persoal, de conformidade coa normativa vixente.

2. En particular, corresponden ao pleno das entidades locais todas aquelas competencias que na presente lei atribúense ao Consello da Xunta, sen prexuízo das atribuídas expresamente a outros órganos pola lexislación básica estatal.

(...)

Artigo 211. Retribucións complementarias

1. A contía global das retribucións complementarias do persoal ao servizo das entidades locais será fixada polo pleno de cada corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen pola normativa estatal aplicable.

(..)

Disposición Transitoria oitava. Grao persoal e retribucións vinculadas ao mesmo mentres non se desenvolva o sistema de carreira horizontal do persoal funcionario de carreira.

1. En tanto non se desenvolva regulamentariamente o sistema de carreira horizontal establecido na sección 1ª do capítulo II do título VIN, o persoal funcionario de carreira seguirá posuíndo un grao persoal que corresponderá a un do trinta niveles nos que se clasifiquen os postos de traballo e percibirá as retribucións vinculadas ao mesmo, conforme ás seguintes regras:

a) Todas as referencias ao complemento retributivo de carreira previsto na presente lei entenderanse feitas a un complemento de destino que figurará nas relacións de postos de traballo e será igual para todos os postos do mesmo nivel.

b) Corresponde ao Consello da Xunta de Galicia a determinación dos intervalos dos niveis de postos de traballo que se lles asignan aos corpos ou escalas do persoal funcionario. Os graos superiores dos corpos e escalas poden coincidir cos inferiores do corpo ou escala inmediatamente superior.

(...)

3. A norma regulamentaria que desenvolva o sistema de carreira horizontal do persoal funcionario de carreira establecerá as equivalencias entre os actuais graos persoais e as novas categorías profesionais e graos de ascenso, de modo que o persoal afectado incorpórese ao sistema de carreira horizontal con pleno recoñecemento da progresión profesional xa alcanzada. En todo caso, garantirase ao persoal afectado o nivel retributivo co que contase no momento de implantación do novo sistema.

(...)

Disposición Derrogatoria primeira. Derrogación normativa

1. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango opóñanse, contradigan ou resulten incompatibles co disposto nesta lei e, en particular:

(...)

e) O capítulo IV do título VIN, artigos 231 a 250 , da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

(...)

2. Mantén a súa vixencia no que non resulte incompatible con esta lei e co Estatuto básico do empregado público a normativa de desenvolvemento da lexislación da función pública de Galicia, en tanto non entren en vigor as disposicións de desenvolvemento da presente lei que a substitúan.”.

○ É dicir, a devandita Lei é totalmente aplicable aos funcionarios da Administración local de Galicia agás non que se refire á lexislación básica estatal. E, á vista dous preceptos transcritos, cómpre indicar que actualmente ou intervalo de niveis do complemento de destino aplicable aos funcionarios locais galegos é ou previsto non Decreto galego 93/1991, de 20 de marzo, por mor do establecido na Disposición Transitoria Oitava en relación coa Disposición Derrogatoria primeira.2 da referida Lei 2/2015 que, insistimos, é a normativa específica (non básica) a aplicar.

○ Cómpre aclarar ou alcance do artigo 211 da Lei antes transcrito, que establece ou que segue:

Artigo 211. Retribucións complementarias

1. A contía global das retribucións complementarias do persoal ao servizo das entidades locais será fixada polo pleno de cada corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen pola normativa estatal aplicable.

b) O dito precepto -que é análogo ao art. 93.2 L 7/1985- non se refire aos intervalos do complemento de destino, senón aos límites máximo e mínimo a que está suxeita a contía global das retribucións complementarias recollidas nos orzamentos anuais. E a “normativa estatal

aplicable” a que se refire dito precepto, é ou artigo 7 do RD 861/1986, de 25 de abril, que establece ou que segue:

Artigo 7. Límites á contía global dos complementos específicos, de produtividade e gratificacións

1. Os créditos destinados a complemento de produtividade, gratificacións e, no seu caso, complementos persoais transitorios, serán os que resulten de restar á masa retributiva global orzada para cada exercicio económico, excluída a referida ao persoal laboral, a suma das cantidades que ao persoal funcionario correspóndanlle polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino.

2. A cantidade que resulte, con arranxo ao disposto no número anterior, destinarase:

a) Até un máximo do 75 por 100 para complemento específico, en calquera das súas modalidades, incluíndo o de penosidade ou perigo para a Policía Municipal e Servizo de Extinción de Incendios.

b) Até un máximo do 30 por 100 para complemento de produtividade.

c) Até un máximo do 10 por 100 para gratificacións”.

c) Pola súa parte, o artigo 3 de ditou Real Decreto 861/1986, que se refire ao complemento de destino, non é básico, senón que tan só aplícase en defecto de lexislación específica ditada pola Comunidade Autónoma, tal e como se establece na Disposición Adicional Única do RD 158/1996, de 2 de febreiro que modifica dito precepto e tal e como se indica na Sentenza do Tribunal Supremo de 10 de novembro de 2008 e concordantes do TSX de Galicia invocadas polo reclamante. Pois ben, tal e como se expuxo con anterioridade, dende a entrada en vigor dá Lei 2/2015 a lexislación específica en materia de funcionarios locais é precisamente dita Lei, e xa non a Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que foi derogada e substituída expresamente por aquela nesta materia.

d) Por outra parte, non cabe dúbida de que, non presente momento, a regulación dos intervalos do complemento de destino NON é materia básica estatal, como se deriva:

- Da propia Exposición de Motivos e articulado da Lei 2/2015 transcrita anteriormente.

- Da Exposición de Motivos e do articulado do EBEP (que, xunto ás modificacións do seu texto orixinal, foi obxecto de refundición a través do vixente RD Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro); alí, de xeito contundente, establécese o que segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Para iso, a lexislación básica da función pública debe crear o marco normativo que garanta a selección e a carreira sobre a base dos criterios constitucionais de mérito e capacidade e que estableza un xusto equilibrio entre dereitos e responsabilidades dos empregados públicos. Ademais, a lexislación básica ha de prever os instrumentos que faculen ás diferentes Administracións para a planificación e ordenación dos seus efectivos e a utilización máis eficiente dos mesmos.

Agora ben, no noso país especificamente, esta lexislación debe ter en conta o amplo proceso de descentralización administrativa que tivo lugar durante as últimas décadas. En virtude del, a Administración Xeral do Estado é, do tres niveles territoriais de goberno, a que conta na actualidade con menor número de empregados. A progresiva e drástica redución dos seus efectivos, unida aos cambios nas funcións que realiza, non pode deixar de afectar á estrutura e articulación da función pública ao seu servizo. En paralelo, a emerxencia das Administracións autonómicas, que hoxe contan practicamente coa metade dos empregados públicos do país, fixo aflorar os seus propios problemas e necesidades de xestión de persoal. Algo semellante pode dicirse das entidades locais, que presentan, polo demais, fondas diferenzas entre elas, nas que o número de empregados experimentou tamén un importante crecemento.

Quere iso dicir que o réxime da función pública non pode configurarse hoxe sobre a base dun sistema homoxéneo que teña como modelo único de referencia á Administración do Estado. Pola contra, cada Administración debe poder configurar a súa propia política de persoal, sen diminución dos necesarios elementos de cohesión e dos instrumentos de coordinación consecuentes. Por tanto, a densidade da lexislación básica en materia de función pública debe reducirse hoxe en día, en comparación con épocas pasadas, tendo en conta en todo caso as determinacións dos Estatutos de Autonomía e a doutrina establecida polo Tribunal Constitucional.

Doutra parte, a apertura de maiores espazos á autonomía organizativa en materia de persoal é tamén necesaria para posibilitar a regulación diferenciada dos sectores do emprego público que o requiran.

(...)

Esta diversidade de organizacións contribuíu igualmente á heteroxeneidade actual dos réximes de emprego público. A correcta ordenación deste último require solucións en parte diferentes nuns e outros sectores e, por iso, a lexislación xeral básica non pode constituír un obstáculo nin un factor de rixidez. Antes ao contrario, facilitará e impulsará as reformas que sexan necesarias para a modernización administrativa en todos os ámbitos.

(...)

En desenvolvemento deste Estatuto Básico, o lexislador estatal e o das Comunidades Autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, haberán de aprobar ou modificar as leis de función pública das súas Administracións, así como as normas aplicables á Administración local, respectando neste último caso a autonomía organizativa das entidades locais.

(...)

En calquera caso, polo que se refire á ordenación do emprego público, así como ao sistema de estruturación do mesmo en corpos, escalas, clases ou categorías e aos instrumentos de clasificación dos postos de traballo, o Estatuto Básico pretende ser escrupulosamente respectuoso das competencias lexislativas das Comunidades Autónomas, así como da autonomía organizativa destas e das Administracións locais. Sobre a base duns principios e orientacións moi flexibles, a Lei remite ás leis de desenvolvemento e aos órganos de goberno correspondentes o conxunto de decisións que haberán de configurar o emprego público en cada Administración.

(...)

Criterios semellantes, esenciais para manter o maior grao de profesionalidade do noso emprego público, hanse de aplicar tamén á carreira dos funcionarios e á provisión dos postos de traballo. Pero ademais, nestas materias é preciso introducir algunhas outras reformas, que pretenden mellorar a eficacia do sistema e os estímulos e expectativas dos funcionarios. Sen impolo a todas as Administracións Públicas, o Estatuto Básico permite que se configuren modelos de carreira horizontal, desvinculada dos cambios de posto de traballo e baseada no desenvolvemento das competencias e no rendemento. Desta maneira poderá reducirse a inflación

orgánica e a excesiva mobilidade voluntaria do persoal, que acabou por caracterizar ao modelo en vigor, xa que concentra todas as oportunidades de carreira no desempeño sucesivo de postos de traballo. Iso non en tanto, o Estatuto permite tamén continuar con esta modalidade de carreira naquelas Administracións ou áreas do emprego público en que se considere conveniente e adoptar outras que combinen elementos de carreira horizontal e vertical.

(...)

Nesta materia, o Estado, a través das Leis de Orzamentos Xerais, debe manter as competencias que lle permitan exercer un control sobre o gasto de persoal, que é un compoñente esencial do gasto público e, polo tanto, da Facenda xeral. Aténdese así á reiterada doutrina establecida ao efecto polo Tribunal Constitucional. Pero iso non obsta ao recoñecemento dunha maior autonomía na determinación dunha parte das retribucións, as de carácter complementario, que poden variar lexitimamente nunhas e outras Administracións, como xa sucede hoxe en día na práctica. Así e todo, a flexibilidade con que se regula a carreira dos funcionarios públicos no Estatuto Básico implica unha marxe de libre decisión para que tanto as Leis de Función Pública da Administración Xeral do Estado como as das Comunidades Autónomas adapten o sistema retributivo á modalidade de carreira pola que opten en cada caso.

(...)

Artigo 2.

Ámbito de aplicación

1. Este Estatuto aplícase ao persoal funcionario e no que proceda ao persoal laboral ao servizo das seguintes Administracións Públicas:

-A Administración Xeral do Estado.

-As Administracións das Comunidades Autónomas e das Cidades de Ceuta e Melilla.

-As Administracións das Entidades Locais.

(...)

Artigo 6.

Leis de Función Pública

En desenvolvemento deste Estatuto, as Cortes Xerais e as Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas aprobarán, no ámbito das súas competencias, as Leis reguladoras da Función Pública da Administración Xeral do Estado e das Comunidades Autónomas.

(...)

Artigo 24.

Retribucións complementarias

A contía e estrutura das retribucións complementarias dos funcionarios estableceranse polas correspondentes leis de cada Administración Pública atendendo, entre outros, aos seguintes factores:

- a) A progresión alcanzada polo funcionario dentro do sistema de carreira administrativa.*
- b) A especial dificultade técnica, responsabilidade, dedicación, incompatibilidade exixible para o desempeño de determinados postos de traballo ou as condicións en que se desenvolve o traballo.*
- c) O grao de interese, iniciativa ou esforzo con que o funcionario desempeña o seu traballo e o rendemento ou resultados obtidos.*
- d) Os servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo”.*

e) Igualmente, o dito carácter non básico dos intervalos do complemento de destino tamén dedúcese do feito de que o propio Estado modificou o RD 364/1995 a través dun simple acordo coa representación sindical, positivizado na Resolución de 18 de xuño de 1998 da Secretaría do Estado para a Administración Pública que ordena publicar o Acordo Administración-Sindicatos sobre ordenación de retribucións en execución do cal todos os funcionarios que tivesen os niveis mínimos de complemento de destino de cada grupo veríano incrementado en ata tres graos:

“ANEXO

<i>Grupo ao que pertence o funcionario que ocupa o posto</i>	<i>NCD actual</i>	<i>Novo NCD</i>
<i>A</i>	<i>21</i>	<i>22</i>
	<i>20</i>	<i>22</i>
<i>B</i>	<i>17</i>	<i>18</i>
	<i>16</i>	<i>18</i>
<i>C</i>	<i>13</i>	<i>14</i>

	12 11	14 14
D	11 10 9	12 12 12
E	9 8 7	10 10 10

Parece obvio que, se estivésemos falando de lexislación básica, esta non podería ser modificada por un acordo sindical.

f) Ademais, se fose básica a regulación de tales intervalos, tería que ser unha regulación común para todas as Administracións públicas –Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais– e, sen embargo, ninguén pon en dúbida de que a RPT da Xunta de Galicia, ou a do Consello Consultivo de Galicia, a título de exemplo, son legais e non invaden competencias básicas estatais cando aplican o RD 93/1991 en relación aos intervalos do complemento de destino.

g) Por outra parte, no propio RD 364/1995 recoñecese expresamente que non ten carácter básico cando non seu artigo 1.3 establece ou seguinte:

“Este Regulamento terá carácter supletorio para todos os funcionarios civís ao servizo da Administración do Estado non incluídos no seu ámbito de aplicación e os das restantes Administracións Públicas”.

Carácter supletorio que –como se explicou anteriormente– non ten efecto en Galicia por existir regulación propia específica a través da Lei 2/2015 e dos seus regulamentos de desenvolvemento.

En definitiva e a modo de conclusión, cómpre indicar que os intervalos establecidos no RD 364/1995 non constitúen lexislación básica, senón que teñen simple carácter supletorio e, por conseguinte, non son de aplicación ás entidades locais galegas, que se rexerán neste aspecto pola súa lexislación específica constituída hoxe en día pola Lei 2/2015 e vos regulamentos de

desenvolvemento (entre eles ou Decreto 93/1991) proclamados vixentes de forma expresa pola Disposición derogatoria dá referida Lei.

2ª.- En relación á alegación formulada, singularmente nun dos escritos analizados, relativa á unha pretendida vulneración do establecido sobre funcións a desempeñar por cada unha das subescalas de persoal, conforme ás previsións contidas nos artigos 169 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril (TRRL), cabe sinalar:

a) O teor literal do referido artigo 169, cando describe as tarefas principais dos funcionarios de carreira que servirá para determinar a pertenza a cada unha das subescalas, dentro da Escala de Administración Xeral, non fai referencia expresa algunha a funcións de xefatura ou mando:

“1. Corresponde aos funcionarios da Escala de Administración Xeral o desempeño de funcións comúns ao exercicio da actividade administrativa. En consecuencia, os postos de traballo predominantemente burocráticos haberán de ser desempeñados por funcionarios técnicos, de xestión, administrativos ou auxiliares de Administración Xeral.

A Administración do Estado fixará os criterios de poboación, clasificación da Secretaría respectiva, e demais que sirvan para a determinación das Corporacións en que poidan existir postos de traballo a desempeñar por funcionarios de cada unha das Subescalas da Escala de Administración Xeral.

a) Pertencerán á Subescala Técnica de Administración Xeral, os funcionarios que realicen tarefas de xestión, estudo e proposta de carácter administrativo de nivel superior.

b) Pertencerán á subescala de xestión de Administración Xeral os funcionarios que realicen tarefas de apoio ás funcións de nivel superior.

c) Pertencerán á Subescala Administrativa de Administración Xeral, os funcionarios que realicen tarefas administrativas, normalmente de trámite e colaboración.

d) Pertencerán á Subescala Auxiliar de Administración Xeral, os funcionarios que realicen tarefas de mecanografía, taquigrafía, despacho de correspondencia, cálculo sinxelo, manexo de máquinas, arquivo de documentos e outros similares.

e) Pertencerán á Subescala de Subalternos de Administración Xeral, os funcionarios que realicen tarefas de vixilancia e custodia interior de oficinas, así como misións de Conserxe, Porteiro ou outras análogas en edificios e servizos da Corporación.

b) Como pode observarse facilmente, ningunha das subescalas de administración xeral enumeradas ten atribuídas de forma expresa e con carácter exclusivo funcións de xefatura, mando, coordinación de equipos de persoal ou responsabilidade de supervisión de outras persoas.

En consecuencia, non parece razoable aceptar como acertada a argumentación que pretenda negar que os postos de xefatura non podan ser ocupados por persoal funcionario que pertencen a diversas subescalas.

c) O artigo 169 do TRRL describe as funcións esenciais de praza e posto base, sen entrar a considerar a liña xerárquica de cada organización, que corresponde definir a través das respectivas monografías de posto de traballo e no instrumento de ordenación de postos que é a RPT.

Os postos de responsabilidade xerárquica descritos na RPT poderán ser atribuídos a aqueles funcionarios que cumpran os requisitos de nivel de clasificación e determinadas características de experiencia e idoneidade que lles habiliten para o exercicio das funcións xerárquicas que cada nivel da organización requira.

d) O TRRL é unha norma abstracta que atende a aspectos comúns a todo tipo de Entidades Locais, sexa esta dunha grande cidade ou dun concello aberto. Por tal motivo aspectos relativos á complexidade organizativa (chanzos xerárquicos dunha organización) non son abordados pois impediría xestionar en termos eficaces e realistas o principio de autoorganización que sustenta o funcionamento das estruturas de cada concello ou deputación.

e) Tampouco pode ser aceptada esta alegación, cando se vincula ao artigo 71 do RD 364/1995, no que fai referencia aos intervalos de complementos de destino, pois xa se ten abordado nun apartado anterior deste informe que o dito artigo non resulta de aplicación ás Entidades Locais galegas, como consecuencia do novo marco legal existente dende a entrada en vigor do EBEP e da lei de Emprego Público de Galicia, que está desenvolvido, no que se refire a esta materia, polo contido do Decreto 93/91, sobre regulamento de provisión de postos de traballo.

f) Difícilmente pode sustentarse razoablemente o contido desta tese cando cunha análise das RPTs doutras Deputacións Provinciais, nomeadamente das provincias galegas; pero tamén de concellos cun nº de empregados similar ao da Deputación provincial de Lugo, pode descubrirse que existen postos de xefatura ou coordinación e supervisión de equipos de persoas que están atribuídos a persoal funcionario dos subgrupos de clasificación A1, A2, C1 e C2.

Do sinalado cabe concluír que esta alegación carece de sustento para a súa consideración e debe ser desestimada.

3ª A invocación que se fai da sentenza número 6443/2017, de 18 de outubro de 2017, da Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, coa pretensión do recorrente de desvirtuar os razoamentos xurídicos que contradín as súas pretensións, en relación á normativa aplicable sobre intervalos de complementos de destino, sinalar que non pode ser considerada, xa que o caso que se analiza nos fundamentos xurídicos da devandita sentenza non garda similitude co que se está a analizar no caso da Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo.

IV. CONCLUSIONES.

Á vista de canto antecede, en atención ás consideracións técnicas e xurídicas expostas, de estimarse oportuno, procede que o Pleno da Corporación Provincial ACORDE:

1º.- Desestimar o Recurso de Reposición de Dona María Edita Núñez Ramos, que tivo entrada no rexistro xeral o 5 de xullo de 2018.

2º.- Desestimar o Recurso de Reposición de Dona Isabel Álvarez Núñez, que tivo entrada no rexistro xeral o 20 de setembro de 2018.

3º.- Desestimar o Recurso de Reposición de Don Jesús Montouto González, que tivo entrada no rexistro xeral o 20 de setembro de 2018; e deixar sen efecto a medida cautelar solicitada, en atención ao criterio xurisdiccional de que ao ser desestimada a pretensión principal decae a medida de suspensión da execución, xa que non concorre ningunha das circunstancias

previstas no artigo 117.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas”.

B.- SECRETARÍA XERAL

B.1.- Recurso reposición interposto por don Jesús Montouto González.

Transcribense do informe de referencia as consideracións xurídicas no mesmo contidas:

“CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Fontes normativas das retribucións dos funcionarios locais. Prelación das mesmas.

Ao noso entender a prelación das fontes do réxime xurídico das retribucións dos empregados públicos locais é o seguinte.

Lexislación básica estatal

1º.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

2º.- O Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto revundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

3º.- Lexislación estatal de desenvolvemento materialmente básica

Lexislación autonómica

4º.- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

5º.- Normas regulamentarias de desenvolvemento cuxo vigor mantén a Lei 2/2015

6º.- Normas regulamentarias estatais non básicas de desenvolvemento:

6.1 Real decreto 861/ 1986, polo que establecía o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local

6.2 Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado

6.3 Real decreto 158/1996, do 2 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 861/ 1986, polo que establecía o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

Segunda.- Sobre os intervalos de niveles de complementos de destino

O recorrente mantén que a Norma reguladora destes intervalos é o artigo 71 do Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, de conformidade con canto se dispón polo artigo 3 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local. Artigo 3 que establece:

“Artículo 3.º Complemento de destino.

1. Los intervalos de los niveles de puestos de trabajo de los funcionarios de Administración Local serán los que en cada momento se establezcan para los funcionarios de la Administración del Estado.

2. Dentro de los límites máximo y mínimo señalados, el Pleno de la Corporación asignará nivel a cada puesto de trabajo atendiendo a criterios de especialización, responsabilidad, competencia y mando, así como a la complejidad territorial y funcional de los servicios en que esté situado el puesto.

3. En ningún caso los funcionarios de Administración Local podrán obtener puestos de trabajo no incluidos en los niveles del intervalo correspondiente al grupo de titulación en que figure clasificada su Escala, Subescala, clase o categoría”

(...)

5. Los funcionarios sólo podrán consolidar grados incluidos en el intervalo correspondiente al grupo en que figure clasificada su Escala, Subescala, clase o categoría, de conformidad con lo establecido en el artículo 21 de la Ley de Medidas para la reforma de la Función Pública, y de acuerdo con lo establecido en el presente Real Decreto”

Invoca tamén os pronunciamentos derivados de varias sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, das que resulta especialmente relevante a sentenza STSX GAL 6443/2017, de data 18 de outubro de 2017, que analiza un procedemento tramitado con posterioridade á entrada en vigor do EBEP e da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, como foi a aprobación definitiva polo Pleno do Concello de Cambre, con data 28 de setembro de 2016, da modificación puntual da relación de postos de traballo deste Concello.

A respecto deste pronunciamento xudicial debemos deixar constancia de que, anque se refire a aprobación da RPT do concello de Cambre, se lemos con atención apretensión que se exercita, vén referida a aspectos funcionais dos postos de traballo, de forma que non se trata dunha cuestión análoga e, ademáis, na defensa articulada polo Concello non foron alegadas como fundamentos da oposición ao recurso as consideracións xurídicas que se conteñen no informe do servizo de Recusos Humanos desta Deputación.

Fronte ao alegado polo recorrente no recurso de reposición esta secretaría, seguindo a prelación de fontes reguladoras da materia, e analizando o pormenor da súas disposicións, podemos chegar as conclusións que en cada caso se dirán e que avalan adeseestimación do recurso.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

1.A Lei básica dedica poucos preceptos ao réxime xurídico das retribucións dos funcionarios locais, pero nes concreto ámbito, calquera interpretación debe partir da opción do lexislador básico de optar pola natureza bifronte da regulación da Administración Local. Así o artigo 92 establece:

“Artículo 92. Funcionarios al servicio de la Administración local

1 . Los funcionarios al servicio de la Administración local se rigen, en lo no dispuesto en esta Ley, por la Ley 7 / 2007 , de 12 de abril , del Estatuto Básico del Empleado Público por la restante legislación del Estado en materia de función pública, así como por la legislación de las Comunidades Autónomas , en los términos del artículo 149.1.18.ª de la Constitución. ”

E no artigo 93 dispón:

“Artículo 93.

1. Las retribuciones básicas de los funcionarios locales tendrán la misma estructura e idéntica cuantía que las establecidas con carácter general para toda la función pública.

2. Las retribuciones complementarias se atenderán, asimismo, a la estructura y criterios de valoración objetiva de las del resto de los funcionarios públicos. Su cuantía global será fijada por el Pleno de la Corporación dentro de los límites máximos y mínimos que se señalen por el Estado.

3. *Las Corporaciones locales reflejarán anualmente en sus Presupuestos la cuantía de las retribuciones de sus funcionarios en los términos previstos en la legislación básica sobre función pública”.*

2. *Dos artigos anteriores podemos considerar:*

a.- *En canto ao réxime xeral dos empregados públicos locais, este responde á natureza bifronte do rexime local derivado da distribución territorial do poder derivado da Constitución de 1978.*

b.- *Que o réxime xurídico dos empregados públicos locais se articule polo Estado, baixo o título do artigo 149.1.18ª, é dicir, mediante unha Lei de Bases, implica que estamos diante dunha competencia compartida. Competencia compartida que habilita un proceso de interiorización do réxime local no seno das Comunidades Autónomas. Proceso de interiorización que no que fai referencia ás retribucións terá, como veremos, un fito decisivo coa aprobación do Real decreto 158/1996, do 2 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 861/ 1986, polo que establecía o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.*

c.- *Como é lóxico, a Lei básica non regula a estrutura das retribucións dos funcionarios locais:*

Así, ás retribucións básicas, “...tendrán la misma estructura e idéntica cuantía que las establecidas con carácter general para toda la función pública”.

En canto ao réxime das retribucións complementarias, este establécese con máis flexibilidade que o das retribucións básicas, remitindo ao Pleno a fixación da contía global, dentro dos límites mínimos e máximos que se señalen polo Estado, exixindo soamente que teñan a mesma estrutura e criterios de valoración obxectiva, pero non idéntica contía.

A respecto é de resaltar que os límites mínimos e máximos serán establecidos polo Estado – delimitación competencial- pero tales límites non se predicán “ para toda la función pública” , como se fai na regulación das retribucións básicas que, como sabemos, terán “idéntica cuantía

que las establecidas con carácter general para toda la función pública”, nembargantes para as retribucións complementarias soamente se di que “se atenderán, asimismo, a la estructura y criterios de valoración objetiva de las del resto de los funcionarios públicos” como vemos o artigo 93 da Lei 7/1985 non dispón que as retribucións complementarias dos funcionaros locais teñen que ter “ idéntica cuantía”

Como vemos, xa desde a entrada en vigor da Lei 7/1985, o réxime xurídico das retribucións complementarias dos funcionarios locais resulta máis flexible que o das retribucións complementarias e, atribúe aos Plenos Locais a determinación da contía global das mesmas.

d.- A Lei 7/1985, aínda recoñecendo a natureza bifronte o réxime xeral da Administración local, tal natureza non se estende, nese momento, ao réxime das retribucións dos funcionarios locais, cuxo proceso de interiorización autonómica comeza en 1996, co Real decreto 158/1996 e culmina co EBEP e a Lei 2/2015, da función pública de Galicia. Normas estas que analizamos de seguido.

B.-Estatuto Básico del Empleado Público

1. A respecto da interpretación dos preceptos relativos ao réxime xurídico dos funcionarios locais e o réxime xurídico das retribucións dos mesmos, consideramos que debemos invocar, en primeiro lugar, a súa exposición de motivos. Así nela maniféstase:

(...)

“Ahora bien, en nuestro país específicamente, esta legislación debe tener en cuenta el amplio proceso de descentralización administrativa que ha tenido lugar durante las últimas décadas. En virtud de él, la Administración General del Estado es, de los tres niveles territoriales de gobierno, la que cuenta en la actualidad con menor número de empleados. La progresiva y drástica reducción de sus efectivos, unida a los cambios en las funciones que realiza, no puede dejar de afectar a la estructura y articulación de la función pública a su servicio. En paralelo, la emergencia de las Administraciones autonómicas, que hoy cuentan prácticamente con la mitad de los empleados públicos del país, ha hecho aflorar sus propios problemas y necesidades de gestión de personal. Algo semejante puede decirse de las entidades locales, que presentan por lo demás

hondas diferencias entre ellas, en las que el número de empleados ha experimentado también un importante crecimiento.

Quiere eso decir que el régimen de la función pública no puede configurarse hoy sobre la base de un sistema homogéneo que tenga como modelo único de referencia a la Administración del Estado. Por el contrario, cada Administración debe poder configurar su propia política de personal, sin merma de los necesarios elementos de cohesión y de los instrumentos de coordinación consiguientes. Por tanto, la densidad de la legislación básica en materia de función pública debe reducirse hoy en día, en comparación con épocas pasadas, teniendo en cuenta en todo caso las determinaciones de los Estatutos de Autonomía y la doctrina establecida por el Tribunal Constitucional.

(...)

En desarrollo de este Estatuto Básico, el legislador estatal y el de las Comunidades Autónomas, en el ámbito de sus respectivas competencias, habrán de aprobar o modificar las leyes de función pública de sus Administraciones, así como las normas aplicables a la Administración local, respetando en este último caso la autonomía organizativa de las entidades locales

(...)

Consecuentemente con lo anterior, pero también a la vista de la experiencia de los últimos años, la nueva Ley debe introducir algunas modificaciones en el sistema retributivo de los funcionarios públicos.

En esta materia, el Estado, a través de las Leyes de Presupuestos Generales, debe mantener las competencias que le permitan ejercer un control sobre el gasto de personal, que es un componente esencial del gasto público y, por ende, de la Hacienda general. Se atiende así a la reiterada doctrina establecida al efecto por el Tribunal Constitucional. Pero ello no obsta al reconocimiento de una mayor autonomía en la determinación de una parte de las retribuciones, las de carácter complementario, que pueden variar legítimamente en unas y otras Administraciones, como ya sucede hoy en día en la práctica. Antes bien, la flexibilidad con que se regula la carrera de los funcionarios públicos en el Estatuto Básico implica un margen de libre decisión para que tanto las Leyes de Función Pública de la Administración General del Estado como las de las Comunidades Autónomas adapten el sistema retributivo a la modalidad de carrera por la que opten en cada caso.

En coherencia con ello, las retribuciones complementarias podrán vincularse al grado, nivel o categoría alcanzado en la carrera, a las características del puesto de trabajo que se desempeña y al rendimiento, iniciativa, interés o esfuerzo aplicado al desempeño...”

O EBEP establece un mandato claro, cal é o de que, en desenvolvemento do mesmo, o lexislador estatal e o das Comunidades Autónomas, deben modificar as Leis da función pública das súas Administracións, así como as normas aplicables á Administración Local. Mandato cumprido, por certo, pola nosa Comunidades Autónoma por medio da Lei 2/2015.

É precisamente na regulación das retribucións complementarias onde o EBEP establece unha profunda modificación en relación coa lexislación anterior, non só na súa denominación senón nos instrumentos de determinación e cuantificación das mesmas, na medida en que aquelas deberán imperativamente adaptarse ao sistema de carreira.

Será tamén no ámbito da determinación e cuantificación das retribucións complementarias (complemento de destino e complemento específico) onde o EBEP, reconece por primeira vez na lexislación básica estatal de forma clara e rotunda “una mayor autonomía en la determinación de una parte de las retribuciones, las de carácter complementario” até punto que eleva a Norma algo que como di a propia exposición de motivos “sucede hoy en día en la práctica”, en palabras do EBEP, que as retribucións complementarias “pueden variar legítimamente en unas y otras Administraciones”.

2. Ningunha dúbida debe caber en que o EBEP resulta de aplicación ás Entidades Locais. Así

Artículo 2. Ámbito de aplicación.

1. Este Estatuto se aplica al personal funcionario y en lo que proceda al personal laboral al servicio de las siguientes Administraciones Públicas:

- La Administración General del Estado.
- Las Administraciones de las Comunidades Autónomas y de las Ciudades de Ceuta y Melilla.
- Las Administraciones de las Entidades Locales.

3. Polo que respecta ao réxime xurídico dos funcionarios locais, manten, como non podía ser doutra forma, o criterio de competencias compartidas entre o Estado e as Comunidades Autónomas.

Artículo 3. Personal funcionario de las Entidades Locales.

1. El personal funcionario de las Entidades Locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local.

4. En canto ao rexime das retribucións dos funcionarios locais, o EBEP, eleva a norma básica o proceso de interiorización automática iniciado polo Real decreto 158/1996, establecendo un réxime distinto para as retribucións básicas respecto das retribucións complementarias. Así:

Artículo 23. Retribuciones básicas

“Las retribuciones básicas, que se fijan en la Ley de Presupuestos Generales del Estado, estarán integradas única y exclusivamente (...).

O EBEP, fixa imperativamente, os conceptos das retribucións básicas e a súa contía será a establecida polos Orzamentos Xerais do Estado, é dicir, as Comunidades Autónomas non teñen competencia alguha a respecto das retribucións básicas, nin dos seus funcionarios/as nin dos funcionarios/as locais.

Ben distinto é o réxime das retribucións complementarias, na medida en que serán as fixadas nas correspondentes leis de cada Administración Pública, en palabras do artigo 24 do EBEP:

Artículo 24. Retribuciones complementarias.

“...La cuantía y estructura de las retribuciones complementarias de los funcionarios se establecerán por las correspondientes leyes de cada Administración Pública”.

Non fai falta dicir que as Entidades Locais carecen de postetade lexislativa, de forma que a remisión que fai o EBEP a “...las correspondientes leyes de cada Administración Pública”, soamente cabe interpretarse como referida ás Leis autonómicas.

No ámbito das retribucións dos funcionarios/as locais o EBEP confirma o proceso de interiorización autónoma do réxime das mesmas e, eleva á categoría de Norma básica a previsión da Disposición Adicional única do Real decreto 158/1996, ao incorporala ao artigo 24.

Claro está, que polo que respecta aos funcionarios/as locais, a contía global das mesmas será a determinada polos respectivos plenos dentro dos límites mínimos e máximos fixados polas Leis de Orzamentos Xerais do Estado, pero os conceptos, os criterios de cuantificación, a avaliación do rendemento, etc, así como as contías que dentro da masa global poidan destinarse a cada concepto das retribucións complementarias, serán os establecidos pola Lei autonómica.

Esta internalización do rexime local nas Comunidades Autónomas alcanza incluso aos funcionarios/as de Administración Local con habilitación de carácter nacional, bo exemplo disto constitúeo o Decreto 14/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios/as con habilitación de carácter nacional, que na súa Disposición Adicional segunda establece: “... en consecuencia o nivel de complemento de destino non será superior a aquel que resulte común os grupos conforme a normartiva autonómica”

C.- Real decreto 158/1996, do 2 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 861/1986, polo que establecía o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

Estamos diante dunha norma de desenvolvemento da lexislación básica estatal de extraordinaria importancia no ámbito das retribucións complementarias dos funcionarios/as locais, nomeadamente, polo que ao obxecto deste informe importa, para a determinación dos niveis mínimos e máximos dos Complementos de Destino dos funcionarios/as locais. A disposición adicional única, que literalmente di:

“Disposición adicional única.

“Lo dispuesto en el presente Real Decreto es de aplicación general en todo el territorio nacional en defecto de legislación específica dictada por las Comunidades Autónomas”.

As consecuencias desta Disposición son varias, e extraordinariamente trascendentes, para a valoración xurídica do acordo de aprobación da RPT e do recurso obxecto deste informe. Así:

a. Supón que non estamos diante de lexislación básica, nin formal nin materialmente, na medida en que se o Real decreto 861/1986, fose materialmente Norma básica, a Disposición adicional única do real decreto 158/1996, non podería facer a remisión que fai a lexislación específica das Comunidades Autónomas en materia de retribucións dos empregados públicos locais; en todo caso, é claro que a natureza de norma de básica non tería efecto na Counidade Autónoma de Galicia, ao existir a lexislación específica, como veremos máis adiante, a que se refire a Disposición Adicional única.

b. Profundiza no carácter bifronte do réxime local e, por primeira vez no noso ordenamento, prodúcese unha interiorización autonómica do réxime de retribucións complementarias dos empregados públicos locais. Réxime que, como non podía ser doutra maneira, inclúe a determinación dos intervalos de niveis de complementos de destino asignables a cada un dos Grupos de Clasificación.

Proceso de interiorización autonómica que culmina como viamos co EBEP, no que consagra, que en materia de retribucións complementarias debe terse en conta “(...) una mayor autonomía en la determinación de una parte de las retribuciones, las de carácter complementario, que pueden variar legítimamente en unas y otras Administraciones, como ya sucede hoy en día en la práctica”. Afirmación da exposición de motivos do EBEP que debe informar toda aproximación hermenéutica á regulación das retribucións complementarias dos empregados públicos locais e, xa que logo, dos complementos de destino.

c. En materia de retribucións o básico límtase as retribucións básicas e os incrementos anuais de contía global da masa retributiva. Polo que fai referencia ás retribucións complementarias a normativa básica xa non será o EBEP, nin as normas regulamentarias de desenvolvemento, senon as Leis autonómicas da función pública aplicables aos funcionarios locais, co límite global fixado polos Orzamentos Xerais do Estado e, dentro del, determinado polos respectivos Plenos

d. O desapoderamento regulatorio estatal en favor das Comunidades Autónomas ten como lóxica condición que estas ditén Leis reguladoras da función pública autonómica de aplicación tamén ás Entidades Locais.

e. O Real decreto 861/1986, pasa así a ser norma de aplicación directa soamente nos supostos en que non exista lexislación autonómica a respecto.

f. Como consecuencia deste autodesapoderamento estatal en materia de retribucións complementarias dos funcionarios/as locais emerxe como Norma autonómica específica reguladora das retribucións complementarias e, xa que logo, dos intervalos de niveis mínimos e máximos para cada Grupo e Sugrupo de clasificación dos mesmos, a Lei 2/2015 do 29 de abril, da

función pública de Galicia. Lei que como veremos resulta de aplicación ás entidades locais por propia disposición da mesma.

Pero a Lei galega non é a única lexislación galega de aplicación aos funcionarios/as locais en materia de retribucións complementarias, xa que aquela, en materia regulatoria do complemento de destino remite ao decreto autonómico 93/1991, en canto norma regulamentaria que mantén a súa vixencia ao dispoñelo así a Disposición derogatoria primeira da Lei 2/2015

Para fundamentar a conclusión anterior faise necesario analizar máis polo miúdo as disposicións da Lei 2/2015 do 29 de abril, da función pública de Galicia, tratando de acreditar que:

a.A Lei 2/2015 do 29 de abril, da función pública de Galicia, desenvolve a competencia lexislativa propia de Galicia no marco do Estatuto Básico de Galicia, é dicir,incorpora ao réxime xurídico dos empregos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais galegas, as determinacións de aquel así como o seu espírito. Así dí a exposición de motivos:

“Trasladando ao ámbito autonómico o espírito do Estatuto básico do empregado público, establécese un marco común para o emprego público de todas as administracións públicas ás cales se estenden as competencias lexislativas da Comunidade Autónoma de Galicia: a propia Administración xeral da Comunidade Autónoma, as entidades locais galegas, as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia, as entidades públicas instrumentais vinculadas ou dependentes das entidades locais galegas e as universidades públicas galegas(...).

b. A Lei 2/2015 do 29 de abril, da función pública de Galicia, é de aplicación aos funcionarios/as locais de Galicia.

Artigo 4. Ámbito de aplicación

1. Esta lei aplícase ao persoal funcionario e, no que proceda, ao persoal laboral ao servizo das seguintes administracións públicas:

a) A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) As entidades locais galegas.

(...)

d) As entidades públicas instrumentais vinculadas ou dependentes das entidades locais galegas

Agora ben, como di a exposición de motivos:

“Ese marco común, porén, non implica un réxime absolutamente uniforme para todas as administracións públicas mencionadas nin para todos os tipos de empregados públicos que prestan servizos nelas(...).

Só no caso do persoal funcionario/as ao servizo da Administración de xustiza en Galicia se produce, por imperativo do réxime constitucional de distribución de competencias, unha exclusión practicamente total do ámbito de aplicación da lei. No resto dos casos a intensidade do seu grao de aplicación oscila desde a aplicación supletoria ou por remisión expresa da lexislación específica que se prevé para o persoal dos órganos estatutarios ao recoñecemento das súas especialidades para o persoal investigador, o persoal docente, o persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde e o persoal funcionario/as das entidades locais galegas. Débese salientar que este último queda así suxeito, por primeira vez, con plena efectividade ao réxime da función pública establecido pola Comunidade Autónoma, ao igual que sucede co persoal de administración e servizos das universidades públicas galegas”

c. As disposicións da Lei aplicables son na súa totalidade, agora ben, na súa aplicación deberá terse en conta as especialidades establecidas para as Entidades Locales no Título X.

Criterio aplicativo que se infire da propia exposición de motivos “...o persoal funcionario/as das entidades locais galegas. Débese salientar que este último queda así suxeito, por primeira vez, con plena efectividade ao réxime da función pública establecido pola Comunidade Autónoma..”.

E, a tal fin, sigue dicíndonos: “Co fin de facer efectiva a suxeición do persoal ao servizo das entidades locais galegas a esta lei, era imprescindible considerar separadamente as súas especificidades. Desta cuestión encárgase o título X e último da lei...”

d. Que entre as especialidades do Título X non se atopa a dunha regulación específica dos niveis mínimos e máximos do Complemento de Destino, que se rexerán polas disposicións do título VI capítulo V e mais concretamente polas normas regulamentarias que o desenvolven tendo en

conta que transitoriamente siguen en vigor as que desenvolvían a Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, que en materia de Complementos de Destino era o Decreto 93/1991.

e. A Lei 2/2015 do 29 de abril, da función pública de Galicia, resulta ser a Norma específica autonómica a que fai referencia a Disposición Adicional única do Real decreto 158/1996, como se deduce, tanto polo propio ámbito subxectivo a que se estende; como porque derroga especificamente o capítulo IV do Título VI da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, dedicado precisamente, ao réxime xurídico dos funcionarios/as aos servizo das Entidades Locais de Galicia. Así, en palabras da exposición de motivos, vemos que:

“Para rematar, a lei derroga expresamente o capítulo da vixente Lei de Administración local de Galicia sobre o persoal ao servizo das entidades locais”

f. A Lei 2/2015, mantén en vigor a normativa regulamentaria de desenvolvemento da lexislación anterior da función pública de Galicia.

Así o dí a exposición de motivos: “En troques, para evitar baleiros normativos que xeren situacións de incerteza xurídica, mantense en vigor a normativa regulamentaria de desenvolvemento da anterior lexislación da función pública de Galicia, no que non resulte incompatible coa nova lei e co Estatuto básico do empregado público”.

E así o dispón a Disposición derogatoria primeira: “2. Mantén a súa vixencia no que non resulte incompatible con esta lei e co Estatuto básico do empregado público a normativa de desenvolvemento da lexislación da función pública de Galicia, mentres non entren en vigor as disposicións de desenvolvemento da presente lei que a substitúan”.

g. Finalmente dicir que, a Lei 2/2015, opera unha modificación certamente transcente no réxime xurídico dos funcionarios das entidades locais galegas, xa que por primeira vez quedan suxeito con plena efectividade ao réxime da función pública establecido pola Comunidade Autónoma.

Logo deste percorrido polas Normas reguladoras das retribucións dos funcionarios locais, podemos concluir que os niveis de complemento de destino no son os establecidos polo artigo 71 do Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de

traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, senon polo Decreto Autonómico 93/91 ao que remite a Lei 2/2015, da función pública de Galicia coa que conclúe o proceso de interiorización do réxime das retribucións complementarias no ámbito competencial das Comunidades Autónomas que fixeron uso da súa potestade lexislativa neste ámbito, como é o caso da galega.

Terceira.- En relación aos grupos e subgrupos de clasificación para o desempeño dos postos de traballo incluídos na Relación de Postos de Traballo.

Alega o recorrente que a RPT vulnera o establecido polo artigo 169 do real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, na medida en que o desempeño de determinados postos de xefatura ábrese a Grupos e Subgrupos de Clasificación, cunha interpretación tan extensiva das funcións atribuídas por tal disposición que viciaría de nulidade a RPT.

O artigo 169 do Real decreto lexislativo 781/1986, norma de aplicación a todas as Entidades Locais, concellos e deputacións, concellos de mil habitantes ou concellos de un millón, porén ten que ser unha norma necesariamente abstrata e, polo tanto, flexible, de forma que permita a nivel funcional a xestión dos recursos humanos das distintas Entidades Locais. Así o citado artigo establece:

“Artículo 169.

1. Corresponde a los funcionarios de la Escala de Administración General el desempeño de funciones comunes al ejercicio de la actividad administrativa. En consecuencia, los puestos de trabajo predominantemente burocráticos habrán de ser desempeñados por funcionarios técnicos, de gestión, administrativos o auxiliares de Administración General.

La Administración del Estado fijará los criterios de población, clasificación de la Secretaría respectiva y demás que sirvan para la determinación de las Corporaciones en que puedan existir puestos de trabajo a desempeñar por funcionarios de cada una de las Subescalas de la Escala de Administración General.

a) *Pertenecerán a la Subescala Técnica de Administración General, los funcionarios que realicen tareas de gestión, estudio y propuesta de carácter administrativo de nivel superior.*

b) *Pertenecerán a la subescala de gestión de Administración General los funcionarios que realicen tareas de apoyo a las funciones de nivel superior.*

c) *Pertenecerán a la Subescala Administrativa de Administración General, los funcionarios que realicen tareas administrativas, normalmente de trámite y colaboración.*

d) *Pertenecerán a la Subescala Auxiliar de Administración General, los funcionarios que realicen tareas de mecanografía, taquigrafía, despacho de correspondencia, cálculo sencillo, manejo de máquinas, archivo de documentos y otros similares.*

e) *Pertenecerán a la Subescala de Subalternos de Administración General, los funcionarios que realicen tareas de vigilancia y custodia interior de oficinas, así como misiones de Conserje, Ujier, Portero u otras análogas en edificios y servicios de la Corporación”.*

Do teor literal do precepto dado o carácter abstracto e xenérico das competencias funcionais que se atribúen de cada subescala non se infire ningunha regra que delimite de forma absoluta o desempeño de postos de xefatura con atribución digamos privativa a unha determinada subescala. Os límites que fixa son amplos, como non pode ser doutra maneira, primeiro porque afecta a potestade de autoorganización e, segundo, á autonomía local, o que demanda da norma estatal un grado de flexibilidade das competencias funcionais de cada subescala que permita un ámbito de xestión dos seus recursos humanos a cada entidade local.

Así as cousas, podemos afirmar que os postos de xefatura poden ser desempeñados por funcionarios/as que pertenza a distintas subescalas, a condición de que a posibilidade de atribución de determinados postos de xefatura supoña unha vulneración flagrante das atribucións funcionais que artigo 169 atribúe a esa subescala ou subescalas.

CONCLUSIÓN

Con fundamento en canto se deixa exposto, propónse ao pleno da Diputación provincial a desestimación do recurso de reposición interposto por D. Jesús Montouto González, quedando sen efecto a suspensión da execución do acto de aprobación definitiva obxecto do mesmo”.

B.2.- Recurso reposición interposto por dona Edita Núñez Ramos.

Transcribense do informe de referencia as consideracións xurídicas no mesmo contidas:

“CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

ÚNICA.- Tendo en conta que a cuestión de fondo que se formula; por un lado, a declaración de posto a extinguir, soamente pode e debe ser abordada desde o ámbito da potestade de autoorganización e da xestión de persoal, ámbitos sobre os que esta secretaría nada pode dicir, agás no que se refire ao procedemento seguido, no que non apreciamos vicios que afectan a validez do acordo recurrido. É dicir, non estamos propiamente diante dunha cuestión de dereito.

A respecto soamente dicir, que anque se trata dun vocablo cun campo semántico moi amplo, no suposto dos funcionarios a cualificación dun posto a extinguir - por certo máis propio de prazas que de postos- non ten, por si mesma efectos xurídicos sobre o desempeño do posto que se ten, nin sobre adscrición ao servizo en que se está. Por suposto, en ningún caso, pode afectar á permanencia como funcionaria de carreira ata a súa xubilación.

En relación co nivel da xefatura de sección, esta secretaría non pode entrar nos criterios, en principio meramente técnicos, seguidos pola Comisión Técnica de Valoración que, loxicamente vén investida dunha certa discrecionalidade técnica, en canto órgano especializado ao que se lle encarga a Valoración de todos os postos da Entidade.

Na miña condición de xefe do servizo ao que está adscrita a recorrente, dicir unha vez máis, que o seu perfil profesional encaixaría mellor dentro dos servizos que xestionan a promoción do emprego, obradoiros de emprego e formación profesional ocupacional. Dito o anterior, manifestar que como funcionaria deste servizo desempeña as tarefas encargadas con normalidade, incluso as que non serían propias do posto, nomeadamente asistencia como vocal a mesas de contratación nos municipios.

Por todo exposto, debo remitirme, e así o fago, as valoracións da Comisión Técnica de Valoración”.

B.3.- Recurso reposición interposto por dona Isabel Álvarez Núñez.

Transcribense do informe de referencia as consideracións xurídicas no mesmo contidas:

“CONSIDERACIONES XURÍDICAS

ÚNICA.- Tendo en conta que a cuestión de fondo que se formula; por un lado, a que o negociado do que exerce a xefatura pase a ser unha unidade; e dúas, como consecuencia desa modificación, que se atribúan a contía do complemento específico, cuestións sobre os que esta secretaría nada debe dicir, agás no que se refire ao procedemento seguido para a aprobación da RPT, no que non apreciamos vicios que afectan a validez do acordo recorrido, xa que non estamos propiamente diante dunha cuestión de dereito.

A maior abastanza dicir que nos fundamentos que se alegan non analiza a valoración da Comisión Técnica de Valoración.

Consecuentemente, esta secretaría non pode entrar nos criterios, en principio meramente técnicos, seguidos pola Comisión Técnica de Valoración que, loxicamente vén investida dunha certa discrecionalidade técnica, en canto órgano especializado ao que se lle encarga a Valoración de todos os postos da Entidade.

Por todo exposto, debo remitirme, e así o fago, as valoracións da Comisión Técnica de Valoración”.

QUINTO.- Con fundamento en canto antecede polo deputado delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, sometese a consideración do Pleno a seguinte proposta, que textualmente di:

“I ANTECEDENTES.

A Corporación da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria, celebrada o 29 de maio do 2018, aprobou definitivamente a “proposta de revisión e modificación parcial da relación de postos de traballo (RPT) da Deputación Provincial de Lugo”, por ser o órgano competente, conforme ao previsto no artigo 22.2.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 88 do Regulamento Orgánico da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

A Relación de Postos de Traballo, logo destas modificacións, en cumprimento do previsto no artigo 202.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG), foi publicada no BOP de Lugo, número 190, do 20 de agosto de 2018.

Contra a dita resolución foron interpostos os seguintes recursos de reposición:

a) Recurso de Dona María Edita Núñez Ramos, que tivo entrada no rexistro xeral o 5 de xullo de 2018.

b) Recurso de Dona Isabel Álvarez Núñez, que tivo entrada no rexistro xeral o 20 de setembro do 2018.

c) Recurso de Don Jesús Montouto González, que tivo entrada no rexistro xeral o 20 de setembro do 2018.

II. NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público (EBEP) .

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).

- Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia(LEPG).

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

III.- PROPOSTA DE ACORDO PLENARIO

Visto o contido dos informes que constan no expediente.

Tendo en conta que, no que fai referencia ao contido do escrito de Dona María Edita Núñez Ramos, de 5 de xullo de 2018 - que, por outra parte, podería ser inadmitido, xa que foi presentado extemporaneamente, conforme ao prazo previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), para os recursos de reposición; e nel limítase a facer reiteración dos mesmos argumentos que xa formulara no seu

escrito de 28 de xaneiro de 2018, con ocasión do trámite de información pública; e que xa foron obxecto de análise e avaliación específica, en reunión técnica de 7 de marzo de 2018, sen que achegue novos razoamentos que desvirtúen a desestimación xa efectuada no seu día.

Considerando que, no que fai referencia ao contido do escrito de Dona Isabel Álvarez Núñez, de 20 de setembro do 2018, o seu recurso non achega ningunha exposición motivada limitándose a solicitar un incremento das retribucións complementarias atribuídas ao posto de traballo que ocupa, en liña coa pretensión xa expresada, no seu escrito de 19 de xaneiro de 2018; que xa foi analizado en reunión técnica de 7 de marzo de 2018; e desestimándose cos fundamentos xa recollidos no expediente.

Visto que no recurso formulado por Don Jesús Montouto González, que tivo entrada no rexistro xeral o 20 de setembro do 2018, independentemente de que podería ser cuestionada a lexitimación para interpoñelo, en relación aos asuntos que invoca como obxecto material do mesmo e, en consecuencia, inadmitilo, xa que, por unha parte, está referido a un asunto (intervalos de complemento de destino) que xa foi obxecto de estudo e desestimación, logo de que xa formulara a mesma cuestión, no seu escrito, de 20 de decembro do 2017, con carácter previo á aprobación inicial do expediente de modificación parcial da RPT, en sesión plenaria de 21 de decembro do 2017; e, por outra, por ser cuestionable a súa lexitimación para interpoñer recurso de reposición, sobre este asunto, xa que limítase a invocar presuntos ou hipotéticos prexuízos futuros, que segundo a xurisprudencia non xustificarian a existencia da lexitimación que pretende. Con todo, o contido da súa argumentación xa foi abordada no informe do Servizo de Recursos Humanos, de 16 de marzo de 2018, que foi conformado polo titular da Secretaría Xeral, que consta no expediente; sen que no seu novo escrito de recurso de reposición se desvirtúe a fundamentación xurídica exposta no dito informe, no que queda acreditado a vixencia e aplicabilidade do Decreto 93/91, de 20 de marzo, por ser norma específica, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, por estar así establecido pola Disposición Adicional Única do Real Decreto 158/1996, de 2 de febreiro, polo que se determina a condición supletoria, só aplicable en ausencia de lexislación autonómica específica, do Real Decreto 364/1985, nesta materia. Ao proceder a desestimación do solicitado, tamén debe entenderse que queda sen efecto a medida cautelar de suspensión da

execución solicitada por non ter fundamento xurídico e supoñer un ataque directo e inxustificado á actuación eficaz da administración.

Á vista de canto antecede, conforme ao procedemento establecido pola normativa de aplicación; propono que a Presidencia someta á consideración do Pleno da Corporación Provincial esta proposta e que se adopte o seguinte acordo:

1º.- Desestimar o Recurso de Reposición de Dona María Edita Núñez Ramos, que tivo entrada no rexistro xeral o 5 de xullo de 2018, referido ao posto de traballo que ocupa, xa que, en todo caso, ademais de adoeecer de defectos que xustificarían a súa non admisión por extemporáneo, non achega ningún argumento xurídico que xustifique a modificación da decisión adoptada no seu día.

2º.- Desestimar o Recurso de Reposición de Dona Isabel Álvarez Núñez, que tivo entrada no rexistro xeral o 20 de setembro de 2018, referido ao posto de traballo que ocupa, xa que non achega ningún argumento xurídico que xustifique a modificación da decisión adoptada no seu día.

3º.- Desestimar o Recurso de Reposición de Don Jesús Montouto González, que tivo entrada no rexistro xeral o 20 de setembro de 2018, xa que, aínda existindo dúbidas sobre a súa lexitimación, en relación ás pretensións que se recollen no seu escrito, por falla de afectación directa e efectiva, en todo caso, a argumentación que pretende facer valer en defensa da súa solicitude, xa foi rexeitada no seu día, pois non resulta de aplicación a normativa que invoca en defensa da súa proposta; e deixar sen efecto a medida cautelar solicitada, en atención ao criterio xurisdiccional de que ao ser desestimada a pretensión principal decae a medida de suspensión da execución, xa que non concorre ningunha das circunstancias previstas no artigo 117.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas”.

A Comisión Informativa de Goberno Interior e Relacións Institucionais, por maioría, coa abstención do Sr. Deputado D. José Antonio García López membro do Grupo Provincial Popular, e o voto en contra do Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, acorda informar favorablemente a proposta transcrita e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede.

Intervén o Sr. Deputado D. Miguel Angel Sotuela Vega, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“Tráese a Pleno unha proposta en relación con recursos de reposición de tres traballadores da Deputación que fan unha reclamación ó seu posto de traballo. O que se propón ó Pleno é ratificarse no que xa se acordou no Pleno no que aprobou definitivamente a RPT, desestimando as alegacións que fan estes tres traballadores ó seu posto de traballo”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Solamente lembrar que na primeira votación o BNG abstívose coa intención de non obstaculizar a súa aprobación pero véndolle problemas bastante serios á propia proposta de RPT, e algunhas cousas tamén positivas, por iso nos abstivemos. Sempre dixemos que era unha abstención pensando que a RPT ía saír adiante de todas formas e nunca foi a nosa intención paralizala.

Logo cando os sindicatos presentaron o recurso para que se volviera votar no Pleno nós votamos a favor nesa liña de querer que se aprobara a RPT, e considerando que as cousas positivas compensaban en parte as negativas votamos a favor. Agora parécenos que o coherente é manter a mesma liña de non impedir que esta RPT se aprobe, e sobre todo porque vemos que unha paralización da RPT ten uns inconvenientes que superan con moito as vantaxes que puidera ter.

Aparte diso, para nós sempre foi prioritario a mellora das condicións laborais das categorías máis baixas dos postos de entrada, cuestión na que hai que seguir a traballar, e nós dende o BNG tanto nesta lexislatura como no futuro se temos ocasión seguiremos niso, en traballar para mellorar as condicións laborais daqueles que non chegan ou bordean os mil euros, co cal nesa liña non imos impedir, no que a nós nos corresponde, que se aprobe esta RPT. Ademáis dicir que nos parece perfecto, e incluso animamos a aqueles traballadores que consideren que a RPT vulnera os dereitos laborais que recurran o que sexa necesario e que cheguen a onde precisen, teñen todo o dereito do mundo e pola nosa parte todo o noso apoio para defender os seus propios dereitos. Pero

co noso voto non podemos deixar que esa xente que menos cobra, que ten o salario máis baixo, podan sair prexudicados dunha decisión que tome este Pleno no día de hoxe. En todo caso imos votar a favor de que a RPT saia adiante”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir que renuncian ó primeiro turno de intervención.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Simplesmente para deixar constancia da postura deste Deputado que foi clara na RPT votando en contra, presentando ademáis unha serie de emendas e de peticións que foron rexeitadas pola maioría neste caso do Grupo Socialista co apoio do BNG.

E sorpréndeme porque da a sensación de que a RPT é a panacea para os traballadores que menos cobran, cando nesa emenda que eu presenteí ía que se empezara por eles a mellora das remuneracións ou das actualizacións que ían aí, e foi rexeitada polo Pleno; iso é un xuízo salomónico, hoxe estamos moi salomónicos, antes tomamos unha decisión salomónica tratando de arreglar o desaguizado que provocou que non se actuara conforme á lei por parte do Grupo de Goberno cumprindo o que tiña, a pesares de que podemos asumir os erros que fora, e agora volve ser o mesmo, por un lado defendemos a RPT e por outro lado que recurran, cando recurren resulta que llos rexeitamos.

En principio a miña postura vai ser de apoiar os recursos dos traballadores e, reitero, por coherencia co votado cando se trouxo aquí a RPT, votar en contra da proposta do Grupo de Goberno”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Miguel Angel Sotuela Vega, en representación do Goberno Provincial para dicir o seguinte:

“Rexeitanse as tres alegacións que fan os traballadores despois de comprobar que non modifican en nada na petición que fan a que xa fixeran no Pleno pasado cando recorreron sobre

isto. Quero recordar que esta RPT afecta directa e positivamente a cerca de catrocentos traballadores desta Casa, que houbo algunhas reclamacións que non se atenderon porque entendiamos que non procedía atendelas naquel momento, nin tampouco agora; na que doce reclamacións acéptanse total ou parcialmente; na que trece reclamacións non se aceptan na súa totalidade; e se agora nun recurso de reposición estes traballadores, sen ter argumentado absolutamente nada diferente ó que xa tiñan argumentado no Pleno anterior, pretender aprobarlle isto é un pouco deixar ós outros que tamén reclamaron e ós que neste caso polo feito de pedir a suspensión do acordo a tódolos traballadores que se benefician, porque aquí ninguén saíu prexudicado, deste acordo, era deixalos un pouco sen defensa.

Entonces dende o Grupo de Goberno reunimos a comisión de seguimento do acordo, e simplemente xa non quero intervir máis neste tema e vouno ler xa agora: “ á vista da mesma, tendo en conta as consideracións que nela se recollen e que en definitiva conclúen que non se alegan nos recursos presentados feitos, argumentos, ou motivos diferentes ós manifestados polos recurrentes no período de alegacións, a comisión por unanimidade acorda aprobar a proposta do Deputado Delegado”.

Entonces con isto acabo dicindo que hai unanimidade nos sindicatos, é dicir nos traballadores, a excepción destes tres que entenderon que poden, e chegarán, ó contencioso administrativo polo seu posto de traballo, ben é verdade que algún caso destes o que fai é pedir que se suspenda o acordo e prexudicar a tódolos traballadores da Casa, entendo que iso é intención clara de facer dano non ó equipo de goberno senón máis ben ós traballadores. Entonces nós propoñemos que se aprobe tal e como vai no ditame da Comisión”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Simplemente para dicir que non é unha panacea nin moito menos, só é un primeiro paso, é o comezo dun camiño que hai que emprender e para nada é unha panacea, de feito queda moi curto do que debera facerse.

Por outra banda corrixir un pouco ó Deputado do Goberno porque cando eu falo de reclamacións e digo que quen se vexa prexudicado que reclame non me estou referindo só a estes tres que se trae aquí, de feito esas son reiterativas, pero hai varios traballadores, polo que eu entendo, que non presentando nova reclamación para dicir o mesmo en principio poden ir directamente ó xulgado; en todo caso paréceme que é un dereito que pode ter calquera traballador se considera que a decisión que se toma non é acorde ou vulnera nalgún momento os seus dereitos laborais, que o faga; incluso creo que os que estamos aquí ningún somos expertos en dereito laboral, e por tanto podemos incluso tomar decisións que non sexan as correctas, co cal teñen todo o dereito e paréceme lexítimo que todo o mundo defenda os seus intereses onde considere oportuno.

E si que me parece que as tres reclamacións que tratamos hoxe aquí son reiterativas, nesa cuestión o Pleno xa tomou a decisión e non entendo incluso moi ben porque teñen que volver outra vez aquí e non van directamente á instancia correspondente; en todo caso xa se dilucidará por quen controla disto e quen cobra para tomar esas decisións”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“A intervención do Grupo Provincial Popular circunscribírase exactamente á última intervención que se debatiu nesta sesión plenaria cando trouxemos a Pleno a resolución das alegacións. Creo que o feito de que aínda sigamos debatendo alegacións de traballadores é que dende logo o traballo non se fixo ben, supoño que ademáis isto acabará nun proceso contencioso, e nós dixemos naquela sesión, e reproducimos hoxe, que non imos ser os responsables de prexudicar a ninguén, sempre facemos ese chamamento de responsabilidade a tódolos Grupos Políticos, dixémolo nos últimos tempos ademáis dunha maneira moi alta e clara nos traballadores de Suplusa, que nunca deben ser instrumento de debate político; pero si que é certo que o feito de que hoxe novamente teñamos alegacións o máis probable é que remate nun proceso contencioso, é que efectivamente o traballo non se fixo ben.

Nós mantemos o noso sentido do voto que foi de abstención, e reproducimos os argumentos que o meu compañeiro na última sesión plenaria á que se trouxo este tema espuxo”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Non tiña pensado intervir pero despois de escoitar ó voceiro do Grupo social arribista obviamente hai cousas que non se poden permitir. Ó final non nos di se isto é correcto e legal, o que nos di é que como non recurriron os outros que tiñan recurrido, para non prexudicar ós que deixaron de recurrir, non se aceptan estes; é un criterio legalista, rigoroso e serio.

E despois parece ser que cando recurrimos nós ou cando expresamos a nosa opinión aquí, correcta ou non, que se acepte ou non se acepte, que guste ou non, estamos a facer dano; cando eles van ó Xulgado e votan en contra obviamente están mirando polos intereses da provincia e deste país, ou sexa, maquiavélico; pero tampouco se lle pode pedir máis a quen non pode dar”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Miguel Angel Sotuela Vega, en representación do Goberno Provincial, quen manifesta o seguinte:

“Volvemos ó mesmo, parece que se collen as palabras como convén en cada momento. Nós temos que traer isto a Pleno e así a norma nolo di, hai que traer ao Pleno o recurso de reposición, non queda máis remedio; nós ratificamos o acordo anterior en base tamén a uns argumentos que xa fixemos no seu momento, se quere repítollos pero non son eses.

Por suposto que nós queremos que todo aquel traballador que se sinta non ben tratado nesta RPT reclame, e que termine onde queira terminar, se quere terminar no contencioso administrativo que o faga, porque será que ten argumentos para chegar alí e demostrar que ese traballador pode conseguir máis ou menos, porque pode reclamar para as dúas cuestións, do que se lle valora na Relación de Postos de Traballo, que pasa tódalas cribas que ten que pasar, legalmente pasa por tódolos sitios que ten que pasar, e que legalmente rexeita aquelas cousas que entende que ten que rexeitar, uns co voto a favor da aprobación, outros coa abstención, pero todo o mundo as rexeitou

naquel momento; é verdade que o Deputado non adscrito non as rexeitou, pero iso non o entro a valorar.

Entonces ninguén lle nega ese dereito, e non deixo que me corrixan nese tema, somos nós os máis garantistas de que os traballadores cheguen ó final deste proceso con total garantía de que son atendidos, como así foron, en cada unha das cuestións, o que pasa é que a valoración que se fixo dese posto, ou o que nós entendiamos, ou quen fixo a valoración entendeu, e nós ratificando aquilo entendemos, é a que é, e agora o único que facemos é traelo a Pleno; é verdade que utilicei o argumento ese pero simplemente hai unha petición aí que di que se suspenda o acordo, se isto non se aproba hai que suspender o acordo, iso é o que nós dicimos que é inxusto para o resto de traballadores, porque o acordo ó mellor vano suspender eles se van ó contencioso e piden a suspensión do acordo, pero xa o van facer eles non o Pleno, por nós non vai ser. E simplemente dicir que iso é o final ó que queremos chegar”.

A continuación procedese á votación da proposta; efectuada a votación e verificada a mesma, da o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (correspondendo aos señores deputados do Grupo Provincial Socialista e Grupo Provincial BNG), abstencións, 12 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Popular), votos en contra, 1 (correspondente ao deputado non adscrito). Polo que o Pleno da Corporación, por maioría, acorda:

1º.- Desestimar o recurso de reposición interposto por don Jesús Montouto González.

2º.- Desestimar o recurso de reposición interposto por dona Edita Núñez Ramos.

3º.- Desestimar o recurso de reposición interposto por dona Isabel Álvarez Núñez.

5.- CORRECCIÓN DE ERRO DE TRANSCRICIÓN NA PROPOSTA APROBADA POLO PLENO EN SESIÓN DE 26 DE XUÑO DE 2018, EN RELACIÓN COA CESIÓN DE TITULARIDADE DUN TRAMO DE ESTRADA PROVINCIAL LU-P-1505 Ó CONCELLO DE CERVO.

Resultando que se detecta un erro na proposta que motiva o acordo adoptado polo Pleno celebrado o 26 de xuño de 2018 baixo o epígrafe “Proposta relativa á solicitude de cesión de titularidade, a favor do Concello de Cervo, dun tramo da estrada provincial LU-P-1505” consistente na transcripción no número dun tramo de estrada provincial obxecto de aprobación da cesión de titularidade a favor do Concello de Cervo.

Vistos o informe da Sección de Patrimonio, así como o ditame emitido favorablemente por unanimidade da Comisión de Goberno Interior e Relacións Institucionais, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda a enmenda do erro do seguinte xeito:

Onde di:

1º.- Aceptar o cambio de titularidade a favor do Concello Cervo do treito da estrada LU-P-1505 “Cervo (N-642)-Sargadelos-Vilaestrofe (LU-P-1502)” comprendido entre o p.q. 0+000, inicio na intersección coa N-642, e o p.q. 1+970, intersección coa LU-P-1504 “Río Covo (N-642)-As Fábricas de Sargadelos (LU-P-1505)”.

Debe dicir:

1º.- Aceptar o cambio de titularidade a favor do Concello Cervo do treito da estrada LU-P-1505 “Cervo (N-642)-Sargadelos-Vilaestrofe (LU-P-1502)” comprendido entre o p.q. 0+000, inicio na intersección coa N-642, e o p.q. 1+970, intersección coa LU-P-1504 “Río Covo (N-642)-As Fábricas de Sargadelos (LU-P-1505)”.

COMISION DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS E MEDIO AMBIENTE

6.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DO ALCALDE DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO, SOLICITANDO UNHA MODIFICACIÓN/ SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver o escrito da Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro, no que solicita unha modificación / substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018

Resultando que polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

Resultando que o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluídas os investimentos que se sinalan e se pretenden modificar/ substituír.

PLAN ÚNICO 2018		IDENTIFICACIÓN OBRA OU SERVIZO MUNICIPAL 2018, INVESTIMENTOS				AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS		
CONCELLO	TOTAL ACHEGA DA DEPUTACIÓN INVESTIMENTOS		IDENTIFICACIÓN			PRECISA		NON PREC.
				CANTIDADE DESTINADA DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN	APORTACIÓN MUNICIPAL	TOTAL FINANCIAMENTO	TEN	NON TEN
PEDRAFITA DO CEBREIRO	134.286,71 €	207	IDENTIFICACIÓN	MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DO VIAL EXISTENTE DE ACCESO A BARXAMAIOR, P.k. 3+800 - 4+600				
			FINANCIACIÓN	34.891,60	10.108,40	45.000,00		X
		208	IDENTIFICACIÓN	MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DO VIAL EXISTENTE ENTRE O ALTO DE RUBIAIS E LIÑARES, p.k. 0+000 -2+300				
			FINANCIACIÓN	40.000,00	0,00	40.000,00		X
		209	IDENTIFICACIÓN	SOTERRAMENTO DE INFRAESTRUTURAS ELÉCTRICAS NO NÚCLEO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO				
			FINANCIACIÓN	12.248,01	0,00	12.248,01		X
		210	IDENTIFICACIÓN	DEMOLICIÓN EDIFICACIÓN EXISTENTE (ANTIGA CASA DO MÉDICO), NO NÚCLEO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO				
			FINANCIACIÓN	10.800,00	0,00	10.800,00		X
		211	IDENTIFICACIÓN	ADQUISICIÓN DE LEDS PARA MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EXISTENTES NO NÚCLEO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO				
			FINANCIACIÓN	3.720,80	0,00	3.720,80		X

		212	IDENTIFICACIÓN	ADQUISICIÓN DE LEDS PARA MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EXISTENTES NOS NÚCLEOS DE O CEBREIRO, RABACEIRA E OS CASARES			
			FINANCIACIÓN	8.626,30	0,00	8.626,30	X
		213	IDENTIFICACIÓN	MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE ACCESO A SABUGOS, P.K. 0+900 - 1+400			
			FINANCIACIÓN	24.000,00	0,00	24.000,00	X

Tendo en conta que a Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro, solicita a través de escrito con RE 25690 de data 20 de setembro de 2018, e escrito con RE 27293 de data 11 de outubro de 2018 unha modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único, concretamente afecta ás obras nº 208 e 213 do plan único, aos que acompaña os novos proxectos así como documentación relativa ás novas actuacións solicitadas, e que de ser aprobado polo Pleno ditas modificacións, quedaría incluída no Plan único 2018 da maneira que se indica:

PLAN ÚNICO 2018		IDENTIFICACIÓN OBRA OU SERVIZO MUNICIPAL 2018, INVESTIMENTOS				AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS		
CONCELLO	TOTAL ACHEGA DA DEPUTACIÓN INVESTIMENTOS		IDENTIFICACIÓN			PRECISA		NON PREC.
				CANTIDADE DESTINADA DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN	APORTACIÓN MUNICIPAL	TOTAL FINANCIAMENTO	TEN	NON TEN
PEDRAFITA DO CEBREIRO	134.286,71 €	207	IDENTIFICACIÓN	MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DO VIAL EXISTENTE DE ACCESO A BARXAMAIOR, P.k. 3+800 - 4+600				
			FINANCIACIÓN	34.891,60	10.108,40	45.000,00		X
		208	IDENTIFICACIÓN	MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DA ESTRADA MUNICIPAL LU-M-045-010 DE ACCESO A OS CASARES, P.K. 0+00 -0+290				
			FINANCIACIÓN	18.150,00	0,00	18.515,00		X
		209	IDENTIFICACIÓN	SOTERRAMENTO DE INFRAESTRUTURAS ELÉCTRICAS NO NÚCLEO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO				
			FINANCIACIÓN	12.248,01	0,00	12.248,01		X
		210	IDENTIFICACIÓN	DEMOLICIÓN EDIFICACIÓN EXISTENTE (ANTIGA CASA DO MÉDICO), NO NÚCLEO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO				
			FINANCIACIÓN	10.800,00	0,00	10.800,00		X
		211	IDENTIFICACIÓN	ADQUISICIÓN DE LEDS PARA MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EXISTENTES NO NÚCLEO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO				
			FINANCIACIÓN	3.720,80	0,00	3.720,80		X
		212	IDENTIFICACIÓN	ADQUISICIÓN DE LEDS PARA MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EXISTENTES NOS NÚCLEOS DE O CEBREIRO, RABACEIRA E OS CASARES				
			FINANCIACIÓN	8.626,30	0,00	8.626,30		X

		213	IDENTIFICACIÓN	MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE ACCESO A SABUGOS, P.K. 0+900 - 1+800				
			FINANCIACIÓN	45.850,00	0,00	45.850,00		X

Coa solicitude arguméntanse sucintamente as modificacións /substitucións interesadas, nomeadamente “.... a obra incluída inicialmente xa foi realizada por outras administracións” en canto ás obras inicialmente previstas.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que esta actuación, se fora proposta antes da aprobación do propio Plan, serían aceptada. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía e necesidades.

Por todo elo, vistos os informes dos Servizos desta Deputación, así como o ditame favorable emitido por unanimidade da Comisión de Cooperación e Asistencia ós Concellos e Medio Ambiente, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro, e en consecuencia, aprobar a modificación /substitución das actuación indicada, mantendo as achegas de Deputación aprobadas, quedando o plan único de cooperación cos concellos 2018 modificado nos investimentos do Concello de Pedrafita do Cebreiro, nos seguintes termos:

PLAN ÚNICO 2018		IDENTIFICACIÓN OBRA OU SERVIZO MUNICIPAL 2018, INVESTIMENTOS				AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS NECESARIAS		
CONCELLO	TOTAL ACHEGA DA DEPUTACIÓN INVESTIMENTOS		IDENTIFICACIÓN			PRECISA		NON PREC.
				CANTIDADE DESTINADA DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN	APORTACIÓN MUNICIPAL	TOTAL FINANCIAMENTO	TEN	NON TEN
PEDRAFIT A DO CEBREIRO	134.286,71 €	207	IDENTIFICACIÓN	MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DO VIAL EXISTENTE DE ACCESO A BARXAMAIOR, P.k. 3+800 - 4+600				
			FINANCIACIÓN	34.891,60	10.108,40	45.000,00		X

		208	IDENTIFICACIÓN	MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DA ESTRADA MUNICIPAL LU-M-045-010 DE ACCESO A OS CASARES, P.K. 0+00 -0+290				
			FINANCIACIÓN	18.150,00	0,00	18.515,00		X
		209	IDENTIFICACIÓN	SOTERRAMENTO DE INFRAESTRUCTURAS ELÉCTRICAS NO NÚCLEO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO				
			FINANCIACIÓN	12.248,01	0,00	12.248,01		X
		210	IDENTIFICACIÓN	DEMOLICIÓN EDIFICACIÓN EXISTENTE (ANTIGA CASA DO MÉDICO), NO NÚCLEO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO				
			FINANCIACIÓN	10.800,00	0,00	10.800,00		X
		211	IDENTIFICACIÓN	ADQUISICIÓN DE LEDS PARA MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EXISTENTES NO NÚCLEO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO				
			FINANCIACIÓN	3.720,80	0,00	3.720,80		X
		212	IDENTIFICACIÓN	ADQUISICIÓN DE LEDS PARA MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EXISTENTES NOS NÚCLEOS DE O CEBREIRO, RABACEIRA E OS CASARES				
			FINANCIACIÓN	8.626,30	0,00	8.626,30		X
		213	IDENTIFICACIÓN	MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE ACCESO A SABUGOS, P.K. 0+900 - 1+800				
			FINANCIACIÓN	45.850,00	0,00	45.850,00		X

2º.- Someter esta modificación do Plan único 2018 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para ao seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados e formalizados os contratos nas datas establecidas nas bases do Plan único ou nos acordos de concesións das prórrogas, de ser o caso.

7.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DO ALCALDE DE O VALADOURO SOLICITANDO UNHA MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DO INVESTIMENTO INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.

Logo de ver o escrito da Alcaldía do Concello de O Valadouro no que solicita unha modificación/substitución dun dos investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017.

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28 de marzo de 2017 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 74 do Xoves 30 de marzo de 2017, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2017 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria en data 16 de xuño de 2017, figurando incluídas os investimentos que se sinalan e se pretenden modificar/ substituír.

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 27 de outubro de 2017 e do 3 de agosto de 2018 e 19 de outubro de 2018 acordouse concederlle prórroga para a adxudicación (compra), ata o 01 de decembro de 2018, do investimento:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO				AUTORIZACIÓNS		
			APORTACIÓN DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO	TEN	NON TEN	NON PREC.
O VALADOURO	250	IDENTIFICACIÓN	ADQUISICIÓN TERREOS FUTURO POLÍGONO INDUSTRIAL					
		FINANCIACIÓN	131.538,60	15.919,65	147.458,25			X

Pola Alcaldía do Concello de O Valadouro, solicítase a través de escrito con RE 27848, de data 18 de outubro de 2018, unha modificación/substitución dun dos investimentos incluídos no Plan Único, concretamente o investimento nº 250 identificado no apartado precedente, por un novo investimento denominado: Adquisición dun terreo para o desenvolvemento de actividades económicas e industriais municipais, ao que acompaña memoria, valoración e identificación do novo terreo, así como anexos V e VI (declaracións responsables sobre o investimento e sobre a dispoñibilidade dos terreos), e que de ser aprobado polo Pleno a modificación solicitada, quedarían incluídas no Plan único 2017 da maneira que se indica e cun prazo para adxudicar (comprar) o investimento que se sinala ata o 01 de decembro de 2018 e para xustificar dito investimento ata o

15 de decembro de 2018, que é o mesmo que o concedido mediante prórrogas para o investimento inicialmente incluído no plan único 2017.

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO				AUTORIZACIÓNS		
			APORTACIÓN DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO	TEN	NON TEN	NON PREC.
O VALADOURO	250	IDENTIFICACIÓN	ADQUISICIÓN DE TERREO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS E INDUSTRIAS MUNICIPAIS					
		FINANCIACIÓN	131.538,60	43.172,09	174.710,69			X

Coa solicitude arguméntanse sucintamente as modificacións /substitucións interesadas, nomeadamente “... as dificultades existentes por tratarse dunha venda voluntaria acordada entre as partes e ante a imposibilidade de acadar un acordo cos propietarios dos terreos e por tanto non poder levar a cabo o investimento, vémonos obrigados a modificar o obxecto da inversión e pretendese a adquisición dunha finca ...”

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que esta actuación, se fora proposta antes da aprobación do propio Plan, sería aceptada. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía e necesidades.

Por todo elo, vistos os informes dos Servizos desta Deputación así como o ditame favorable emitido por unanimidade da Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de O Valadouro, e en consecuencia, modificar e substituír a actuación indicada, mantendo a achega de Deputación aprobada, quedando o plan único de cooperación cos concellos 2017 modificado no investimento do Concello de O Valadouro nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO				AUTORIZACIÓNS		
			APORTACIÓN DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO	TEN	NON TEN	NON PREC.
O VALADOURO	250	IDENTIFICACIÓN	ADQUISICIÓN DE TERREO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS E INDUSTRIAS MUNICIPAIS					
		FINANCIACIÓN	131.538,60	43.172,09	174.710,69			X

2º.- Someter esta modificación do Plan único 2017 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello de O Valadouro para ao seu coñecemento, significándolle que o investimento deberán de estar adxudicado (feita a compra) nas datas establecidas nas bases do Plan único ou nos acordos de concesións das prórrogas, de ser o caso.

COMISION DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA

8.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS BASES TERCEIRA, DÉCIMA, DECIMO PRIMEIRA E DÉCIMO SEGUNDA DAS “BASES QUE REXEN A ACEPTACIÓN E ASUNCIÓN, POR DELEGACIÓN EXPRESA, DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN EN RELACIÓN A TRIBUTOS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO”.

Logo de ver a proposta da Deputada Delegada de Economía, Recadación e Facenda, do seguinte teor:

“A Deputación con data 27 de novembro de 2007, aprobou as “Bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público”.

Estas bases foron modificadas por acordos plenarios de datas 28 de outubro de 2008 e 29 de decembro de 2015.

Coa aprobación destas bases e as súas modificacións, a Deputación mellorou sustancialmente o servizo que presta aos concellos, xa que reduciu, progresivamente, a porcentaxe que se desconta dos ingresos dos concellos pola xestión realizada, que pasou do 6% do recadado en período voluntario e o total da recarga de prema e dos xuros de mora do período executivo ao actual 1% do recadado en período voluntario e o 75 % da recarga de prema e dos xuros de mora do período executivo

Estableceuse un sistema de entregas mensuais, sen custo para os concellos, a conta da recadación en período voluntario de padróns, que se calculan sobre o 90% do recadado no ano anterior.

A “Base Terceira.- contido e alcance da delegación” divídese en dúas partes. Unha primeira parte, que está referida ás competencias que a Deputación asume en relación ao Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI), ao Imposto sobre Actividades Económicas (IAE) e ao Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM). Unha segunda parte está referida a outras competencias delegables como:

- 1.- Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IITNU).
- 2.- Recadación de padróns anuais ou semestrais de outros ingresos públicos.
- 3.- Competencias de xestión recadatoria en período executivo.

Nesta segunda parte, o apartado “2.-” permite delegar competencias en materia de recadación de padróns distintos do IBI, IAE e IVTM, como poden ser certas taxas, prezos públicos e outros, pero a súa redacción actual non permite que a Deputación aprobe os citados padróns, sendo esta competencia dos concellos. Outra limitación consiste en que, estes padróns, no podrán estar referidos a períodos inferiores a seis meses, a pesar de que as distintas taxas e prezos públicos dos concellos poden estar referidos a un período inferior, normalmente de dous ou tres meses. A día de hoxe a Deputación ten capacidade para xestionar estes padróns, tal como solicitan os concellos da Provincia.

Proponse así unha nova redacción do apartado 2- da segunda parte da Base Terceira que permita á Deputación aprobar os padróns de distintos tributos, prezos públicos e demais ingresos de carácter público que sexan de vencemento periódico e xestión mediante padrón, e recaudalos sen limitacións en canto aos meses a que están referidos os citados padróns.

No último Pleno, esta Delegada, comprometeuse, despois de obter a información necesaria sobre a incidencia da medida, a presentar unha reforma das Bases que suporía modificar á baixa a compensación económica que percibe a Deputación pola prestación do servizo de xestión e recadación dos ingresos dos concellos. Polo tanto, proponse a modificación da Base Décima eliminando o contido do apartado a) que establece unha compensación económica do 1% do principal e dos xuros recadados en período voluntario. Mantense o párrafo b) referido ao 75 % da recarga en período executivo procedente, e dos xuros recadados neste período, xa que os procedementos de prema representan un alto coste para a Deputación. Esta medida supón, según os datos do exercicio 2017 unha diminución de ingresos para a Deputación que supera os 530.000 €.

-Nesta proposta incorpórase un segundo párrafo a Base Décima no que se establece que non se aplicará o réxime de compensación económica aos ingresos que percibe a Diputación pola súa xestión naqueles supostos de xestión e recadación de ingresos derivados das prestacións de servizos por vía de cooperación interadministrativa según o que se regule no convenio aprobado a tal efecto.

- Segundo a redacción actual da Base Decimosegunda, no apartado referido á liquidación definitiva, establecece que no primeiro trimestre do ano seguinte ao que se realiza a xestión, practicarase unha liquidación anual e definitiva e producirase o ingreso do importe definitivo da recadación do que se deducirá:

- O importe das entregas a conta mensuais.
- Devolucións de ingresos indebidos.
- A compensación económica a que se refire a base décima pola prestación do servizo.
- Calquera outro importe que proceda relacionado coas competencias delegadas.

Según esta redacción, ata a citada liquidación definitiva, os concellos non obteñen outros ingresos que non sexan as entregas mensuais a conta da recadación en período voluntario por padróns.

Ao longo do ano, en virtude de determinados procesos como, por exemplo, as recentes liquidacións derivadas dos procedementos de regularización catastral, a que se refire a Disposición adicional terceira do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2004 do 5 de marzo, producense ingresos, en favor dos concellos, que teñen un carácter extraordinario e cuxo importe é significativo cuantitativamente, pero que, según a citada Base decimosegunda, ata a liquidación definitiva do primeiro trimestre do ano seguinte non poden dispoñer dos citados fondos.

Para solucionar esta situación, e os concellos poidan dispoñer dos fondos, propónse modificar a Base “Decimoprimeira.- Entregas a conta”, coa finalidade de que, cando se produza un volumen de ingresos excepcional, previa solicitude do concello, se lle poida realizar unha entrega a conta da liquidación definitiva.

- Propónse, así mesmo, revisar a redacción da Base “Decimosegunda- Liquidacións provisionais e definitivas” no apartado “Liquidación definitiva”, para que sexa congruente coa nova redacción da Base Decimoprimeira, de forma que donde se dí que se deducirá do ingreso definitivo: “O importe das entregas a conta mensuais” debe dicir: . “O importe das entregas a conta”, para que, no caso de que exista algún ingreso extraordinario en favor do concello, poida ser compensado na liquidación definitiva.

Polo exposto, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a reforma das “Bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público”, modificando a redacción das seguintes Bases:

-“Base Terceira.- Contido e alcance da delegación”, no apartado 2- da segunda parte, referido á xestión e recadación de padróns.

- “Base Décima.- Compensación económica”, na que se deroga o apartado “a) *O 1% do principal e dos xuros recadados en período voluntario*”.

-“Base Decimoprimeira.- entregas a conta”, na que se incorpora un novo párrafo coa finalidade de que, cando se produza volume de ingresos extraordinarios se poida realizar unha entrega a conta da liquidación definitiva.

-“Base Decimosegunda.- liquidacións provisionais e definitiva”, que no apartado “Liquidación definitiva” a frase “*O importe das entregas a conta mensuais*” queda redactada “O importe das entregas a conta”.

Sendo a redacción completa dos textos a seguinte:

1º Base Terceira.- Contido e alcance da delegación, parte segunda:

“- Os concellos, a maiores, poderán delegar as seguintes competencias, sempre que a Deputación Provincial dispoña dos medios personais e materiais necesarios para asumilas, que aceptará unha vez incorporados os medios citados:

1.- As competencias que teñen atribuídas en materia de xestión, inspección e recadación, tanto en período voluntario coma en período executivo, do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

2.- As competencias que teñen atribuídas en materia de liquidación e recadación, en período voluntario e executivo, en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público, todos eles de vencemento periódico e xestión mediante padrón.

3.- As competencias de xestión recadatoria en período executivo de todas aquelas débedas derivadas de liquidacións periódicas, ou non periódicas, realizadas polos concellos en período voluntario, incluídas as sancións e aquelas outras derivadas dun acto administrativo, en virtude do cal houbese de satisfacerse cantidade líquida”.

2º.- BASE DÉCIMA.- Compensación económica

“Polo exercicio das funcións delegadas a Excma. Deputación Provincial de Lugo percibirá unha compensación económica consistente en:

a) (derogado).

b) O 75% da recarga en período executivo procedente, e dos xuros recadados neste período.

Este réxime de compensación económica non se aplicará naqueles supostos de xestión e recadación de ingresos derivados das prestacións de servizos por vía de cooperación interadministrativa según o que se regule no convenio aprobado a tal efecto.

3º.- BASE DECIMOPRIMEIRA.- Entregas a conta

“A Deputación Provincial realizará entregas mensuais, sen custo para os concellos, a conta da recadación en período voluntario das débedas de notificación colectiva por padrón, que ha de recadar en cada exercicio, segundo as competencias delegadas.

O importe das entregas a conta calcularase sobre o 90% da recadación por padróns, do exercicio anterior, repartido en 12 mensualidades.

O importe da recadación do exercicio anterior sobre a que se realizará o cálculo do 90% poderase axustar en aqueles importes de liquidacións que modifiquen de forma certa o padrón do exercicio no que se realiza o anticipo.

No suposto de ingresos extraordinarios, efectivos e dun importe cuantitativamente significativo, despois da solicitude do concello, poderá realizarse unha entrega a conta da liquidación anual e definitiva, á que se refire a Base Decimosegunda, polo importe dos ingresos, unha vez descontada a compensación económica que proceda según a Base Décima.

No suposto relativo a ingresos derivados da prestación de servizos por vía da cooperación interadministrativa, será o convenio aprobado ao efecto o que estableza a posibilidade de realizar entregas a conta.

4º.- Apartado segundo da BASE DECIMOSEGUNDA- Liquidacións provisionais e definitiva

LIQUIDACIÓN DEFINITIVA

“No primeiro trimestre do exercicio seguinte practicarase liquidación anual e definitiva e producirase o ingreso do importe definitivo de recadación do que se deducirá:

- O importe das entregas a conta.
- Devolucións de ingresos indebidos.
- A compensación económica a que se refire a base décima pola prestación do servizo.
- Calquera outro importe que proceda relacionado coas competencias delegadas.

En relación a esta liquidación anual, unha vez comunicada ao concello este poderá, no prazo dun mes alegar o que estime pertinente, así como achegar calquera tipo de documentación. Transcorrido o prazo sinalado, sen que se presenten alegacións, a liquidación anual entenderase definitivamente aprobada.

Polo Presidente da Deputación, resolverase sobre as alegacións formuladas e sobre a aprobación definitiva da liquidación anual.

SEGUNDO: Establecer que esta reforma terá efectos a partir do día seguinte da súa completa publicación. En canto á derogación do apartado a) da Base Décima.- Compensación económica entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2019.

TERCEIRO: Publicar os acordos no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia”.

A Comisión Informativa de Economía, Recadación e Facenda, por unanimidade acordou informar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“No último pleno traíamos a proposta de modificación destas bases e comprometíamonos, logo da proposta do Grupo Popular, a modificar tamén a porcentaxe que se lles estaba a cobrar ós concellos na recadación voluntaria logo de ter un informe do impacto económico que suporía para as contas provinciais. Este impacto é dun pouco máis de medio millón de euros, e traemos a proposta anterior á que lle engadimos pasar do 1% a eliminar este artigo, e desta forma aliviar un pouco máis ós concellos toda vez que unha vez aprobado tamén se vai poder ingresar nas arcas municipais sen necesidade de agardar á liquidación definitiva aqueles ingresos derivados por exemplo da regularización catastral.

Pola miña parte nada máis xa que é un tema que se tratou na anterior sesión”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Demetrio Salgueiro Rapa, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Creo que é unha boa nova, e que ó final, despois de seis ocasións en que veu a Pleno, por fin sae adiante esta proposta do Grupo Popular, que é unha petición reiterada dos concellos, para que non teñan que pagar nada polo servizo de recadación en voluntaria; é algo que pedimos en reiteradas ocasións e que nos comprometemos a apoiar se se facía esa modificación no Pleno anterior, e unha vez feita agradecer o traballo.

Simplemente unha pequena puntualización, pedir que se axilicen ó máximo os pagos ós concellos que soliciten eses anticipos da liquidación definitiva para que os propios concellos podan ter esa liquidez o antes posible. E anunciar que imos apoiar esta proposta”.

Efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- DECLARACIÓN DE INVERSIONES FINANCIERAMENTE SUSTENTABLES.

Logo de ver a proposta en relación co asunto sinalado no epígrafe, do seguinte teor:

“Vistos os informes de Intervención de avaliación do cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a 30 de xuño de 2018 e previsións a 31 de decembro de 2018, de data 31 de xullo de 2018, e 19 de outubro de declaración de investimentos financeiramente sustentables, por importe de 155.283,58 €, de investimentos incluídos no orzamento 2018 logo da modificación orzamentaria aprobada definitivamente o 28 de xuño financiada con remanente de tesourería para gastos xerais, todo iso para cumprir co obxectivo de regra de gasto previsto no período 2018, segundo as estimacións a 31 de decembro de 2018, e segundo a normativa reflectida no artigo 32 e disposición adicional sexta da LEOSF e disposición adicional decimo sexta do TRLRFL, segundo figura no informe de 19 de outubro que acompaña á presente proposta e demais documentos que figuran no expediente, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción do seguinte acordo:

1º.- investimentos financeiramente sustentables por importe de 155.283,58 €, co seguinte detalle:

Transferencias de capital a Concellos segundo o Plan Único aprobado, con cargo a parte da aplicación 1531.762 “Acesos ós núcleos de poboación. Transferencias de capital A Concellos” polo importe de 155.283,58 €, e Os investimentos dos Concellos detállanse a continuación:

Identificación investimento	Aplicación Orzamentaria	Aportación Deputación
Antas de Ulla - MELLORA DO FIRME NA REDE VIARIA MUNICIPAL NOS NÚCLEOS DE A FRAGA, CHORENTE E LEBESENDE, (según coordenadas UTM)	1531.762	12.559,19
Antas de Ulla - MELLORA DO FIRME NA REDE VIARIA MUNICIPAL NO NÚCLEO DE VILAPOUPRE, (según coordenadas UTM)	1531.762	44.176,13
Antas de Ulla - MELLORA DO FIRME NA REDE VIARIA MUNICIPAL NOS NÚCLEOS DE CASTRO DE AMARANTE E DE VILASIÓN, (según coordenadas	1531.762	38.029,49

UTM)		
Antas de Ulla - MELLORA DO FIRME NA REDE VIARIA MUNICIPAL NOS NÚCLEOS DE BARREIRO, ALVIDRÓN, FUNSÍN E RANDULFE, (según coordenadas UTM)	1531.762	35.247,58
Baralla - MELLORA DE ACCESOS Á AREA FLUVIAL DE BARALLA, INCLUÍDO ADQUISICIÓN DE TERREOS E INCLUÍDO HONORARIOS (parte)	1531.762	25.271,19
	<u>TOTAL</u>	<u>155.283,58</u>

A Comisión Informativa de Economía, Recadación e Facenda, por unanimidade acordou informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.

Efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

--00000--

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA MELLORAR A ATENCIÓN A MULLERES CON ENDOMETRIOSE E DIVULGACIÓN DA DOENZA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial, D. Álvaro Santos Ramos, na súa condición de voceiro do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo comparece e como mellor en dereito proceda DI: Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de Modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Moción do Grupo Provincial Socialista para mellorar a atención a mulleres con endometriose e divulgación da doenza

Exposición de Motivos

A endometriose é unha doenza inflamatoria, progresiva, estrógeno-dependente, de orixe descoñecida. Consiste na implantación e crecemento benigno de tecido endometrial (glándulas e estroma) fóra do útero, na gran maioría dos casos no peritoneo pélvico e os ovarios, pero que pode afectar calquera parte do corpo da muller. A extensión da doenza varía dende poucas e pequenas lesións ata grandes endometriomas ováricos e/ou grandes e extensos nódulos ou fibroses e adherencias que causan unha severa distorsión da anatomía da muller.

O tecido endometrial pode estenderse por ovarios, peritoneo, ligamentos uterosacros e fondo de saco de Douglas, sendo menos frecuente fóra da pelve, aínda que pode afectar a calquera órgano (pulmóns, meninxes, etc.). Na pelve pode invadir órganos diferentes dos xenitais internos, como o intestino, recto, vexiga e os uréteres. Noutras ocasións o tecido endometrial ectópico localízase no propio útero, fóra do seu emprazamento normal, producindo unha variante de endometriose chamada adenomiose que pode ser difusa ou focal.

Adoita clasificarse a endometriose en 4 graos, segundo o nivel de infiltración do tecido, e non se pode correlacionar o estadio co tipo e/ou severidade dos síntomas e o seu pronóstico, nin tampouco co pronóstico de infertilidade.

Segundo os estudos, a endometriose afecta entre o 10% e o 20% das mulleres en idade fértil. De se confirmar este dato, en Galicia habería máis de 60.000 mulleres afectadas por endometriose, das cales o 15% teñen formas severas da doenza, o que suporía arredor de 9.000 mulleres.

A endometriose, ademais de poder resultar incapacitante para a muller, implica en moitos casos un grave problema de infertilidade.

O retraso medio do diagnóstico é de 8 anos, e vén dado por dúas causas fundamentais:

1. O descoñecemento da doenza e dos seus síntomas por parte das mulleres.
2. A pouca atención que, ata o momento, o sistema sanitario prestou aos síntomas da endometriose, asociando falsamente a regra coa dor, e normalizando este síntoma principal da doenza.

Dende que se aprobou no Congreso por unanimidade a primeira PNL no ano 2006, se foron dando pasos que en absoluto están en equilibrio coa gravidade do asunto. É mais que evidente que

estas deficiencias teñen moito que ver coas políticas carentes de perspectiva de xénero e de recortes na sanidade pública levadas a cabo polo Partido Popular, que sen ir mais lonxe, e despois de ter votado favorablemente no 2015 a unha moción relativa a endometriosis, rexeita, en febreiro de este ano, cos seus votos a solicitude de ratificación daquela moción.

Dende o PSOE creemos que xa é hora de poñer en marcha medidas que leven informar a toda a sociedade desta doenza, a formar ao persoal sanitario no seu correcto e temprano diagnóstico e tratamento e poñer a disposición os recursos necesarios na sanidade pública que permitan a formación de unidades específicas e multidisciplinares.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista, somete á consideración do Pleno da Corporación e aprobación se o considera, os seguintes acordos:

1º.- Instar ao Sergas e á EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos para que proceda a:

1.1. Establecer unha programación de xornadas de formación sobre endometriose ás que poida acudir o persoal sanitario que atende os distintos servizos que dispensa o SERGAS na nosa provincia (facultativos de primaria e especializada, enfermería, matronas, fisioterapeutas, terapeutas...).

1.2. Garantir consultas específicas de endometriose suficientes para o número de afectadas das distintas áreas nos Hospitais aos que acoden as mulleres da provincia de Lugo e á derivación destas pacientes a áreas nas que existan mentres estas non se creen.

1.3. Crear unha unidade multidisciplinar composta por xinecólogos, radiólogos, cirurxáns xerais con experiencia en cirurxía colo-rectal, urólogos, anestesiastas, psicólogos, fisioterapeutas, especialistas en dor, etc., para mellorar a atención nos casos máis graves de endometriose e á derivación destas pacientes a unidades multidisciplinares doutras áreas sanitarias mentres estas non existan.

2º.- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a:

2.1 Dar cumprimento á moción que por unanimidade aprobaron todos os grupos políticos no Parlamento galego o 22 de abril de 2015 sobre endometriose e que recollía en gran medida as demandas das mulleres afectadas por esta doenza.

2.2 Facilitar ás mulleres con endometriose un mellor acceso aos tratamentos de fertilidade nos hospitais públicos (mellora nas listas de espera, facilidades para conxelación de ovocitos antes de cirurxías e tratamentos que poidan afectar á súa calidade ovárica, así como a execución de campañas de ovodoazón destinadas a captar doantes na sanidade pública).

3º.- Instar ao Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar social a:

3.1 Convocar un Consello interterritorial no que se aborde este tema e se estableza un plan estatal de endometriose no que se comprometan investimentos para a mellora da formación do persoal e a divulgación da doenza entre a poboación feminina.

3.2 Incluir na carteira de medicación financiada a totalidade de medicamentos subministrados a mulleres con endometriose.

4º.- A Deputación de Lugo comprométese a solicitar aos Institutos de Investigación públicos galegos que desenvolvan proxectos de investigación da endometriose.

5º.- A Deputación de Lugo comprométese a impulsar unha campaña informativa entre mozas de 12-18 anos nos centros educativos do nosa provincia para dar a coñecer a doenza, e para tratar de recortar na medida do posible o retraso diagnóstico a través da distribución dun folleto informativo cuxos contidos serán facilitados por QuerENDO. Mulleres con endometriose, e que conta coa revisión da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Sonsoles López Izquierdo, en representaicón do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Non quero empezar a miña intervención sen agradecer ás mulleres da asociación QuerENDO a súa importante aportación xa que veu da man delas a proposta de que debatamos hoxe este asunto. Dende logo no que a mín respecta iluminaron un ámbito da nosa vida, da vida das mulleres efectivamente, pero sen dúbida tamén da vida de toda a sociedade.

Intentarei nos próximos minutos condensar e sintetizar todo o aprendido nas pasadas semanas, coa intención de que todos podamos comprender a importancia de apoiar esta moción

como primeiro paso dunha aposta que nos leve a resolver esta situación insostible con respecto á endometriose.

Creo que non me equivoco se digo que a pedra angular, a terrible situación de inxustiza que viven as mulleres doentes desta enfermidade, é a falla de información, pero non a falla de información delas que as que por fin conseguen ter un diagnóstico terminan sendo auténticas expertas na materia, senón unha falla de información de toda a sociedade. Para elo irremediabilmente teño que falar dende o irrenunciable feminismo e poñer negro sobre branco que é dende a postura patriarcal da nosa sociedade a que nos permite chegar á situación que vivimos as mulleres en xeral, e neste aspecto concreto da nosa saúde tamén.

Teño que falar inevitablemente da ausencia de plantexamentos de xénero na sanidade pública, e teño que falar do seu desmantelamento, que hoxe por hoxe impide desenvolver un traballo adecuado ós nosos profesionais e por tanto recibir un servizo de calidade ós doentes.

Pero comecemos polo principio, que é a endometriose?, estou segura de que se pregunto ás persoas que estamos hoxe aquí no Salón de Plenos que me expliquen o que é, moi poucas, posiblemente se hai algunha muller afectada igual podería explicarme o que é. Sin embargo trátase dunha enfermidade que afecta a máis do 10% da poboación feminina, hai estudos que falan incluso do 20%; unha ou dúas de cada dez mulleres que coñezamos está a padecer esta enfermidade. Estamos a falar de cerca de dous millóns de mulleres en España, sesenta mil mulleres en Galicia, das cales nove mil poden estar sufrindo ademáis un estadio severo da enfermidade. E isto é unha estimación porque o principal problema que acontece é que falta moita diagnose.

Voulles ler, para máis concreción na explicación, a intervención que fixo o Sr. Carmona Herrera, que é o xefe de servizo de xinecoloxía do Hospital Clinic de Barcelona, posiblemente o maior experto que teñamos hoxe en España nesta materia, na Comisión de Sanidade e Servizos Sociais do Congreso o 14 de xuño de 2017, precisamente o día despois de que máis de 200.000 firmas foran entregadas no Congreso pedindo unha atención especial desta enfermidade.

El explica a endometriose de tal forma que di: “la endometriosis es una enfermedad en la cual el tejido que habitualmente está en la matriz, el endometrio, aparece fuera de su sitio habitual y coloniza otras áreas del cuerpo, básicamente la pelvis. Es un tejido normal, exactamente como el del endometrio en su sitio habitual, que responde a las hormonas del ovario y tiene una regla fuera de sitio. Esa menstruación fuera del lugar habitual produce inflamación crónica, produce los síntomas tan raros siempre con dolor, mucho dolor, sobre todo dolor con la regla, pero también dolor con las relaciones sexuales, también dolor durante todo el mes, otros síntomas digestivos, urinarios, cuando se afectan otros órganos”

Esta é a explicación sinxela dun médico en termos non médicos para que fose entendido polos Deputados que o escoitaban; pero ademáis se escoitamos as explicacións detalladas que nos poden facer as doentes que pasaron anos esperando e peregrinando de especialista en especialista, con dores insoportables e do máis variado, con diarreas, hemorraxias, neumonías, esterilidade, e que nunha insoportable porcentaxe foron sospeitosas de estar tolas, histéricas, depresivas, caprichosas, folgazás, frouxas, queixica, se escoitamos esas historias quedaríamos abraiados e desolados; pero non se escoita, e creo que precisamente esa é a orixe de toda a desinformación e ocultamento desa enfermidade; non hai sospeita por parte dos facultativos sobre esta enfermidade, non se escoita ás mulleres, se sospeita delas; e isto, coincidirán comigo en que é puro machismo, non creo que sexa unha cousa voluntaria nin consciente, é algo aprendido dende as civilizacións antigas.

Todos sabemos que a palabra histeria ven de útero, pero non me vou ir por ese camiño que daría para moitas reflexións, en calquera caso hai moita literatura ó respecto que demostra a falla de perspectiva de xénero non só nas investigacións científicas e de saúde senón no pensamento do mundo, e que nos levaron a ter xa a crenza por exemplo de que as mulleres non padecemos infartos, cando o que pasa simplemente é que non temos os mesmos síntomas. E no caso da endometriose esa terrible crenza de partida que impediu o avance da investigación e o tratamento ó respecto é que a menstruación doe; hai moitas outras ideas que non estamos dispostos a asumir como sociedade, pero que aí están xa dende os antigos, e do que se ten falado moito, pero que tamén nos fan asumir que as mulleres nos queixamos moitas veces sen motivo, e que en calquera caso se temos dor temos que soportalo.

E tanto está asumido que, como xa di Victoria Sau no seu prólogo ó libro de Carmen Valls “Mujeres invisibles”, libro que lle recomendo ler a todo o mundo, e especialmente ás persoas que teñan que ver coa sanidade; “las mujeres no acusan a veces el dolor al que se han acostumbrado e el que soportan como una parte más de su naturaleza, de modo que se hace invisible para ellas mismas”. E resulta que cando acusan esa dor o primeiro diagnóstico que reciben, moitas veces incluso sen exploración previa, é siquiátrico, estás estrasada, tes depresión, estás histérica, tes mimos; sabían vostedes que o 85% dos psicofármacos que se receitan en España receitanselle ás mulleres?, a mín paréceme unha cifra escandalosa.

En calquera caso poñémonos xa no momento en que a muller por fin entende que esa dor de regra que non lle pasa con analxésicos ou con antiinflamatorios non é normal, que debe ir ó médico, e empeza a súa peregrinación de médico en médico, de especialista en especialista, e van pasando os anos, ata unha media de oito anos que ten que esperar unha muller para que se lle diagnostique e se lle poña nome á súa doenza; son anos de dores, de hemorraxias, de incapacitación, e moitas veces con tratamentos inadecuados con efectos secundarios moi perniciosos; ata é posible que lle fixeran unha cirurxía cando ese mecanismo de tratamento se debe tomar en última instancia e ademáis debe estar feito por un especialista que resulta que apenas hai no noso país.

Por iso o primeiro que pedimos nesta moción é a formación para os nosos profesionais, que non pasen de largo cando vexan os síntomas; pedimos consultas específicas de profesionais que entendan da materia e podan tomar as decisións axeitadas, como por exemplo a derivación ás consultas multidisciplinares, aínda que só hai dúas en España, unha en Barcelona e outra en Madrid.

Por suposto tamén pedimos que se vaia creando en Galicia unha unidade multidisciplinar, porque temos casos dabondo; tamén se pide que o Partido Popular retorne a postura que tomou o día 22 de abril de 2015 cando votou a favor dunha moción na que se avanzaba nestes asuntos; lamentablemente a primavera do ano pasado votou en contra de ratificar ese acordo, aínda que despois a primeiros deste mes de outubro, din nunha resposta ó Grupo Parlamentario Socialista que

xa ten posto en marcha esas medidas adoptadas daquel acordo. Por suposto esa resposta é evidente que non a fixo unha persoa enferma de endometriose, porque dicir que tódolos servizos de xinecoloxía de cada EOXI teñen unha consulta específica que permite garantir unha atención de boa calidade ás mulleres con endometriose; ou dicir que en cada unha delas ese circuito asistencial no que se inclúe a derivación a outras unidades como son cirurxía ou esterilidade; dicir iso, entre outras cousas que se din, cando menos demostra moito descoñecemento da realidade e dende logo é unha ofensa para estas doentes de endometriose”.

O Presidente indícalle á Sra. Deputada que debe ir remantando a súa intervención.

Continúa na súa intervención a Sra. Deputada D^a. Sonsoles López Izquierdo, no seguinte sentido:

“Déixeme rematar a presentación porque é fundamental que entendamos a importancia.

As mulleres con endometriose teñen moitos problemas de tratamentos de fertilidade, e non teñen ningún tipo de mellora para acceder a eses servizos, como si teñen por exemplo as mulleres enfermas de cancro. Ademais tamén se pide ó Consello Interterritorial para que se asuma o compromiso por parte das Comunidades Autónomas, e a financiación deses medicamentos.

Dende a Deputación xa adquirimos o compromiso a través de conversas coa asociación QuerENDO, para pedirlle ós Institutos de Investigación públicos que se investigue nestes asuntos; ademais de facer campañas de divulgación e formación á poboación en xeral.

Remato xa pedíndolle a quen me conteste do Partido Popular que espero que non me diga que existe unha consulta específica se non me di ademais o nome do titular e como funciona, porque senón estaría outra vez poñendo a sospeita sobre as mulleres con endometriose”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Para apoiar esta proposta; somos tamén coñecedores desta situación, do mesmo xeito supoño que o Partido Socialista e os demais Grupos Políticos, pola asociación QuerENDO que foi a que se dirixiu a tódolos Grupos, alo menos na comarca da Mariña e aquí tamén, e creo que tamén o Pleno do concello de Lugo do pasado mes de setembro adoptou un acordo, agora mesmo non recordo se foi por unanimidade ou por maioría, no mesmo sentido.

En todo caso nada máis que engadir á exposición feita por Sonsoles, e anunciar o noso voto a favor”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Ante calquera doenza ou calquera problema sanitario creo que calquera persoa debe mostrar a sensibilidade suficiente, e máis cando se trata de enfermidades deste tipo denominadas agora “enfermidades raras”, polo cal este Deputado vai apoiar esta moción”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. Angeles Teijeiro González, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Como dicía a señora López Izquierdo os síntomas da endometriose son diversos, en ocasións cunha importante afectación á calidade de vida, aínda que si é certo que algunhas mulleres con esta enfermidade poden non ter síntomas ou quizá pasalos por alto debido a esa gran variedade sintomática e tamén a esa conciencia xeneralizada por parte das mulleres de que é normal que a menstruación produza dor, o que pode facer que pasen varios anos ata que sexa detectada ou diagnosticada esta doenza.

Por iso quero comezar valorando o labor que de xeito altruista fan aas asociacións de doentes, a implicación de xeito desinteresado, así como a información e o apoio que dan ás persoas que sofren os síntomas e as consecuencias desta enfermidade, e en particular neste caso á asociación QuerENDO. Salientar a importancia de escoitar a este colectivo para poder chegar a

afondar en cuestións que dende o seu punto de vista son importantes, así como de traballar dende a Administración en consonancia con este movemento asociativo.

Dito isto, e indo xa á proposta que trae o Grupo Socialista, cabe sinalar que se o que queremos realmente é mellorar a atención ás mulleres con endometriose e a súa divulgación nós dicimoslle que si, este Grupo vai querer sempe e nunca se vai opoñer ao que supoña unha mellora da atención de calquera doenza, ben sexa esta ou calquera outra, porque evidentemente por moi ben que se estea a traballar cando falamos de cuestións de saúde seguro que haberá algunha mellora que se poida intentar e que redunde no beneficio das persoas que a padecen. Niso imos concordar con vostedes pero non concordamos con outras cuestións, tamén lle digo que non estamos de acordo con moitas desas deficiencias que vostede acaba de relatar na atención desta doenza; estase a traballar nesa diagnose precoz que é fundamental, e nos estudos epidemiolóxicos para contar con bases de datos concretos e fiables, e promover a investigación e contar con unidades especializadas para poder garantir o tratamento correcto en cada caso.

Dicirlle que chama un pouco a atención que pidan formación e información ou melloras en cuestións de sanidade cando hai poucos meses se aprobaba a reforma da Lei de Saúde, á que vostedes votaron en contra, e na que se creaba a comisión interdepartamental en materia de educación e saúde, que ten como obxectivo a coordinación da actuación entre as Consellerías competentes en materia de sanidade e educación para o desenvolvemento de iniciativas de promoción, de protección, de información, e de educación para a saúde.

Nós entendemos que non existe un abandono, señora López, nin unha desatención das mulleres que sofren, ou que nalgún momento podemos sufrir, esta doenza; é máis, a asociación á que faciamos referencia, a asociación QuerENDO, que representa a este colectivo de mulleres afectadas por endometriose, é recibida pola Consellería cando o require, e nesas reunións e neses diálogos con ela chégase a acordos e trátase de mellorar aquelas cuestións que se observan deficitarias.

Nós concordamos con vostedes en moitas das cuestións que na proposta se manifestan, non tanto ó mellor en instar a facelas, porque máis que nada a maior parte desas cuestións que cita

vostede ou xa se están a levar a cabo ou se está a traballar para o seu desenvolvemento, gústelle máis ou gústelle menos a fórmula na que se estea a traballar, que iso sería outra cousa.

Eu sei que estamos no ecuador das eleccións municipais, pero a verdade é que doe ás veces ver que se trate de facer política con persoas que están a sufrir, unha cuestión que é bastante común pola súa parte. E a verdade é que nós agora quedaríamos moi ben votándolles a favor do que aquí di, pero non nos parece lícita a forma que utilizan de traer mocións que teñen na trastenda unha única pretensión que é o rédito partidista e que non valora o traballo que se está a facer dende a Sanidade pública polo único feito de que non o fai o Partido Socialista.

E só por iso non van ter o noso voto favorable, por iso, e porque dende o Partido Popular na Xunta de Galicia se está a traballar por esa mellora na atención ás mulleres que sofren, ou que poidamos chegar a sufrir, a endometriose”.

A continuación intervéñ a Sra. Deputada D^a. Sonsoles López Izquierdo, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“A verdade é que menudo papelón lle tocou señora Teijeiro. Fala do ecuador da campaña política, claro porque este problema acaba de aparecer agora, e fomos nós buscar ás mulleres con endometriose; di que se está a traballar nos estudos epidemiolóxicos; son todas palabras baleiras; eu non vou negar que non se estean facendo estudos pero dende logo non teñen nada que ver coa necesidade que hai, e dende logo se se están a facer nos trascenden e non chegan a pé de consulta. Non fai falla ningunha Lei de saúde, e menos coma a que vostedes deseñaron, para facer a formación que se necesita, esa lei que evidentemente había que votar en contra.

Dicirlle tamén ó Sr. Martínez que agradezo moito a súa conformidade coa moción, pero non podemos considerar a endometriose coma unha enfermidade rara, estamos a falar do 10%, incluso hai estudos que falan do 20%, cando nunha enfermidade rara as proporcións son moito menores, incluso se fala de 5 doentes por cada dez mil habitantes, e iso é bastante menos do 10%.

Para seguir avanzando no que se leva facendo con respecto á endometriose, dicir que todo o que se está pedindo nesta moción, e moitas máis cousas, é fiel ó que indica a Guía de Atención a Mulleres con Endometriose que se editou no ano 2013; empezouse a traballar con ela no Goberno socialista no ano 2008, xa traballando de man cos profesionais e coas doentes, polo tanto este é un traballo de moitos anos atrás e non é unha cuestión que teña que ver en absoluto coas municipais, non é o que me move a mín e dende logo asegúrolle que non é o que lles move ás mulleres doentes.

En calquera caso o Sergas non difundiu esa guía ata que precisamente a propia asociación QuerENDO lla puxo enriba da mesa á Subdirectora Xeral de Atención ó Cidadán e Calidade un par de anos despois á vista de que esa guía non a coñecía ningún médico nin ningún especialista; e a Subdirectora sorprendeuse porque non tiña coñecemento desa guía e precisamente foi nese momento cando se empezou a enviar ós Centros de Saúde e ás consultas pero, como se pode comprobar, non de feito eficaz porque non é absolutamente necesario, e a realidade é que, e esta é a xustificación desta moción, non se cumpre con esas recomendacións que se dan dende o Ministerio.

Dicir que o Goberno Central actual está traballando xa na actualización desa guía, porque pasaron xa cinco anos dende a súa publicación e é posible que se podan incluír determinados avances.

Dicir tamén que precisamente o Grupo Socialista no Congreso o ano pasado presentou unha emenda ós Presupostos para que se dotase cun millón de euros ao Observatorio de Saúde da Muller, e dita emenda foi rexeitada polo Goberno daquel entón do Partido Popular porque viña sendo habitual denegar calquera emenda por moi construtiva que fose.

Tamén comentar que é moi desolador ver os apuntes de medicina, dos que teño por aquí unha copia, aos que se lle adica actualmente dende a Facultade de Medicina unha carilla a falar dos tratamentos e do que se pode facer coa endometriose; e se di textualmente: “en estas mujeres una alternativa terapéutica es aconsejar el embarazo dado que en general se produce una importante involución de las lesiones”; ou sexa que nos tempos en que vivimos nas Facultades de Medicina se lles explica ós futuros médicos que lles aconsellen quedar embarazadas supoño que toda a vida

fértil destas mulleres para que non teñan problemas; parece que esquecen que precisamente a endometriose é un dos aspectos que máis infertilidade produce.

Dicir tamén que o Goberno Central xa está mellorando o tratamento e codificación da enfermidade na base de datos de atención primaria, atención primaria que como non podemos esquecer o Goberno do PP da Xunta ten desmantelada e sen medios, e a figura do médico de cabeceira pode ser fundamental para a derivación destes casos aos especialistas pertinentes, evitando así que as mulleres estean paseando polos distintos centros, pero ó non ter os servizos adecuados nin a formación os médicos non o poden facer; en calquera caso queda evidente que a política sanitaria do PP ten outras prioridades como por exemplo derivar ós servizos privados de raios e de tacs o que sería un método bastante apropiado para facer determinados diagnósticos.

Hai que dicir tamén que ademáis desta pésima xestión do servizo público de saúde hai moitos estudos que valoran o custe que ten esta enfermidade, a falta de tratamento e as perdas que da polas baixas laborais destas mulleres, as cifras son escandalosas, estamos a falar de 9.500 euros por muller e ano o que suporía, se estes datos fosen correctos e se estima que poden ser maiores, ata 16.000 millóns de euros ó ano que se perden pola ausencia de atención adecuada.

A enfermidade non se coñece e non se lle da a prevalencia que necesita, sen embargo por exemplo na Garda Civil si que saben perfectamente o que é, porque aparece no BOE unha convocatoria para acceder á escala facultativa superior na que se impide que as mulleres con endometriose participen desa proba.

Podería seguir falando pero vexo que non teño tempo, así que rematarei despois”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Para reafirmarnos no que dixemos na primeira intervención, e anunciar o noso voto favorable. E lamentar que esta proposta, que ten toda a lóxica e razón do mundo, non sexa unánime; como dixeran, non sei se no concello de Lugo foi aprobada por maioría ou por

unanimidade, pero sabía que alí fora aprobada, e magoa que o Partido Popular non se sume a esta iniciativa”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. Angeles Teijeiro González, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“O Partido Popular non se suma a esta proposta porque considera, como dixeran na primeira intervención, un uso partidista da mesma, e considera que se está a traballar, e mesmo a señora López o dicía; dicía que este é un problema que leva anos, e tamén dicía vostede que se leva moitos anos traballando, polo tanto non llo digo eu; lévase traballando neste tema moitos anos, e non entendenmos esa petición agora.

Dicía ademáis que a guía da que falaba o Sergas empeza a difundila cando a asociación lla pon en coñecemento, iso mostra que si existe un diálogo coa asociación QuerENDO, si existe unha intención de dar cumprimento a aquelas deficiencias que a asociación traslada tanto á Consellería coma ó Sergas, e polo tanto estase a traballar nesa liña de colaboración co movemento asociativo e co colectivo que representa a estas mulleres.

Da igual o que eu lles diga ou lles explique, porque vostedes sempre teñen o mesmo mantra en canto á sanidade, á educación, ou en canto a calquera asunto que teña que ver coas decisións que leve a cabo o Goberno do Partido Popular. Vostede dicía que a política sanitaria do Partido Popular ten outras prioridades, non sei se non lle parece prioritario por exemplo a porcentaxe de Orzamento que se adica á sanidade, que é a máis alta da historia da Comunidade Autónoma de Galicia, cun 40% máis; ou que a sanidade galega conte con mil cincocentos corenta e catro profesionais máis dos que hai nove anos; ou que a nosa Comunidade conte hoxe cun 7% máis de médicos de familia traballando en atención primaria.

E poderíalle dar moitos máis argumentos para desmentir algunha das cuestións que acaba de sinalar; sen embargo simplemente remato cunha reflexión que é que en España temos a sanidade máis eficiente de Europa, sendo ademáis o terceiro país do mundo, despois de Hong Kong e de Singapur, coa mellor sanidade; iso non llo di esta Deputada senón que llo di un estudo

internacional sobre sanidade, o último ranking do Blower. Polo tanto tan mal non estamos señora López Izquierdo”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Sonsoles López Izquierdo, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“A sanidade que temos hoxe en día será das mellores segundo con que se compare, evidentemente todo pode ser peor, e moito a pesares da súa política. O que me parece moi valente pola súa parte é dicir que se está traballando neste asunto; voulle facer chegar, porque me parece moi interesante que coñezan non o punto de vista do Partido Socialista senón o punto de vista do posiblemente maior experto na materia, o Dr. Carmona, que explica claramente e ven corroborar o que eu aprendín del, que non existen eses medios; se a vostedes lles parece ben que levemos tantos anos esperando por ter unha consulta multidisciplinar para sesenta mil mulleres que teñen esta enfermidade, se iso lles parece que é de calidade a verdade é que é de lamentar.

E o máis triste é que encima non se están facendo as derivacións pertinentes desas mulleres a esas dúas unidades multidisciplinarias que poderían acoller, supoño que ademáis entre outras cousas porque estarán saturadas ó ser as dúas únicas que hai.

En calquera caso lamento moitísimo que se dean por satisfeitos coa situación que teñen, e láméntoo moito non por mín persoalmente, que por sorte non teño endometriose, senón polas sesenta mil mulleres que sabemos que están doentes e polas que aínda non sabemos que o están. Eu sinceramente penso que isto é unha cuestión de xénero, que non se asumen as diferenzas biolóxicas que teñen as mulleres, porque as mulleres, e sobre todo para o Partido Popular, que o ven demostrando oportunidade tras oportunidade, que a importancia da perspectiva de xénero non lla poñan, e non me diga que non coa cabeza porque precisamente na Lei de Igualdade hai un artigo que non se está cumprindo, que é a integración do principio de igualdade en política de saúde; pero é certo que vostedes se abstiveron con respecto a esa Lei, igual que votaron en contra da Lei de Igualdade Salarial, do mesmo xeito que nola quixeron coar cos Orzamentos no asunto do Pacto de Estado, igual que moitas outras ocasións nas que efectivamente é moi fácil falar e dicir que queremos ás mulleres, e queremos a igualdade, dicir que estamos facendo, que teñen vostedes

razón, pero o problema é que con iso non é suficiente, con iso non se resolven os problemas, e con iso a endometriose non se arregla.

Pedimos por favor que empecen a formar ós especialistas, e poñan unidades especializadas e empecen xa a crear esas unidades multidisciplinares, absolutamente imprescindibles para a atención desta enfermidade”.

Unha vez rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG, e do Sr. Deputado non adscrito); votos en contra, 12 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE RETIRE A MODIFICACIÓN DA LEI DE MONTES A TRAVÉS DA LEI DE ACOMPAÑAMENTO DOS ORZAMENTOS DE 2019.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial, D. Álvaro Santos Ramos, na súa condición de voceiro do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo comparece e como mellor en dereito proceda DI: Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de Modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Moción do Grupo Provincial Socialista para instar á Xunta de Galicia a que retire a modificación da Lei de Montes a través da Lei de Acompañamento dos Orzamentos do 2019

Exposición de Motivos:

En Galicia prodúcese en torno ó 60% da madeira de España e o 70% da madeira de frondosas que produce o estado español, e Lugo foi a provincia española na que máis madeira se cortou no ano pasado, sendo rexión líder a nivel nacional e a novena europea.

O exercicio 2017 marca un récord no que respecta ao volume de corta de madeira en Galicia, téndose superado por primeira vez a cifra de 8,5 millóns de metros cúbicos de madeira con cortiza e sitúase lixeiramente por riba da cantidade acadada en 2015, o seguinte mellor rexistro da serie histórica.

Durante 2015, 2016 y 2017 os empregos en cada unha das ramas que compoñen a cadea forestal de madeira medraron significativamente máis que os do global da economía de Galicia. Os aproveitamentos forestais conseguiron, en 2017, rexistros sobresaíntes dende o punto de vista cuantitativo, algo que parece que o actual Goberno da Xunta esquece á hora de elaborar unha lexislación forestal e territorial coherente cun desenvolvemento rural e forestal sostible e realista.

Este feito maniféstase a través das modificacións que o Partido Popular propón na Lei de Acompañamento dos Orzamentos da Xunta para o 2019. No seu artigo 21, modifica a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia en dez (10) artigos correspondentes todos eles a xestión dos montes de titularidade privada, regulación de aproveitamentos e cambios de cultivo. Tamén modifica 3 DT e o anexo II.

Tendo en conta que non existe un regulamento da Lei de Montes xa aprobada fai máis de oito (8) anos, resulta curioso que se pretenda regular a través dunha Lei que deu lugar a un semilleiro de procedementos xudiciais. Temos que recordar que no ano 2016 unha Lei urbanística, a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que implica tamén xestión, publícase no DOG num. 34 do 18 de febreiro de 2016 e en menos de nove meses, DOG num. 213 do 9 de novembro de 2016 aprobouse o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

As modificiacións da Lei 7/2012, alteran artigos sen sentido aparente:

- Preténdese favorecer especies que están diminuindo en presenza nos últimos anos como é o xénero *pinus*.

- Afectan á retirada da biomasa forestal residual despois dunha corta de madeira (ramas, follas e trozas de madeira non comerciais) a cal supón, xunto coas raíces, preto dun 70% dos nutrientes do monte (a súa extracción implica a perda de solo), engadindo a maiores un prazo para a súa retirada ou trituración.

- Preténdese prohibir a plantación de determinadas especies forestais a través dos plans de ordenación forestal no seu ámbito territorial.

- Tamén se ven influenciados os cambios de uso forestal, moi limitantes para os particulares, que o Consello da Xunta, mediante acordo motivado, poderá autorizar sen demasiadas dificultades.

Dende o Partido Socialista, entendemos que as modificacións lexislativas que afectan á xestión do territorio, e sobre todo á xestión dos nosos montes, deben ser máis sensibles e próximas ás opinións dos propietarios e axentes afectados, para o cal deben de estar acompañadas de procesos participativos para crear estruturas normativas coherentes coa realidade.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista, somete á consideración do Pleno da Corporación e aprobación se o considera, o seguinte acordo:

Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que retire as modificacións sinaladas da Lei de Acompañamento ós Orzamentos da xunta de Galicia, posto que non axuda en medida algunha a mellora do medio rural nin o medio ambiente de Galicia senón que nos resta competitividade e atenta contra o medio rural unha vez mais”.

Intervén o Sr. Deputado D. Argelio Fernández Queipo, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Traemos unha moción aquí, e esta si que ben en tempo, porque ven antes de que se aprobe esa Lei de Acompañamento, para que entre todos procuremos reconducir un tema que paso a expoñer.

En Galicia prodúcese ó 60% da madeira de España e o 70% da madeira de frondosas que produce o estado español. O ano 2017 marca un récord de produción con respecto a corta de madeira en Galicia, téndose superado por primeira vez a cifra de 8,5 millóns de metros cúbicos por riba da cantidade acadada en 2015, que xa fora un ano histórico.

Durante os anos 2015, 2016 e 2017 os empregos en cada unha das ramas que compoñen a cadea forestal de madeira medraron significativamente, contribuíndo de xeito significativo ó global da economía de Galicia.

Os aproveitamentos forestais conseguiron no ano 2017 rexistros sobresaíntes dende o punto de vista cuantitativo, algo que parece que o actual Goberno da Xunta esquece á hora de elaborar unha lexislación forestal e territorial coherente cun desenvolvemento rural e forestal sostible e realista.

Este feito maniféstase a través das modificacións que o Partido Popular propón na Lei de Acompañamento dos Orzamentos da Xunta de Galicia para o 2019. No seu artigo 21, modifica a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia en dez artigos correspondentes todos eles a xestión dos montes de titularidade privada, regulación de aproveitamentos e cambios de cultivo. Tamén modifica 3 Disposicións Transitorias e o anexo II.

Tendo en conta que non existe un regulamento da Lei de Montes xa aprobada hai máis de oito anos, resulta curioso que se pretenda regular a través dunha Lei que deu lugar a un semilleiro de procedementos xudiciais. Temos que recordar que no ano 2016 unha Lei urbanística, a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que implica tamén xestión, publícase no DOG num. 34 do 18 de febreiro de 2016 e en menos de nove meses, en novembro dese mesmo ano aprobouse o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da dita Lei.

As modificacións da Lei 7/2012, alteran artigos sen sentido aparente:

Preténdese favorecer especies que están diminuindo en presenza nos últimos anos como é o xénero *pinus*.

Afectan á retirada da biomasa forestal residual despois dunha corta de madeira, ramas, follas e trozas de madeira non comerciais, a cal supón, xunto coas raíces, preto dun 70% dos nutrientes do monte, a súa extracción implica ademáis a perda de solo, engadindo a maiores un prazo para a súa retirada, que está estimado que sexa de quince días, ou trituración.

Preténdese prohibir a plantación de determinadas especies forestais a través dos plans de ordenación forestal no seu ámbito territorial.

Tamén se ven influenciados os cambios de uso forestal, moi limitantes para os particulares, que o Consello da Xunta, mediante acordo motivado, poderá autorizar sen demasiadas dificultades.

Dende o Partido Socialista, entendemos que as modificacións lexislativas que afectan á xestión do territorio, e sobre todo á xestión dos nosos montes, deben ser máis sensibles e próximas ás opinións dos propietarios e axentes afectados, para o cal deben de estar acompañadas de procesos participativos para crear estruturas normativas coherentes coa realidade.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista, somete á consideración do Pleno da Corporación e aprobación se o considera, o seguinte acordo: Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que retire as modificacións sinaladas da Lei de Acompañamento ós Orzamentos da Xunta de Galicia, posto que non axuda en medida algunha a mellora do medio rural nin o medio ambiente de Galicia senón que nos resta competitividade e atenta contra o medio rural unha vez mais”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir que reserva a súa intervención para o segundo turno.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. José Ulla Rocha, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Para este Deputado e para o Grupo Provincial do Partido Popular, e como non para o Goberno da Xunta de Galicia, é de capital importancia o sector agroforestal, concretamente a produción forestal, polo que representa como fonte de riqueza e de protección do medio ambiente lóxicamente como medida de ingresos para as familias e todo o que vai relacionado coa produción forestal e os postos de traballo e a riqueza que xera na nosa economía.

Lóxicamente, tendo en conta todo iso, calquera modificación na lexislación no que se refire á planificación da política forestal debe ter o máximo consenso posible, e máis tendo en conta o que aconteceu o ano pasado coa vaga de lumes e o que supoxo como perigo para as vidas humanas e as consecuencias para os montes.

Nese sentido por parte da Xunta de Galicia e do Parlamento Galego púxose en marcha unha comisión non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, da política de prevención e extinción de incendios e do plan forestal, que chegou a un ditame e a unha serie de conclusións, en total 123 recomendacións que se aprobou non Parlamento no que estaban presentes tódalas forzas políticas, incluído o Partido Socialista, concretamente un compañeiro de vostedes que é o voceiro Xaquín Fernández; e nesa liña tratábase de recoller esas recomendacións e incorporalas na futura modificación da política forestal en aras a conseguir un monte funcional, vivo, dinámico, e que sexa sustentable e que redunde en beneficios para os propietarios das masas forestais.

Eu entendo que un se asuste cando vexa ese ditame porque ve que son máis de 250 follas, pero creo que o mínimo que debemos facer, porque nos vai tamén no salario e no posto, é lelo e poder ter unha idea do que son esas recomendacións, do que se plantexa, e do que veñen traer a colación a esta moción hoxe aquí. Xa digo, podíamos ter a tentación de non lelo porque son un montón de follas, eu si que o lin e segúin esta comisión porque é algo que me interesa se formo parte dunha comisión de medio rural, e permitinme recoller anotacións que lle vou explicar a vostede e ó seu Grupo por se non leron este informe.

Entre estas 123 recomendacións, na número catorce fálase de desenvolver o Plan de Ordenación de Recursos Forestais dos distintos distritos forestais, na súa literalidade di: “no que se

refire á repartición de especies arbóreas na superficie forestal galega, en particular o eucalipto, a comisión recomenda manter a eliminación de tódalas axudas á forestación ou reforestación de tódalas especies de eucalipto en calquera fase de ciclo produtivo; manter a prohibición de plantación de eucalipto en terras agrarias ou en montes previamente poboados con frondosas tradicionais; incorporar á normativa a prohibición de plantación de eucaliptos en plantacións previas de piñeiro en función dos plans de ordenación por distrito forestal; manter a prohibición de plantación de eucalipto nas franxas próximas ós cursos de auga e ós núcleos de poboación; manter a prohibición da plantación de eucaliptos en zonas de Rede Natura e outros espazos protexidos; prohibir as novas plantacións con eucaliptos nos montes de utilidade pública de xestión pública; establecer límites á proporción de eucaliptos no conxunto das novas plantacións nos Plans de Ordenación dos distritos forestais. Xa me dirá vostede se non está de acordo co que se recolle nesta recomendación.

Fálase tamén de impulsar a xestión forestal sostentable, algo co que creo que todos debemos estar de acordo; promover a certificación forestal do monte galego; converter a xestión pública nun referente de xestión forestal sostentable; delimitación da figura dos montes protectores das masas consolidadas de frondosas autóctonas; crear unha comisión que simplifique a normativa en canto a autorizacións sectoriais e que complica a vida á hora deses aproveitamentos madeiros.

En canto á regulación de eucalipto, a recomendación á que se refire tamén a regulación da plantación de eucalipto, que é a que lles lin con anterioridade; efectivamente cometín un erro, e a regulación número catorce que lles comentei ó principio era en canto á previsión do Plan Forestal de Galicia de desenvolver os plans de ordenación de recursos forestais dos diferentes distritos forestais galegos dentro dunha ordenación integral do territorio rural.

Impulsar tamén a xestión conxunta do monte a través da SOFOR ou calquera outras figuras xurídicas; profesionalización dos silvicultores; potenciación da multifuncionalidade dos nosos montes e a mellora dos pastoreos extensivos en terreos forestais, que redundará en que haxa menos incendios na masa forestal; promover a produción forraxeira repoboando con especies frondosas autóctonas os nosos montes; fomento da biodiversidade forestal; fomento do uso da biomasa

forestal, en canto vai supoñer unha colaboración tamén en canto a evitar o cambio climático e a protección medioambiental; fomento do uso dos produtos forestais, por parte da Administración promovendo aquela madeira certificada no uso de aquelas rehabilitacións ou construcións que estean promovidas por parte da Xunta de Galicia; revisar o Plan Forestal de Galicia coa participación parlamentaria; actuación nas franxas de xestión de biomasa, elaborando o seu rexistro, promovendo a mobilización de terras, e favorecer que os propietarios podan delegar na administración máis próxima, como son os concellos, ou os concellos podan delegar tamén nun ente instrumental, a limpeza desas franxas cando non podan levalo a cabo.

Tamén implicación dos montes veciñais en man común na loita contra os incendios; a ordenación do territorio a través de plans de ordenación do medio físico, a través de catálogos de terreos de alta produción agropecuaria e forestal, a través de prohibición dos usos en solos afectados por incendios; fomento da mobilidade de terras; reforzamento do papel do banco de terras; creación de polígonos agrícolas e forestais; creación de espazos protexidos a través da modificación da Lei de Conservación da Natureza; compensacións ós propietarios polas figuras de protección naqueles terreos de especial protección e que lóxicamente os propietarios non poidan facer a plantación que eles desexasen, e que reciban unha compensación por esa protección.

Eu entendo que se foi algo esta comisión, como lle dixen antes, que sería un erro plantexar aquí tódolos comparecentes, pero que estiveron involucrados tódolos actores que teñen participación no aproveitamento forestal e todo o que vai relacionado co sector forestal en Galicia, incluídos tamén os Grupos da Cámara galega, chegouse a estas conclusións e aprobáronse por unanimidade na maior parte dos casos, e algunhas veces con votos particulares.

Non entendo, e xa mo explicará vostede, como agora nos traen algo aquí cando se trata de incorporar estas recomendacións e facelo a través da Lei de Medidas de Acompañamento dos Orzamentos, porque se trata de medidas de carácter xeral, e ó mesmo tempo o que se vai é fomentar unha axilidade na súa aplicación, pero non vén máis ca recoller esas medidas, non é algo distinto do que se plantexou nesas recomendacións da Comisión creada a tal fin”.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Con respecto a esta proposta que presenta o Grupo Socialista temos varias dúbidas porque para nós non tódalas modificacións que se fan nesta Lei de Acompañamento dos Orzamentos sobre esta Lei 7/2012, son malas, hai unhas que nós cando se debateu na comisión dos lumes xa puxemos enriba da mesa e algunhas coincidían co Partido Popular e noutras non. Por exemplo na modificación dúas engádese un novo apartado aportando protección ó monte veciñal co que linde a parcela dun monte veciñal mal xestionada por exemplo, que nos parece ben; na modificación tres favorécese o mosaico e a extensión da caducifolias; na modificación catro prohíbense novas plantacións con eucalipto nos sitios onde ardeu o monte, algo co que estivemos de acordo. E o resto das modificacións mais ou menos van todas na liña de consolidar distancias mínimas, o tamén na liña da declaración responsable para axilizar a cortas, que aí habería que facer un seguimento e inspección porque tamén pode haber unha trampa e facerse de todo.

Ou sexa que ten cousas boas e cousas malas; estráñanos porque ese ditame da comisión dos lumes o Bloque Nacionalista Galego non votou a favor das resolucións, e o Partido Socialista si que votou co Partido Popular, por iso que nos descoloca un pouco esta proposta. En canto ó resto, son consideracións bastante xeneralistas, e non entendemos moi ben a que se debe esta postura do Partido Socialista porque se desdía en cousas que votou a favor na comisión dos lumes.

Vista a introducción e a exposición de motivos, onde se fala de que Lugo é unha das provincias de maior produción de madeira, que nos parece ben que se produza madeira, que se produza eucalipto tamén pero no seu sitio, dá a impresión de que se está a favor dunha forestación case total, ou sexa que todo o que se acordou, todo o que se leva debatido despois dos lumes entre tódolos Grupos Políticos parece que o Partido Socialista se desmarca agora, por un lado non sei se para contentar a alguén concretamente ou non, por iso me gustaría que o señor Argelio na seguinte intervención fora un pouco máis explícito.

Eu creo que en calquera moción ou calquera acordo sobre o tema forestal hai que plantexar tamén unha alternativa que propoña a multifuncionalidade do monte, a protección das terras

agrarias, e a circunscrición do eucalipto a determinados territorios onde se pode plantar e non en todos; esa é a liña que defendeu o Bloque Nacionalista Galego nesa comisión dos lumes e a que imos defender aquí tamén”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Argelio Fernández Queipo, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Efectivamente esas consideracións que fixo vostede, e ás que fai alusión na súa intervención, o Partido Socialista estivo de acordo e votou con vostedes no Parlamento de Galicia, sen embargo o que non está nada claro é que a regulación dunha Lei do ano 2012 se pretenda facer a través dunha Lei de Acompañamento, tiña que haber un regulamento desa propia Lei que encauzase precisamente e direccionase como tiñan que ser as actuacións para que iso afectase ó ámbito territorial en xeral.

Sen embargo eu voulle dicir que en relación ó que nós traemos aquí, e precisamente queríamos clarificalo para que todos soubesemos de que se trataba e nos puxesemos de acordo, parece ser que con relación a isto e no punto número un no que se pretende favorecer as especies que están diminuindo en presenza nos últimos anos como é o xénero *pinus*, se temos unha zona de frondosas e outra zona de frondosas nas vaguadas e na loma tiñamos pinos, se se cortan eses pinos as frondosas prevalecen e xa non se poden volver plantar pinos, o cal non favorecería para nada que non houbera incendios senón que favorecería que houbera especies, uces, toxos, etc., co que non se podería reforestar esa zona, porque as frondosas xa se encargaron elas no seu momento de acotar a zona onde poden medrar e vivir; entón esa zona que non estaba adicada a frondosas no seu día, e estou falando en xeral da montaña porque a mariña é outra cousa onde xa os eucaliptos son os que campan ás súas anchas por todas e cada unha das parcelas, pero na montaña é distinto. Entón se isto se aproba tal e como vai eses pinos aí non se poderían volver plantar aínda que o propietario tivera esa plantación de pinos anteriormente.

Despois a trituración da biomasa en pendentes importantes na montaña fan que non sexan rendibles esas plantacións, porque o custe desa trituración ou a retirada de biomasa en pendentes importantes cun prazo de quince días é totalmente inviable.

Preténdese prohibir a plantación de determinadas especies a criterio dos distritos; é dicir todo aquilo que non se fixo co decreto que se pretendía do eucalipto en canto a que non se puidese plantar eucalipto nunha parte de Lugo e nunha parte de Ourense, con isto abrimos a porta a que a través dos distritos se poda prohibir porque é a Xunta directamente quen pode decidir o que se planta ou non a través da súa planificación de distrito; co cal se iso fora a través do regulamento da Lei do Solo de Galicia iso xa non se podería facer a nivel de distrito.

Con relación ó cambio de uso, ata agora popoñíano os particulares precisamente en defensa da súa aptitude para mellorar as súas parcelas no sentido que eles estimaban conveniente para poder seguir desenvolvendo a súa actividade. Iso a partires de agora vai estar bastante complicado, e sen embargo á Xunta ábreselle o poder cambiar de uso cando o estime oportuno. Eu entendo, e con isto non quero ser suspicaz, que cando hai temas como parques eólicos ou doutro tipo, que a Xunta poda determinar que unha parte do territorio poda ser dun determinado uso favorecendo así a instalación doutras cousas.

Nós non estamos en contra de que haxa esa Lei de Acompañamento, senón que pretendemos que esa Lei non xogue en contra daqueles que viven no rural e que son os que día a día teñen que loitar para poder seguir aí. Estamos de acordo con que se loite contra os incendios con todas esas medidas que se aprobaron dende o Parlamento, pero tamén estamos de acordo en que aqueles que viven no medio, coa aplicación puntual de determinadas medidas que se pretenden dende a Lei, que non lles repercutan contrariamente ós seus intereses, hai que facer isto de xeito que a todos nos sexa útil.

Por iso lles dicía ó principio que pretendo a unanimidade para esta moción, de maneira que nós elevemos ó Parlamento de Galicia, antes de que esta Lei se publique, esas dúbidas que hai aquí plantexadas e que lles traio sobre este tema, de xeito que se podan reconducir no caso de que sexan tal e como eu as plantexo, se non son como eu as plantexo e estou equivocado lóxicamente perderíamos o tempo facendo esta moción. Por tanto, apelo a ese sentido común e á concordia, acabo esta intervención, e dou paso xa ó resto dos Deputados que queiran intervir”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Agradecerlle a intención de adicarme un turno extra, e dicirlle que ten que cambiar o reloxo porque segundo quen fala os minutos son máis longos ou máis curtos”.

Neste momento intervén o Sr. Presidente para manifestar o seguinte:

“O primeiro que incumpriu a norma e pasarse do tempo hoxe foi vostede”.

Continúa na súa intervención o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Pero comigo tivo unha agresividade extraordinaria e cos outros cariño e amor, que tamén entendo que me queira criminalizar, pero poña o reloxo en hora para todos igual. É unha crítica cariñosa, non se preocupe.

A verdade é que esta Lei, co rexeitamento absoluto persoal e político a que se utilice a Lei de Orzamentos para cambiar ou normalizar, porque considero que é unha forma de facer lexislación bastante torticeira, e eu aquí quero recordar que só houbo un Presidente, tanto en Galicia como en España, que se comprometeu a non utilizar a Lei de Acompañamento para publicar Leis, e que o fixo, foi o señor Touriño; de nada lle valeu porque despois se lle criminalizou tamén.

Dito isto, a verdade é que a intervención do representante do Grupo Socialista sumiame nunha confusión total e absoluta, non entendín absolutamente nada, tamén é certo que eu non son nin especialista en temas de montes nin en medio rural, pero ó final non sei exactamente o que queremos; cando hai ademáis unha comisión que parece que está estudando no Parlamento este tema, e que debe ser a que debe debater e facelo.

Eu quería facer unha proposta, que era que nesa comisión onde se debaten estes temas ou nas futuras leis se teña en conta o que ocorreu esta fin de semana, onde as distancias das árbores ás estradas e ós tendidos eléctricos non se respectan por parte de ninguén, ningunha administración se fai responsable, incluído eu como Alcalde e o concello, pero que creo que alguén debe facer algo porque o 100% dos danos causados esta fin de semana foron debidos, aparte dos que podía ocasionar a neve, polas pólas e polas árbores que debido tamén á época do ano obstaculizaron e obstaculizan as estradas, e algúns concellos van ter que botar varios meses para normalizar a situación debido a que non se cumpren todas esas normas que se fan, incluso sen Lei de Acompañamento.

Pola miña parte dicir que vou votar en contra”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Ulla Rocha, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Repítolle o que lle dixen con anterioridade, o que se pretende é recoller o máximo posible desas recomendacións da comisión, e facelo do xeito máis áxil, e como son medidas de carácter xeral facelo a través desta Lei de Acompañamento.

E o que vén facer esta Lei é garantir o mantemento das masas frondosas e fomentar o seu aproveitamento, mellorar a regulación do réxime administrativo dos aproveitamentos, ampliar os prazos nos que sexa obrigatorio dispoñer dun instrumento de ordenación e xestión forestal, e facelo acorde ás medidas anunciadas polo Presidente tamén en outubro de 2017.

A verdade é que sigo sen entender, e niso coincido co voceiro do BNG, esta postura cando se consensou co Partido Socialista e se aprobou este ditame onde viña recollido todo o que antes lle fixen un breve resumo.

En canto ás cousas que plantexan vostedes no que afecta á retirada da biomasa forestal residual, creo que é o que se veu facendo toda a vida e o que fixemos cadaún de nós nas nosas casas e o que saben facer os produtores de madeira, que é que unha vez que curtan os piñeiros ou

os eucaliptos ou ben retiran esa biomasa porque senón é caldo de cultivo para os novos incendios; pódese aproveitar como biomasa vexetal co cal imos contribuir tamén a evitar o cambio climático, e aproveitar iso como fonte calorífica; ou desbrozalo e trituralo, como din vostedes, e servirá de abono tamén; pero iso é o que se leva facendo durante moitos anos, non se cambia ningunha desas cousas, o que si se fai é poñer un prazo porque non imos deixalo, sobre todo en épocas que son de alto risco de incendio e que quede a biomasa vexetal residual neses montes.

Tampouco se pretende prohibir a plantación de determinadas especies forestais, o que si se pretende é limitar; hai partidarios e detractores da plantación de eucalipto, eu creo que debe convivir e manter un equilibrio entre a produción e a conservación, pero dende logo alguén o ten que regular; e dende logo a través dos Plans de Ordenación de recursos e dos distritos forestais eu creo que hai profesionais capacitados para delimitar onde poden ir mellor unhas especies ca outras.

E falan vostedes de que, despois desta comisión na que estiveron participando todas as forzas políticas e tódolos actores que interveñen na produción forestal en Galicia, queren aínda máis participación; iso que mo diga un Partido assembleario como é o BNG, pero o Partido Socialista neste caso que pretenda que pidamos opinión a cada produtor do que quere facer na súa terra pensa vostede que imos chegar a algún tipo de acordo?, eu creo que hai suficientes profesionais e estamos tamén os políticos nunha democracia representativa para tomar decisións, para ver cal é o máis axeitado porque é imposible poñer de acordo a tódolos propietarios se lles pedimos opinión do que quere facer cadaún, porque nos levou á situación na que estamos ata agora; e unha regulación das franxas de protección das vivendas, iso dende logo canto antes se faga e do xeito máis áxil para tratar de evitar o risco para as vidas humanas e os incendios que cheguen ás nosas casas.

Co cal rexeitámolo por moitos motivos, pero basicamente porque é unha incongruencia pola súa parte cando se acaba de elaborar un ditame no que está recollida; preténdese facer unha modificación da Lei de Montes pero sabemos que iso non é tan áxil e non se fai dun día para outro, e recoller todas estas recomendacións; pero o que poidamos facer dun xeito áxil, como é a través da Lei de Acompañamento, porque non o imos facer se é algo que nos permite a Lei?, e ademais vai

redundar nun beneficio para os nosos montes. Dende logo creo que estan vostedes moi errados á hora de plantexar esta moción”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“A última frase que se di nese acordo de instar ó Goberno da Xunta de Galicia a que retire as modificacións sinaladas da Lei de Acompañamento ós Orzamentos da Xunta de Galicia, posto que non axuda en ningunha medida á mellora do medio rural nin o medio ambiente de Galicia senón que nos resta competitividade e atenta contra o medio rural unha vez mais. Estamos falando de ordenar o monte, pero pódese facer en función de criterios medioambientais, en función de criterios económicos, de criterios sociais, de fixación de poboación, pero aquí fálase única e exclusivamente da competitividade económica; nós entendemos que o monte hai que explotalo racionalmente, e teñen que convivir moitas especies, efectivamente o eucalipto é unha especie de agora non de hai anos, e por tanto hai que convivir co eucalipto e ten que explotarse nos terreos que teñan esas condicións, igual có piñeiro ou outras especies, pero tamén hai que ter en conta outros criterios.

E falouse aquí das distancias, que non ven moito a conto pero quero citalo; é un problema moi importante que está acontecendo en tódolos concellos, e sobre todo despois do acontecido nos incendios do ano pasado e o temor que hai na poboación, a Xunta descarga esa responsabilidade nos concellos, mellor dito non a descarga pero hai concellos que se poñen a facela, como foi o caso do concello de Ribadeo, non sei se lle serve como exemplo ou non; pero nós entendemos que é unha medida axeitada, pero é algo que ten que facer a Xunta e non cada concello, e ese é un problema acuciante.

Hai que falar da ordenación e de todo iso, esta proposta que se trae hoxe aquí non vai contar co noso apoio porque eu sigo igual ca na primeira intervención dicindo que nos deixa totalmente descolocados cando PSOE e PP votaron conxuntamente, pactaron esas propostas, e agora o Partido Socialista desmárcase. Nós, entendendo que hai propostas boas e malas dentro desa proposta da Lei de Acompañamento ós Orzamentos, ímonos abster”.

Intervén o Sr. Deputado D. Argelio Fernández Queipo, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Oxalá eu estea equivocado neste plantexamento e, como vostedes din, isto sexa agora paz e despois gloria e que todo saia ben, sen embargo discrepo de que iso vaia ser así. Independentemente diso vostdes teñen a oportunidade de aprobalo ou rexeitalo.

En canto ó manifestado polo Deputado non adscrito do que pasou esta fin de semana, é lamentable, por tanto que a Xunta faga respectar esas distancias ás estradas e que estes problemas que tivemos a fin de semana non se volvan producir. Oxalá toda esa normativa e todos eses acordos que se tomaron entre o Partido Socialista e o Partido Popular na Xunta de Galicia cheguen a bo porto, e sexan beneficiarios toda a xente que vivimos no medio rural, porque dubido moito de que unha parte de todo o que se vai aplicar a través da Lei de Acompañamento sexa útil e produtivo para a xente que vive no medio rural”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 10 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista); votos en contra, 13 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Popular e do Sr. Deputado non adscrito); abstencións, 2 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

Neste momento auséntase da sesión o Sr. Deputado D. Miguel Angel Sotuela Vega.

12.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, PARA QUE O PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO ACORDE INSTAR Á XUNTA DE GALICIA E GOBERNO DO ESTADO A CAMBIAR A NORMATIVA SOBRE ENERXÍA ELÉCTRICA QUE PREXUDICA GRAVEMENTE OS INTERESES DE GALICIA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Xosé Ferreiro Fernández e Antonio Veiga Outeiro, Deputados do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte Moción para que o Pleno da Deputación de Lugo acorde instar á Xunta de Galicia e Goberno do Estado a cambiar a normativa sobre enerxía eléctrica que prexudica gravemente os intereses de Galiza.

Exposición de Motivos

O nacionalismo galego defende que a enerxía debe ser entendida como un ben público e a política enerxética debe desenvolverse en base a esta consideración, superando a concepción actual como unha mera mercadoría legalizada polos gobernos centrais de PP e PSOE. Do mesmo xeito, o subministro de enerxía debe ter a concepción de servizo público e o seu acceso debe ser un dereito garantido para todas as persoas por riba dos intereses económicos das empresas eléctricas. Pola contra, na actualidade, o sistema funciona en liñas totalmente contrarias a estes principios, favorecendo un prezo final da enerxía eléctrica imposíbel de soportar para moitos fogares e tamén para o tecido económico e produtivo do noso país.

Un factor fundamental é que o actual sistema de xeración de prezos é totalmente opaco e inxusto. Mediante un mecanismo de poxa o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado polo prezo da última oferta en ser aceptada. Isto significa que posto que existen tecnoloxías que producen a uns custos moi diferentes, acabe marcando o prezo de forma habitual unha das tecnoloxías máis caras.

Isto dá como resultado que se xeren os coñecidos no propio sector como “beneficios chovidos do ceo”, especialmente no caso de tecnoloxías case ou totalmente amortizadas, como sucede coas hidroeléctricas e a enerxía nuclear. Por poñer un exemplo, no último ano completo (2017) as tres maiores compañías eléctricas que operan no Estado español (Iberdrola, Endesa e a actual Naturgy) obtiveron uns beneficios 5.627 millóns de euros, un 3% máis que no exercicio anterior malia que 2017 foi un ano de seca que impactou de forma negativa en termos hidrolóxicos.

Por outra banda, hai que engadir que a electricidade ten unha fiscalidade absolutamente disparatada e excesiva, o que tamén incrementa o prezo final. Por exemplo, o prezo da electricidade ademais de ter diferentes impostos que se solapan, atópase no tramo máis elevado do IVE, no 21%, sendo un dos máis altos de Europa ao tempo que cuestións non básicas como as touradas ou un coche de luxo teñen un gravame menor. A única razón para que o IVE non se reduza é o afán de recadación do Estado a costa dos petos da xente máis desfavorecida.

Cómpre ter en conta tamén que Galiza tivo e ten un papel de produtor de enerxía que non foi escollido polos galegos e galegas, senón que é consecuencia dunha cadea de decisións alleas, moitas delas do período da ditadura franquista, e do que non obtemos ningún tipo de compensación. Nesa función imposta de país produtor, xeramos enerxía para o consumo doutros territorios do Estado español, exportando unha media dun 35% de electricidade. Mentres outros territorios aforran os custos do impacto social e ambiental que produce a xeración de electricidade e que sufrimos nós, Galiza non obtén ningún beneficio. Isto obedece a un deseño centralista do Estado español que, mentres nos adxudicaba ese papel, reservaba para outros lugares ser o centro da industrialización e do desenvolvemento económico.

Con este modelo, mentres Estado e eléctricas aumentan os seus beneficios e Galiza exporta enerxía, no noso país hai máis de 442.000 persoas que declaran non poder permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada e a taxa de risco da pobreza incrementouse nun 12,15% dende o 2009. Para combater a dificultade que supón o acceso á enerxía non son suficientes nin o bono social do Estado nin o ticket eléctrico da Xunta de Galiza, que chegan a unha porcentaxe moi reducida da poboación.

Non é de recibo que por riba de non beneficiármonos de producir, grazas ás políticas enerxéticas do Partido Popular, Galiza vaia pagar a factura máis cara do Estado. A posibilidade de introducir suplementos territoriais na tarifa eléctrica xa figuraba na Lei do Sector Eléctrico do ano 1997 e na vixente de 2013. Porén, foi a aprobación do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria de Rajoy o que converteu o que a Lei recollía como posibilidade en obrigatorio para o 2013.

Resultado disto as eléctricas recorreron e o Tribunal Supremo deulles a razón en distintas sentenzas. Como resultado, vaise repercutir o recadado en varios impostos nas facturas dos galegos e galegas para recadar arredor de 38 millóns de euros. Isto é un absoluto disparate, quen produce paga máis que quen non e as galegas e galegos imos recibir o tarifazo máis grande do Estado.

Desde o BNG defendemos que Galiza ten dereito a controlar os seus recursos enerxéticos e para iso é fundamental poñer fin a esta situación de explotación colonial e reclamar capacidade normativa para poder tomar as decisións referentes a todos os aspectos do desenvolvemento enerxético. En canto a falta de soberanía política non nos permita desenvolver unha política enerxética propia en todos os aspectos, si é posíbel avanzar progresivamente para establecer medidas que compensen tantos anos de espolio sen recibir nada a cambio. Son decisións políticas que debemos tomar para corrixir un agravio histórico e por xustiza social.

Por todas estas cuestións, é imperativo demandar cambios inmediatos na regulación eléctrica para que a electricidade sexa un servizo básico e estean cubertas as necesidades sociais e económicas dun país coma o noso, tendo en conta que a xeración eléctrica leva aparelados elevados custos sociais e medioambientais que deben sernos compensarnos.

Neste sentido, unha tarifa eléctrica galega que abarate vía peaxes o prezo final da enerxía no noso país axudaría a democratizar o acceso á enerxía para todas as persoas e, asemade, contribuíría a asentir o tecido industrial e económico do país, frear a deslocalización e evitar a nosa desindustrialización.

E por todo o exposto con anterioridade polo que o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación de Lugo esta moción, propoñendo a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Central:

1º.- A inmediata redución do Imposto de Valor Engadido sobre a Electricidade do 21% ao 4%.

2º.- Que exclúa a Galiza da Orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013, por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses do tecido social e económico galego, correspondendo ao goberno do Estado asumir os custos que poida ocasionar a aplicación das sentenzas.

3º.- Modificar a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico de forma que se permita a regulación dunha Tarifa Eléctrica Galega que Galiza poida beneficiarse, pola súa condición de nación produtora de enerxía eléctrica, de peaxes máis baixas que permitan un abaratamento para os consumos domésticos e empresariais en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Esta moción ten un trasfondo que eu case chamaría filosófico, e tamén ideolóxico, co cal ata certo punto, dada a diversidade ideolóxica que hai neste pleno, poderíase entender que non houbera unha unanimidade á hora de abordalo, aínda que me gustaría que fora o contrario.

Aquí trátase en definitiva de qué debe representar a enerxía para a sociedade; ou ben, como cremos nós, a enerxía debe ser un ben público ó que tódalas persoas deben ter acceso polo feito de ser persoas, debe ser de todos e de todas igual ca é o sol, a agua, igual que son os recursos naturais, que deben ser de tódalas persoas que habitamos este planeta; ou ben pola contra, como pasa na actualidade, a enerxía é simplemente unha mercadoría coa que negocian unhas cantas empresas e coas que trafican sen importarlle para nada as condicións persoais que podan ter os usuarios desa enerxía; no fondo é o que estamos a debater e discutir.

Por desgraza, dende o punto de vista do BNG, a situación que hai neste momento é considerar a enerxía coma unha mera mercadoría que debe ser tratada como tal, e sobre todo debe ser tratada para que un consello de administración dunhas empresas teñan uns considerables

beneficios a conta do que poidan pagar as persoas, repito, a enerxía que se saca do sol, da auga, do subsolo, etc..

É evidente que iso é así empezando xa polo propio cálculo do prezo da enerxía, o actual sistema de cálculo do prezo está baseado nunhas poxas públicas onde a última poxa do día é a que marca o prezo, cando todos sabemos perfectamente que o prezo da enerxía eléctrica depende moitísimo do sistema de xeración; todos sabemos que por exemplo a xerada por carbón, gas natural, ou diésel, son unha enerxía moitísimo máis cara cás enerxías alternativas; tampouco se ten en conta no cálculo do prezo por exemplo que sexa xerado por sistemas que xa están amortizados, como é o caso dos propios embalses amortizados dende hai moitos anos, sen embargo a enerxía séguese cobrando ós prezos altísimos normalmente ó prezo que custa xerala con carbón, con diésel, ou con gas.

Trátase a enerxía coma se fora un artigo de luxo, de feito chégase ata a aberración por exemplo de baixar o IVE das touradas ó 10% e sen embargo mantense o prezo da electricidade, para nós un artigo básico e esencial para as persoas polo feito de ser persoas, mantense unha fiscalidade no 21% coma se quentarse ou encender a luz de inverno fora un artigo de luxo e non un dereito que deberamos ter tódalas persoas polo feito de saír do que é de todos, da auga, do subsolo, etc.

Ó mesmo tempo en Galicia, país produtor, estamos a pagar neste momento despois de impostos a factura máis alta do Estado, e por riba chega esta nova norma e vannos cargar o 34% dos 111 millóns de euros que hai que pagar polo suplemento territorial da factura da luz; uns impostos que se lle cargaron ás empresas eléctricas e uns bos xuíces que decidiron que non, que as empresas eléctricas non poden pagar eses impostos senón que os paguen os usuarios.

Resulta curioso que cando a sentenza prexudica á banca, como pasou últimamente coas hipotecas, automaticamente se encenden tódalas alarmas, xúntanse os xuíces do Supremo, e non hai ningún problema en romper toda a xurisprudencia dos últimos anos e volver reunir o Supremo para que volvan decidir, non sexa que a banca perda un céntimo dos seus beneficios. Cando iso ocorre coas eléctricas e prexudica ó conxunto dos cidadáns a ningún xuíz se lle ocorreu volver

deliberar para ver como se pode facer para que non teñan que pagar a factura os cidadáns, factura que ademáis van pagar maioritariamente os galegos, dos 111 millóns que hai que pagar 38 millóns teñen que pagalos os galegos, precisamente os que producimos enerxía máis saudable e sostible, solar, eólica, ou neste caso hidráulica.

E iso ocorre ademáis nun país, Galicia, que é eminentemente exportador, nos últimos anos de media Galicia exportou a outros territorios do Estado ou incluso de Europa o 35% de media da enerxía que produce, enerxía que básicamente está producida polo sol, pola auga, ou polo propio vento. É máis, incluso chega ó absurdo, non só somos país produtor que as empresas que producen esa enerxía no noso país a maioría delas nin sequeran pagan os impostos en Galicia, senón que o Imposto de Actividades Económicas e outros vanos pagar a Madrid, e supoño que en Madrid estaranse cachondeando, encima de que pagamos a factura máis alta quedamos coas mellores terras asolagadas polos encoros, deixáronnos durante décadas o fume e a choiva ácida das térmicas, e temos os montes cun impacto visual impresionante cos eólicos; e por enriba as empresas que a producen e sacan os beneficios diso pagan os impostos en Madrid, que ademáis teñen a factura moito máis baixa cá que temos en Galicia.

En definitiva, esta moción o que propón básicamente é que a enerxía sexa un ben esencial que ninguén poda quedar fóra del. Garantir que toda a poboación poda ter acceso á electricidade independentemente da súa condición económica, conxuntural ou social. Que o IVE sexa un IVE reducido do 4% para a electricidade. Ter unha tarifa propia galega para beneficiarnos desa condición de país produtor de enerxía eléctrica, e por tanto poder por un lado beneficiar con esa tarifa á propia industrialización que tanto fai no noso país, e por outro lado ós propios usuarios que temos que sufrir tódolos días as malas consecuencias que ten o feito de producir enerxía eléctrica aquí. Que as empresas eléctricas que producen, transforman, e comercian coa enerxía en Galicia, paguen os seus impostos no noso país, porque xa está ben de que encima de todo iso vaian pagar os impostos a Madrid.

E por último que se exclúa a Galicia da orde que obriga ó pagamento de suplementos eléctricos, que busquen o sistema que queiran, que o pague o propio Estado ou quen sexa, pero por favor que non volvan recargar unha vez máis os recibos da luz, xa os máis altos que temos os

galegos, que non incrementen aínda máis con este suplemento que din que temos que pagar agora”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Sr. Ferreiro, é a primeira vez que eu vexo intervir a un voceiro dun Grupo e xa de antemán case que entende e nos pide que non lle apoiemos a moción, co cal pónnolo moi fácil. E efectivamente vostede o dixo ben, aquí non estamos ante un plantexamento de país nin de nada, estamos ante un plantexamento ideolóxico do BNG no cal non consegue ter auditorio en Galicia en ningún lado.

O tema da tarifa eléctrica galega, era o ano 2015, estabamos a tres meses das eleccións municipais, e entón a CIGA, o seu sindicato irmán, conxuntamente co BNG, empeza a patear tódolos territorios, tódalas provincias e tódolos concellos de Galicia, buscando firmas para presentar unha iniciativa lexislativa popular para a creación desa tarifa galega.

Despois de ser uns meses candentes porque a presentaron uns días antes das municipais no Parlamento, despois de estar pateando tódalas feiras e tódolos mercados onde había aglomeración de xente, foron 17.850 firmas de galegos e galegas que pedían esa tarifa eléctrica galega, co cal nun país de 2.700.000 galegos quere dicir que esa iniciativa a refrendaron o 0,6% da poboación.

Dende ese momento que vostedes iniciaron esa teima da tarifa eléctrica galega, non houbo ningún estudo serio de custes nin de produción; iso é un eslogan ideolóxico, vostedes xogan moi ben con que efectivamente en España hai un prezo da enerxía tremendamente alto, ós fogares cústalles moito aguantar ese tema, e vostedes sacan da chisteira que aquí apretamos un botón e arreglamos o país, tarifa eléctrica galega.

Nin sequera hai unha Universidade, non hai un Colexio de Enxeñeiros, que avalen iso, nin hai un estudo serio do custe, por non falar de que son moitas as autoridades que defenden incluso a súa inconstitucionalidade. E se eu lle pregunto que é iso da tarifa eléctrica galega e me explica que

pasos hai que dar, seguro que se me contesta será o primeiro do BNG que o saiba; é un eslogan, é un plantexamento ideolóxico.

Ademáis din vostedes que Galicia é un país tramendamente excedente, que exportamos ó resto de España e de Europa un 34% da nosa enerxía; ben sabido é o plantexamento que ten o BNG, que nunca o ocultaron e que sempre fixeron forza nel, vostedes queren pechar as centrais de As Pontes e de Meirama, e se cerramos esas centrais Galicia deixa de ser excedentaria e a partires de aí estamos nivelados, polo tanto definan o que queren facer. Nós cremos nun mercado único, non queremos illar Galicia, entendemos que pode haber dezasete Comunidades Autónomas e dezasete tarifas eléctricas, porque ademáis non hai precedentes.

Vostede di que estas eléctricas non repercuten os seus impostos en Galicia, eu creo que ten que falar cos concellos, porque os concellos, como é o caso do meu, ou moitos outros de Galicia e da provincia de Lugo, que estamos afectados por centrais hidroeléctricas ou por cubertas solares, unha parte moi importante dos nosos presupostos veñen en primeiro lugar do que recadou a Deputación durante tantos anos e repartiu, que era o Canon eléctrico, da participación no IAE, ou dos impostos sobre construcións, agora mesmo que cinco delas están en obras.

Por tanto vostedes durante catro anos formaron parte dese famoso bipartito, tiñan ademáis a Consellería pertinente e a Vicepresidencia da Xunta, e nese momento resulta que non existía tarifa eléctrica galega nin nada que se lle parecera; eran tamén consortes do Goberno de Zapatero e tampouco se lle acordou isto. E agora veñen cun tema no que en realidade en Galicia eu non vexo que teñan ningún eco nin ningunha autoridade na materia que refrende este tema.

Creo que estamos ante un problema real de que a enerxía se foi de prezo, o PSOE cando chegou ó Goberno o Sr. Zapatero, enredado naquilo das subvencións das enerxías renovables e doutras peaxes, encareceuse a luz durante ese período de mandato, do ano 2004 ao 2011, un 70%, e iso non é un dato cuestionable senón que é un dato obxectivo que recolle o INI, e por tanto houbo un déficit tarifario increíble; cando o Partido Popular chega ó Goberno hai un déficit tarifario entre custes e beneficios de 30.000 millóns de euros e que ademáis subían a un ritmo de cinco mil

millions anuais, e por iso o Partido Popular tivo que plantexar unha reforma profunda do réxime tarifario.

Polo tanto nós presentamos unha emenda, na que os puntos dous e tres nos parecen inaceptables, vostede xa dicía que contaba con que moi pouca xente se sumara a ese tema ideolóxico; e nós entendemos que efectivamente a luz é cara, está subindo dunha forma desproporcionada, e entendemos que se estude, nós non dicimos que se rebaixe porque hai que ser serios, e que polo tanto o Ministerio de Enerxía e o de Facenda podan estudar a posibilidade, co impacto que ten porque non esquezamos que o IVE é o principal imposto que recada o Estado, e sobre as eléctricas é moi grande; entón eu creo que lle debemos pasar esa inquedanza de que os dous Ministerios podan estudar o impacto que pode ter iso nos Presupostos do Estado, e se é posible que se rebaixe o IVE sobre a enerxía eléctrica”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Soa ben ter unha tarifa eléctrica galega evidentemente, soa ben ter autonomía plena en todo, e nalgunha ocasión, asociado a outra iniciativa por se pretenden utilízalo como recurso no debate, se ten apoiado esta proposta non tan desenvolta como a que se presenta actualmente; pero creo que esta iniciativa e outras o que nos chaman é a reflexionar sobre outras cuestións, isto non vai de quen é máis nacionalista ou quen é máis patriotista, non vai de quen pensa máis nos galegos e menos no resto; adoptamos un modelo de Estado baseado na solidariedade territorial hai moitísimos anos, e iso significaba que se en algo eramos excedentarios eramos xenerosos, e se en algo eramos deficitarios os outros territorios que se atopasen nunha situación de abundancia deberían selo con nós.

E así se foi artellando o crecemento e o desenvolvemento do Estado que agora é das autonomías, e que parece que non é suficiente e que ademais reiterativa e periódicamente vimos debater sobre cuestións que intentamos radicar competencialmente nos diferentes territorios ou nas diferentes autonomías, o que nos pode estar advertindo en realidade dunha fatiga do modelo de

estado que se ven desenvolvendo dende o ano 78 da aprobación da Constitución, quizá sobre iso realmente debamos debater.

É verdade que a oportunidade política no tempo está na coincidencia desa tarifa propia do País Vasco, pero tampouco hai que rasgarse as vestiduras sen recoñecer que nese modelo de estado que se foi desenvolvendo o País Vasco, Navarra, e demais, tiñan o seu réxime específico, non en tarifa eléctrica, un réxime fiscal específico, que ó mellor o hai que acordar, pero eu entendo que haberá que facelo nunha reforma conxunta do modelo territorial, do modelo enerxético que podamos ter como Estado ou doutros modelos.

Evidentemente podemos estar de acordo coa redución do Imposto do Valor Engadido sobre a electricidade do 21 ó 4%, é un instrumento máis como non, para que usuarios?, porque hai usuarios para os que é un servizo básico e hai outros para os que significa un aproveitamento que rendibilizan a través da produción de bens ou de servizos, polo tanto de economías; así que non creo que sexa un tema que se poda liquidar nun debate que soa moi ben pero que ó mellor non atende a tódalas realidades.

Si que creo que o que temos que estudar como autonomía, como estado, como provincia, ou como cidadáns, igual incluso como Europa, e que se Galicia ten agora mesmo un elemento de competitividade para a instalación e implantación industrial no seu territorio é esa capacidade de producir enerxía que temos agora mesmo que é excedentaria, e ó mellor si que o temos que ver, pero non o feito de facelo a través dunha tarifa enerxética propia de Galicia, ou de facelo a través dun sistema tarifario dentro do ámbito estatal, que pode ter instrumentos para economizar a oferta de cara a grandes implantacións industriais nun territorio concreto, sexa mellor un ca outro.

Polo tanto eu creo que, sen discrepar completamente no fin que aparentemente se persegue, non se pode aprobar isto así á lixeira, por iso dende o Grupo Provincial Socialista ímonos abster, facendo un chamamento a un debate máis sosegado, e cunha perspectiva e unha panorámica algo máis ampla que nos permita ó mellor atallar esas fatigas do modelo social, do modelo de estado, do modelo produtivo, que se están a poñer enriba da mesa permanentemente con situacións como as

que estamos vivindo agora mesmo con Alcoa, do que falaremos a continuación, e que seguro que tamén ten que ver con esta moción”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Todos sabemos a sensibilidade que temos as persoas e os cidadáns sobre un tema coma o das tarifas eléctricas onde a maioría vemos como un abuso esas tarifas, e dende logo como unha prepotencia por parte das empresas comercializadoras e produtoras que levan a situacións, e hoxe imos reivindicar como diversos concellos desta provincia despois de tres días dun temporal aínda seguen sen ter regularizada a subministración eléctrica, e creo que eses recursos que lles estamos dando tódolos españois deberían redundar nunha mellora do servizo e non ter estes espazos tan longos que crean prexuízos ás familias, ás explotacións agrarias, e a todo o mundo, con respecto á non distribución correcta, aínda que sexa neste caso por un temporal; pero creo que con esas medidas preventivas, algunhas das cales xa fixeron nos temporais de 2008 e 2009, podían beneficiar. Eu creo, e así dixen hoxe unhas declaracións á prensa, que a Xunta de Galicia e as propias empresas deben reflexionar sobre este tema para tratar de solucionalo.

Polo que respecta á moción, vou quedar coas últimas palabras do voceiro do BNG, porque obviamente se miro as propostas de acordo, aínda que hai unha que coincide total e absolutamente coa proposta feita por este Deputado en xaneiro de 2017, que é dirixirse ó Goberno Central para que de maneira automática rebaixara o IVE do 21 ó 4%, cousa que o Goberno que estaba naquel momento, que era o Partido Popular, non fixo, e imaxino que o Goberno que está agora, a pesares de que presume de sensibilidade social, tampouco vai facer, pero por pedir que non quede.

En base a iso, e non estando moito de acordo coas outras dúas propostas, que non deixan de ser propostas reiterativas e presentadas moitas veces polo Bloque Nacionalista Galego, como Partido nacionalista que é, eu non o son, pois obviamente creo que nas competencias galegas en calquera cousa, e na tributación ambiental, eu creo na solidariedade do Estado, non creo que cada autonomía vaia polo seu lado, cousa que se está pedindo aquí, e que isto termine coma Cataluña, nin creo na tarifa eléctrica galega; eu creo que a tarifa eléctrica debe beneficiar a todos os cidadáns deste país; repito que non son nacionalista e non comparto estas dúas propostas, posiblemente

nalgún momento en que estas se presentaron aquí votei en contra, pero como creo que o punto un é importante, que haxa algún Goberno con sensibilidade, sexa do signo que sexa, dereitas, esquerdas, non adscrito, ou de centro, se iso se consegue creo que xa demos un paso, polo que vou votar a favor da moción”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Ó final o voceiro do Grupo Popular dame a razón; eu xa sabía, aínda que non fixo unha intervención moi convencido do que estaba dicindo porque se lle nota moito cando non cre moi ben o que di, que o Partido Popular non ía apoiar o concepto que nós temos, ideolóxico e filosófico, do que é a enerxía, porque vostedes como Partido están para apoiar ós consellos de administración das eléctricas, é lóxico porque lles colocan a tódolos ex políticos que pasan polo Goberno, tamén ós do Partido Socialista, nos consellos de administración, e como van logo legislar contra esas eléctricas que teñen colocados a tódolos ex dirixentes, Ministros, e ata un Presidente do Goberno?.

Vostedes están aquí para defender os intereses á conta de beneficios, o importe das accións, das empresas eléctricas, e non para defender os intereses dos cidadáns, dos usuarios, que somos os que pagamos para que esas empresas teñan beneficios. Como se explica logo que permitiran, na época do goberno do Partido Popular que se fixera unha reforma da factura eléctrica encamiñada a que debido a tecnoloxía led, e ía baixar o consumo dun xeito espectacular como así foi, que as empresas eléctrica subiran os mínimos nunha reforma espectacular para manter ou incrementar a factura da luz?; como se pode explicar que se nos fogares hoxe se consomen menos quilovatios ca hai uns anos debido á tecnoloxía led paguemos moito máis que pagabamos antes?, só se pode explicar se o Goberno de turno, debido a que os seus políticos pasan a formar parte dos consellos de administración das eléctricas e ás súas presións, legislan para que esas empresas eléctricas teñan os seus beneficios, e non lles importan os intereses das familias e dos traballadores e traballadoras que teñen que pagar esa factura.

E digan o que queiran, como se pode estar en contra de que non se lle apliquen a Galicia os 38 millóns de tarifazo?, de que os usuarios galegos teñamos que pagar 38 millóns de euros para

devolverlle o diñeiro ás empresas eléctricas que algúen dixo que era ilegal cobrarlles ese imposto?, como imos estar en contra diso?; vostedes van votar en contra diso, e o PSOE vaise abster; e por certo, isto é a primeira vez que ven a este Pleno, porque é algo novo, de feito o director xeral negou textualmente no Parlamento de forma sistemática que iso se fora aplicar en Galicia; e na seguinte intervención busco e léolle textualmente o que dixo, que iso nunca se ía aplicar en Galicia e os usuarios galegos nunca ían ter que pagar iso, non, só teñen que pagar o 34% do total do Estado español.

Solidariedade entre territorios, vale, e entón porque temos a factura máis alta do Estado?, aguantamos os encoros, aguantamos os fumes, os muiños de vento polos montes galegos, pagamos a factura máis alta do Estado, e encima véñennos agora co taticazo do 38% do total do Estado español; non ten ningún sentido.

É certo que é un debate de fondo, que hai que facelo incluso noutras instancias, nós aquí non somos quen de cambiar a Lei, pero todo é cuestión de vontade política; e o Partido Popular e o Partido Socialista mentres teñan ós seus políticos de alto copete nos consellos de administración das empresas eléctricas nunca se fará nada que vaia contra os seus intereses, e seguiremos pagando tódolos cidadáns do Estado español en xeral, e os galegos en particular, unhas tarifas moito máis altas do que teríamos que pagar se fixeran unha lexislación xusta, e se non que alguén me explique como consumindo menos quilovatios pagamos moito máis do que pagábamos antes pola factura da luz; non ten máis explicación que lexislar para beneficiar ás empresas eléctricas”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Eu non sei porque di que non estou convencido e que se me nota moito, non sei se vostede está convencido da tarifa eléctrica galega, eu dende logo non sei o que é; non hai un só galego que o BNG lle explique que significa iso, qué medidas conleva, de que xeito van vostedes participar na poxa e como facelo.

O tarifazo do que fala vostede que afecta ó ano 2013, e só ó 2013, afecta a 14 de dezasete autonomías, e por tanto non é un problema de Galicia senón que é un problema de Estado e aí o haberá que tratar; a Xunta de Galicia xa presentou recurso contra iso, e o seu Presidente dixo que xamais permitiría, e ademáis pedía suspensión do acordo, que eses 38 millóns pasaran a ter que ser pagados polos galegos.

Di que nós estamos a favor das eléctricas; mire, cando chegou o Partido Popular ó Goberno de España no ano 2011 había esa descompensación de 30 mil millóns de euros, e o primeiro que plantexou unha reforma exhaustiva do sistema eléctrico coa Lei Eléctrica do 2013 foi o Partido Popular, polo que lle doeu a cabeza a tódalas empresas eléctricas, e efectivamente houbo que tomar medidas de enfrontarse a elas; e grazas a iso no ano 2016 xa houbo un superávit de 150 millóns de euros, e esa é a realidade.

Agora vostede o que ten que explicar máis alá desa proposta do IVE, onde xa lle fixemos unha emenda e podemos estar todos de acordo con que se estude, e vólvolle reiterar a pregunta, vostede plantexa unha tarifa eléctrica galega, inédita no territorio español, e eu o que lle pregunto é en que consiste?, que hai que facer con ela?; porque cando vostedes falan da tarifa eléctrica vasca, que non existe, o único que hai é un pacto do Goberno Central co Goberno Vasco, que lle custou ós españois corenta millóns de euros, e que ademáis, e cóllolle periódicos de tirada vasca non de dereitas, onde di que “gracias a ese acuerdo la factura en los hogares en Euskadi aumentó en un 50%”, serviulle para que 200 empresas electrointensivas puideran baixar os seus custes, como é o caso de Alcoa da que despois falaremos, para o resto non. Pero aí o que hai non é ningún bono vasco, hai un pacto onde o Goberno de España paga ese superávit que pagamos tódolos españois.

Polo tanto eu creo que hai que facer reformas e que hai que seguir meténdolle man ás eléctricas, e que temos que estudar o tema do IVE, temos que intentar que empresas como Alcoa podan ser competitivas e para iso haxa que liberar eses 150 millóns que o Goberno está retendo; e esixirlle ás eléctricas algo tan simple como que fagan unha factura de luz entendible porque nin a entendemos os usuarios nin a entende ninguén, porque cando imos a unha oficina a que nolo expliquen nin os propios profesionais da empresa o entenden.

Pero diso á súa ensoñación desa tarifa eléctrica, que a piden coma un eslogan pero que son incapaces de aclarar en que vai consistir, que custe vai ter, e se ademáis legalmente é posible, déixense de contar mentiras, díganlle ós galegos a verdade, díganlle que non hai proxecto, que non hai realidade, que non hai nada, que é un eslogan político, e que ademáis conseguiron só que o 0,6% dos galegos, 17.850 firmas, avaliaran iso”

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Fundamentalmente reiterarnos no exposto no primeiro turno, falta moito por desenvolver desa suposta tarifa eléctrica, e cremos que o que hai é que valorar outras cuestións.

Oxalá esa fose a solución á pobreza enerxética que se ten instalado na sociedade, eu creo que é un problema de renda non de custe da enerxía nada máis, porque o que ten un problema para pagar a luz a final de mes tamén ten un problema para ir ó supermercado comprar alimentos de calidade para a súa familia, como ten problemas ó mellor para soste a un fillo estudando nun campus universitario que non está no lugar onde vive, polo tanto ó mellor o que temos que facer é afondar con maior perspectiva nestas situacións, que seguro que é un adxuvante, absolutamente convencido de que axuda a mellorar a situación; pero levalo a que tamén a solución a instalación e a implantación de empresas non, tamén pode ser unha axuda, pero non é unha solución definitiva, nin é o que están pedindo, a xente non está pedindo unha tarifa eléctrica galega por exemplo para o tema das industrias electrointensivas, o que están pedindo son períodos de garantía de custe e polo tanto de estabilidade para a planificación do desenvolvemento da actividade económica da empresa.

Polo tanto mantemos esa posición, que dende logo nada ten que ver coas portas xiratorias nin con outras cuestións que non sei o que pintan neste debate, que ten que ver cunha invitación a debater toda a sociedade, tamén nas Corporacións Locais, porqué non, de cara a iso. É verdade que consideramos a enerxía, como vostedes, un servizo básico e fundamental, non por unha cuestión filosófica ou ideolóxica senón por unha cuestión realista, como imos desenvolver a nosa vida cotiá despois de facernos dependentes da enerxía case que para calquera cuestión cotiá e diaria?, polo

tanto débese garantir; é verdade que podemos remontarnos á privatización das grandes produtoras enerxéticas, á irrupción da produción privada porque dende o ámbito público non se era capaz de satisfacer unha demanda que ía inherente ó desenvolvemento industrial, social, tamén de asentamento poboacional, e novos modelos produtivos e tamén de consumo nos fogares; ou non imos esquecer esas negociacións que agora lamentablemente temos que soportar.

O que máis preocupa disto é a desconfianza que se instala no consumidor, evidente e razoable, e tamén ese non acabar sabendo cal é a razón real pola que pagamos un prezo que, e aí si que estou de acordo, é abusivo pola enerxía, un prezo absolutamente desorbitado e onde, como ben se di, se viña pagando menos por máis consumo que agora na situación actual. Iso haberá que abordalo e desenvolve-lo, pero cunha perspectiva ampla que é na que podo dicir que está o Partido Socialista; atendamos os problemas dos cidadáns, o enerxético é un deles tamén, pero dende unha perspectiva un pouco máis ampla que o concreto, que soa ben pero que non é a solución de tódolos males”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“En canto á intervención do voceiro do Grupo Socialista considerando que a enerxía é un ben básico, supoño que o de que lle apliquen un IVE do 4% imaxino que estará xa a caer, se hai Orzamentos o ano que ven a ver se xa se inclúe un IVE do 4%, incluso reformas na propia estrutura da factura para que, e iso é unha realidade pola reforma que fixo o Partido Popular, que tan boa foi que alguén que non consome nin un só quilovatio ó mes paga case trinta euros de luz; ou a reforma do Partido Popular que provocou que nos últimos oito anos subira a electricidade un 34%; ou no último ano un 8%; e diso aínda non ten culpa o novo Goberno do Partido Socialista, que aínda segue arrastrando a política enerxética do Partido Popular.

E agora encima imos pagar 138 millóns de euros máis do tarifazo eléctrico, que ningún fixo absolutamente nada para que iso non recaera sobre os consumidores do Estado español, e de Galicia en particular.

E remato dicindo textulamente o que dixo o director xeral da enerxía, Bernardo Tahoces, a unha pregunta do BNG sobre a cuestión no ano 2017: “ningún consumidor vai pagar porque non hai suplemento territorial”, agora constatamos que hai que pagar 38 millóns dos 111, que son sobre dezaseis euros por mes durante un ano aproximadamente, que imos ter que pagalo todos, e ningún está disposto a facer nada para evitalo.

A nosa moción era moito máis ampla có que é a tarifa eléctrica, que non deixa de ser unha serie de reformas legais no órgano que corresponda para que se teña en conta a condición de Galicia á hora de estipular o prezo da electricidade, nada máis; pero por exemplo se cando a propia Comunidade Autónoma puxo uns impostos ás eléctricas agora temos que devolverllo, é algo tan sinxelo coma iso, que podamos poñer dende a Comunidade Autónoma impostos ás empresas eléctricas por exemplo, e que agora temos que devolverllos, 38 millóns de euros, impostos que a Comunidade Autónoma lle puxo ás empresas eléctricas pola súa peaxe enerxética; ou empresas como Endesa, a propietaria da térmica de As Pontes, que pague o seu imposto de beneficios en Galicia, que cousa máis lóxica ca iso; esas son partes entre outros moitos cambios estruturais que tería esa tarifa propia galega, que teña en conta as condicións especiais que ten Galicia no tema enerxético, e sobre todo a necesidade que ten de industrialización.

En canto á emenda presentada polo Grupo Popular non a aceptamos, normalmente nestes casos é unha nova moción, traíana vostedes, e se trae unha moción só con ese punto de acordo vai ter o voto favorable do BNG sen ningún problema”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor 3 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do BNG e do Sr. Deputado non adscrito); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular); abstencións, 9 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

13.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, EN APOIO DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE ALCOA E DA CONTINUIDADE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL NAS PLANTAS DA CORUÑA E SAN CIBRAO.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Hai unha moción do Grupo Provincial Popular no mesmo sentido, incluso falábase de debatelas e chegar a un acordo. Polo tanto propónse o debate conxunto de ámbalas dúas mocións”.

A proposta de debate conxunto é aceptada por tódolos Grupos Políticos da Corporación, e polo tanto a continuación procédese ao debate conxunto das mocións incluídas nos puntos da Orde do Día números 13 e 14.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, do seguinte teor:

“Xosé Ferreiro Fernández e Antonio Veiga Outeiro, Deputados do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte Moción en apoio dos traballadores e traballadoras de Alcoa e da continuidade da actividade industrial nas plantas da Coruña e San Cibrao

Exposición de Motivos

O pasado 17 de outubro a empresa Alcoa comunicou aos cadros de persoal e tamén publicamente, a súa intención de pechar as instalacións da empresa na Coruña, que conta con preto de 400 traballadores e traballadoras.

Unha das razóns fundamentais do peche vén sendo o prezo da factura da luz, que supón máis do 40% dos custes de produción. Unha evidencia máis de que a defensa que fai o nacionalismo da necesidade de mudar o sistema de poxas de interrompibilidade por un marco máis estable, demanda feita tamén polo propio sector electrointensivo, así como promover unha tarifa eléctrica galega que dea vantaxes competitivas ás empresas radicadas no noso país, están de

extrema actualidade. Poñer solución a esta crise e aos graves problemas que supón o marco eléctrico por inestábel e polo constante incremento do prezo, depende de decisións políticas.

Na comarca de A Mariña, e nos concellos de Cervo e Xove encóntrase a planta de Alcoa de maiores dimensións, que da traballo a preto de 2.000 persoas, e que ano tras ano, a súa viabilidade depende en grande medida da enerxía eléctrica, e en función do prezo da mesma, esta actividade económica será mais ou menos viable.

Polo tanto, o problema da planta de San Cibrao non se dá hoxe mesmo pero darase mañá se non se muda o actual sistema de interrompibilidade por un sistema de tarifa industrial estable, desenvolvendo ademais unha tarifa eléctrica galega que contribúa ao abaratamento da electricidade no noso país, entre outras cousas, por sermos exportadores.

E por todo o exposto con anterioridade polo que o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación de Lugo esta moción, proponendo a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Expresar o apoio aos traballadores e traballadoras de Alcoa e ás súas mobilizacións.

2º.- Demandar da Xunta de Galiza a realización de todas as accións necesarias encamiñadas a garantir os centros produtivos e os postos de traballo de Alcoa en Galiza, a comezar por:

- a) Solicitar inmediatamente da multinacional a retirada do ERE de extinción de emprego na factoría de Alcoa na Coruña.
- b) Promover a constitución dunha mesa de negociación para loitar pola continuidade da empresa na que se dea participación ao cadro de persoal, entidades sociais e administracións comprometidas coa súa permanencia.
- c) Negociar co goberno central un marco enerxético estábel para a industria do noso país, mudando o actual sistema de interrompibilidade, que permita unha tarifa eléctrica galega que mellore a nosa competitividade por sermos produtores excedentarios de enerxía, contribuíndo ao abaratamento da factura destas industrias

baixo o cumprimento dunha serie de compromisos de investimento e mantemento dos postos de traballo”.

14.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR RELATIVA AO MANTEMENTO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA E O EMPREGO DAS CENTRAIS DE ALCOA EN SAN CIBRAO, A CORUÑA E AVILÉS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular, ó abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción relativa ao mantemento da actividade económica e o emprego das centrais de Alcoa en San Cibrao, A Coruña e Avilés, que se basea nesta

Exposición de Motivos

A planta que a empresa multinacional Alcoa ten en San Cibrao ten unha vital importancia para a realidade socioeconómica da comarca de A Mariña xa que supón un emprego directo de 1.100 traballadores, aos que sumar 700 empregos auxiliares e miles de postos de traballo indirectos en toda a comarca.

O mércores 17 de outubro de 2018 o grupo Alcoa Inespal anunciou o peche das súas plantas da Coruña e Avilés.

Desde o Grupo Provincial Popular, por unha banda, queremos amosar o noso respaldo aos traballadores e ás traballadoras de Alcoa das plantas de A Coruña e Avilés e o rexeitamento ao peche das factorías.

Por outra banda, consideramos necesario que o Goberno do Estado se implique e adopte as medidas necesarias para que se dea a estabilidade necesaria que siga a garantir o mantemento do emprego e a actividade da empresa en San Cibrao e, tamén, de cara a poder realizar novos investimentos en Alcoa A Mariña.

Por último, tamén é de xustiza poñer en valor a tecnoloxía avanzada, a capacidade de produción e os notables beneficios (máis concretamente en alumina) da planta de San Cibrao.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial Popular eleva ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo a presente Moción relativa ao mantemento da actividade económica e do emprego das centrais de Alcoa en San Cibrao, a Coruña e Avilés, e propónse a aprobación dos seguintes acordos:

Solicitamos ao pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Instar ao Goberno do Estado a que se implique e adopte as medidas necesarias para que se dea a estabilidade necesaria para que se siga a garantir o mantemento do emprego e a actividade na factoría de Alcoa en San Cibrao.

2º.- Instar ao Goberno do Estado a que colabore de cara a poder realizar novos investimentos en Alcoa San Cibrao.

3º.- Amosar o respaldo da Corporación provincial de Lugo aos traballadores e ás traballadoras de Alcoa de A Coruña e Avilés e o rexeitamento ao peche das factorías.

4º.- Que o texto desta moción sexa convertido nunha Declaración Institucional”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Eu creo que dada a transcendencia do asunto, a periodicidade con que isto ven aparecendo, e aínda que o Grupo Socialista tampouco presentou unha moción, entendo que porque antes a presentaron outros Grupos, nin eu tampouco, creo que debíamos ir máis lonxe de debater as dúas

mocións conxuntamente, e facer unha Declaración Institucional deste Organismo onde se recolleran os puntos de tódolos Grupos co fin de darlle máis forza e máis presenza; porque non estamos falando dun problema que a Lugo en principio non lle afecta, pero que si afecta a unha Autonomía como é Asturias, tamén en parte á Autonomía galega, aínda que o noso quede un pouco no limbo de momento pero que probablemente nun momento determinado volverá reaparecer.

Creo que, como representantes das forzas políticas desta provincia, debíamos demostrar unanimidade cun acordo contundente para opoñernos a esas actuacións da empresa”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Diso precisamente era do que se trataba, pero creo que queren debater as dúas mocións conxuntamente”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Penso que se pode debater e, como dicía o señor Martínez, incluír o máximo número de puntos posibles que satisfagan as diferentes sensibilidades, e tamén o que onte nos dixeron os representantes do Comité de Empresa ós que alí estivemos presentes. Evidentemente para chegar a unha Declaración Institucional haberá que falalo, e eu penso que se debe falar aquí e non hai porque facer ningún receso”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Creo que neste tema o que menos nos demandan os traballadores e os veciños son debates senón entendemento. E dende logo este Grupo está absolutamente a favor de que se consensúe unha Declaración Institucional e que ninguén veña aquí facer política ou debates dunha situación que nos preocupa a todos, e que indubablemente o que nos demanda a xente é unidade, que por certo se está a ver noutras Corporacións e noutras sesións plenarias.

En todo caso se un dos Grupos mantén a moción para debater, obviamente nós defenderémola tamén cos nosos argumentos e coa mesma intención de chegar a un acordo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Xa que tódolos Grupos expresan a súa vontade sobre como tramitar este asunto, dende o Grupo Provincial Socialista consideramos que tódalas propostas presentadas, e as que ó mellor non se presentaron pero que tamén hai, perseguen o mesmo fin que é poñerse do lado dos traballadores, poñerse ó lado da industria que está implantada en Galicia, que afecta tamén a Avilés, e polo tanto traballar conxunta e mancomunadamente para reverter a situación, que non afecta á nosa provincia pero que pode ser real; non estamos ante un debate coma o dos anos 2016, 2015, 2014 ou 2013, nos que había unha demanda de axilidade para a tarifa eléctrica, senón que estamos cun ERE enriba da mesa, non estamos nunha negociación de ameaza e chantaxe.

Polo tanto dende o Grupo Socialista, se serve para aliviar o debate, anunciamos que votamos a favor da proposta do BNG, que votamos a favor da proposta do Partido Popular, e que votamos a favor desta que se nos fixo chegar e que reproduce un acordo parlamentario. Polo tanto consideramos perfectamente prescindible o debate; se se quere consensuar un texto único facer un receso e darlle lectura no Pleno a ese texto que se considere; e se non se quere consensuar nun texto único nós imos apoiar tódalas propostas porque todas perseguen o mesmo fin”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Creo que estamos no camiño de chegar a un entendemento, porque aínda que se debateran as mocións nós non iamos votar en contra da moción do Grupo Popular porque hai cousas nas que coincidimos. E en canto a esa proposta que se nos fai chegar polo señor Demetrio Salgueiro, creo que é o acordo do Parlamento de 24 de outubro tamén nos vale; e tamén está a proposta do Comité de Empresa que os que estivemos alí sabemos cal é. E hai un acordo do pleno do 31 de maio de

2016 nesta mesma Deputación, que foi unha Declaración Institucional, cando se rumoreaba que se ía vender Alcoa, e tamén consensuamos eses puntos de acordo.

Por tanto, dito isto, fagamos ese receso, e que se recollan tódalas sensibilidades e tirar dese acordo do Parlamento engadíndolle o que consideremos”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Demetrio Salgueiro Rapa, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Ó principio do Pleno entregouse o acordo a que se chegou no Parlamento o día 23 de outubro, está xa consensuado por tódolos Grupos alí; eu creo que é unha forma de mostrar o apoio unánime tamén neste Pleno a un texto xa consensuado; entendo que sería o máis coherente, lanzamos unha mensaxe de unidade, non se especifica o nome de Alcoa senón que se inclúen tódalas empresas electointensivas, pídese o mantemento do emprego e a viabilidade tecnolóxica co que creo que é algo no que estamos todos de acordo, e polo tanto creo que sería bo que mesmo o Presidente dera lectura a este texto e aprobalo de feito unánime aquí”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Entendo que habería que facer algunha corrección porque aquí fálase exclusivamente da Coruña e non se fala de San Cibrao que ten a súa importancia, en caso de pechar Avilés e en caso de pechar San Cibrao iso inflúe moito con respecto ós postos de traballo na provincia e na comarca”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Demetrio Salgueiro Rapa, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Fai referencia á Coruña no último punto porque se pide a retirada do ERE, nos outros puntos non, pero onde está presentado o ERE é na Coruña”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Sería na última liña, substituíla por: “...solucións que teñen que presentar liñas de actuación adecuadas e de futuro que garantan o mantemento da produción e o emprego nas diferentes factorías”. A primeira fai referencia ó ERE específico da Coruña, e no último parágrafo do punto catro englobar tódalas factorías”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“A mín váleme calquera acordo que teñan os tres Grupos maioritarios, vou votar a favor porque creo que é un tema urxente”.

Por parte do Sr. Presidente anúnciase que se vai facer o receso acordado por tódolos Grupos Políticos Provinciais, co obxecto de consensuar un acordo unitario en relación con este asunto baixo a fórmula de Declaración Institucional, que substitúa ás propostas de acordo recollidas nas mocións anteriormente transcritas.

A sesión plenaria queda suspendida ás catorce horas e trece minutos, reanudándose de novo ás catorce horas e vinte minutos.

O Pleno da Corporación, por unanimidade acorda a seguinte Declaración Institucional:

“A Deputación de Lugo insta á Xunta de Galicia a que requira do Goberno do Estado.

1º.- Que poña en marcha e antes da finalización da anualidade orzamentaria 2018 as compensacións previstas na disposición adicional centésima cuadraxésima quinta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 por importe de 150 millóns de euros. Estas comensacións deberán estar condicionadas a inversión para viabilidade tecnolóxica futura das factorías e o mantemento do emprego.

2º.- Que, para o exercicio 2019 e seguintes, se implante un novo réxime de compensación por custos adicionais incluídos no prezo da electricidade soportados polas industrias electro-intensivas. Estas compensacións deberán estar condicionadas a inversión para a viabilidade tecnolóxica futura das factorías e o mantemento do emprego.

3º.- Que para os anos sucesivos se establezan tódolos mecanismos de compensación necesarios, previo acordo coas Comunidades Autónomas afectadas, para que este tipo de industrias compitan en igualdade de condicións coas súas homólogas europeas. Estas compensacións deberán estar condicionadas a inversión para a viabilidade tecnolóxica futura das factorías e o mantemento do emprego.

4º.- Demandar á empresa Alcoa a súa reconsideración e retirada do expediente de extinción de emprego sobre a totalidade da plantilla na súa factoría de A Coruña, tentando buscar solucións entre tódolos axentes políticos, económicos e sociais afectados, e a abrir unha mesa de negociación con tódalas partes implicadas para buscar unha solución. Solucións que teñen que presentar liñas de actuación adecuadas e de futuro que garantan o mantemento da produción e o emprego nas factorías de Alcoa.

5º.- Trasladar o presente acordo ao Comité de Empresa e á dirección da Empresa de A Coruña e San Cibrao”.

15.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR RELATIVA Á SUBIDA DO IMPOSTO AO DIÉSEL.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular, do seguinte teor:

“Elena Candía López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular, ó abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción relativa á subida do Imposto ao Diésel, que se basea nesta

Exposición de Motivos:

España, cunha produción próxima aos 3 millóns de vehículos (Galicia: máis de 400.000 vehículos ao ano e contamos coa segunda factoría máis produtiva de España), é o segundo fabricante de automóviles de Europa e oitavo do mundo, cun impacto moi importante:

- para a nosa economía, xa que representa o 8,6% do PIB,
- para a balanza comercial, exportamos 8 de cada 10 vehículos que producimos, cun valor total que supera os 37.000 millóns de euros
- e, sobre todo, na creación de emprego, xa que é responsable do 9% do emprego total, de forma directa e indirecta en toda a cadea de valor.

Tendo en conta que o 42% dos vehículos fabricados no noso país son diésel (en Galicia, representa o 75% da produción de vehículos), parécenos unha irresponsabilidade que o goberno socialista haxa emprendido unha guerra contra esta tecnoloxía, cuxo máximo expoñente foron as declaracións da Ministra de Transición Ecolóxica sinalando que “o diésel ten os días contados”.

Non entendemos que se poña en risco o futuro de 40.000 traballadores e 17 fábricas no conxunto de España, e de máis de 6.000 traballadores e da planta de produción de vehículos en Galicia, que se manteñen grazas á produción de vehículos diésel, ademais de todo o emprego xerado na industria auxiliar.

Compartindo a necesidade de reducir as emisións e cumprir con nosos compromisos internacionais, cremos que o foco hai que poñelo nos vehículos máis contaminantes, e estes non sempre son os vehículos diésel. Un vehículo diésel moderno, que cumpre coa normativa Euro 6, é menos nocivo e contaminante que un vehículo de gasolina equivalente, e moito menos que calquera vehículo de gasolina con máis de 10 anos de antigüidade.

Non se pode, polo tanto, demonizar unha tecnoloxía que é tan importante para o noso país desde o punto de vista produtivo, poñendo en risco miles de empregos. Calquera cambio hai que facelo de forma gradual e ofrecendo alternativas.

E se isto é así desde o lado da oferta, outro tanto ocorre cando o vemos desde o punto de vista dos consumidores. A subida do imposto ao diésel ten un ánimo meramente recadador, está demostrado que non produce un cambio no consumo enerxético, e afecta directamente ás familias, autónomos e pemes.

En España hai 17 millóns de propietarios de vehículos diésel (en Galicia 200.000), incluídos os 600.000 que compraron o seu coche diésel en 2017 sen saber “que o diésel ten os días contados”. Un uso razoable de 20.000 quilómetros ao ano, cun consumo medio de 6 litros e 10 céntimos de subida por litro, supón un pago extra de 120 euros ao ano. A elo hai que engadirlle os miles de fogares españois, especialmente de zonas rurais e illadas, que utilizan sistemas de calefacción que utilizan gasóleo como combustible e que verán incrementada a súa factura os meses de inverno 36-38 euros.

Adicionalmente, hai máis dun millón de agricultores cuxa maquinaria está movida por este tipo de combustible: 62.000 cosechadoras, 280.000 moto máquinas e 1.100.000 tractores, entre outras.

Ademais, segundo a Asociación de Traballadores Autónomos (ATA) máis de 200.000 autónomos traballan grazas aos seus coches ou furgonetas de tracción diésel. Entre eles, hai nada menos que 40.000 taxistas e 20.000 repartidores. Pero tamén hai 25.000 axentes comerciais e miles de condutores de ambulancias, axentes de seguros, floristerías, traballadores da construción, empresas de movementos de terras e un largo etcétera de profesionais que requiren o uso do seu vehículo como unha ferramenta imprescindible para o seu traballo.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial Popular eleva ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo a presente Moción relativa á subida do Imposto do diésel e proponse a aprobación dos seguintes acordos:

Solicitamos ao pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Instar ao Goberno do Estado a que renuncie ao gravame sobre o diésel, aló menos, ata que se produza unha transición ordenada de tecnoloxías, polo impacto negativo que ten sobre o emprego e sobre as clases medias e colectivos máis vulnerables.

2º.- Instar ao Goberno do Estado a que só cando finalice ese período de transición, no caso de que se persista na intención de subir o imposto do diésel, se garanta que queden excluídos do mesmo todos os autónomos e profesionais, sen discriminación a ningún sector, e todos os colectivos vulnerables”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Este Grupo normalmente non adoita presentar iniciativas instando directamente ó Goberno Central, ademáis vimos de vivir, especialmente na época do besteirismo, a utilización deste Pleno para intentar facer unha crítica política despiadada, ben sexa ó Goberno do Estado cando gobernaba o Partido Popular, ben sexa ó Goberno da Xunta, esa intención aínda se perpetúa e basta escoitar ó Presidente na súa presentación de Orzamentos de onte, aínda que máis ben o que fixo non foi presentación de Orzamentos senón unha crítica despiadada á Xunta de Galicia.

Pero si que neste caso, e tendo en conta que entendemos que afecta moi directamente á economía dos veciños desta provincia, por moitas razóns, pola gran presenza que hai de vehículos que consomen este hidrocarburo, pola importancia das distancias pola nosa dispersión xeográfica; porque ademáis de ser unha medida moi rexeitada que xera rexeitamento e que pon en perigo postos de traballo, e que en definitiva é un exemplo máis desta falta de rigor na política fiscal e económica que ten o Goberno do Estado, que despois dun momento de recesión económica como o que acabamos de vivir, despois dunha situación economicamente tan difícil que supuxo que este país estivera ó borde da intervención, esa estabilidade fiscal, esa seguridade xurídica, e en definitiva esa certeza política, esa estabilidade dun Goberno, é absolutamente necesaria.

E estas medidas, como a que acaban de anunciar, que está sendo definida como “diéselazo”, de perpetuarse, vai causar un importante prexuízo económico para moitos autónomos,

para moitos pequenos produtores, en definitiva para as economías familiares, para pensionistas, para as persoas de rendas máis baixas, que este tipo de medidas lles afecta total e absolutamente; incluso cando o Goberno socialista presume de determinados principios e valores precisamente a aplicación deste incremento, deste “diéselazo”, afecta ás rendas máis baixas e na nosa provincia dunha maneira matemáticamente moi clara.

Nós na exposición de motivos reflectimos as razóns polas que solicitamos que se inste ó Goberno do Estado a que renuncie a ese gravame sobre o diésel, polo menos ata que se produza unha transición ordenada de tecnoloxías, polo impacto negativo que ten sobre o emprego en primeiro lugar, pero tamén dende o punto de vista impositivo e sobre as clases medias e colectivos máis vulnerables. E instar tamén ao Goberno do Estado a que só cando finalice ese período de transición, no caso de que persista na intención de subir o imposto do diésel, se garanta que queden excluídos do mesmo todos os autónomos e profesionais, sen discriminación a ningún sector, e todos os colectivos vulnerables.

Cremos que son destas decisións nas que unha provincia como a nosa debe estar unida, e ademáis creo que o debate desta moción se produce no momento plenario oportuno despois dun acordo tamén por algo absolutamente importante como é a situación da factoría que xera tantos postos de traballo neste caso da Mariña, pero que non só afecta a esa parte da provincia”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Estando de acordo en que debido ó cambio climático, no que creo profundamente, hai que tomar medidas dalgún tipo para controlar as emisións, dende logo eu creo que é unha medida precipitada e que creou gran confusión non só a nivel de usuarios senón de industria, etc.; creo que veu probablemente promovida, independentemente de que poda crer que a Ministra crea profundamente nesa necesidade, o que se buscou é buscar accións que vimos, a acción deste Goberno que era vender fume aínda que o Presidente está fóra tódolos días, pero con propostas e ofertas que non sabemos a onde van, sen consenso, sen acordo, lanzando globo sonda que o único

que están a facer é crear confusión en distintos campos da vida política e profesional de moita xente.

Eu creo que lanzarse a esta proposta sen estudo, sen consenso, sen acordo, como se fixo, non deixa de ser certo despropósito. Creo que propostas coma esta que van incidir na vida de moitas persoas deben ser máis meditadas e estudadas. Por elo vou apoiar esta moción do Grupo Popular”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Dicía a Sra. Candia que non tiña costume de presentar este tipo de propostas instando ó Goberno Central, iso era cando gobernaba o Partido Popular no Goberno Central, porque agora tanto a emenda que presentou na moción anterior da electricidade coma esta xa son instancias ó Goberno Central, como cambiou a cor xa non hai ningún problema en facelo.

De todas formas, estando de acordo no fondo da cuestión, que este imposto prexudica dun xeito moi importante ós máis débiles e ás pequenas e medianas empresas, aquelas que non poden negociar coas petroleiras o prezo do diésel que consomen, usuarios finais, autónomos, etc., se ben con iso podemos estar de acordo, tamén é certo que me parece que algunhas afirmacións que se fan no corpo da moción rozan a irresponsabilidade, e o único que fai pensar é que no Partido Popular debe haber técnicos que saquen o título no mesmo sitio ou do mesmo xeito có Sr. Casado, porque senón non se explica como a estas alturas se pode cuestionar o axente contaminante dos motores diésel; e tamén me lembra aquilo do primo de Rajoy que negaba o cambio climático, que todos lembramos tan ben naquela época, que o cambio climático era un invento que seu primo dicía que non existía tal cousa.

Repito, paréceme que é irresponsable, e moito máis cando por exemplo unha das principais empresas produtores de automóbiles, como é Toyota, xa ten anunciado, non sei se no ano 2019 ou 2020, que deixa de fabricar motores diésel, unha das potencias mundiais en fabricación de

automóviles; supoño que por algo será e non simplemente porque alguén se alarmou en exceso polo tema do medio ambiente e da contaminación dos motores diésel.

É dicir que algo hai que facer, co que non estamos de acordo, e aí compartimos, é que a solución non é facerlle cargar iso ós usuarios finais do diésel ós que tódolos días, queiramos ou non, temos que ir pagar o litro de diésel ás gasolineiras.

En todo caso no que habería que avanzar é en aumentar por exemplo o que é todo o sistema de investigación para ir promocionando todos estes temas enerxéticos que non teñen ese efecto no medio ambiente, e en definitiva buscar sistemas, ir pouco a pouco primando en positivo o uso doutro tipo de tecnoloxías para ir aparcando o diésel pouco a pouco e non facelo a base de facerlle pagar ó usuario final.

Por tanto pediríamoslle un pouco de rigor ó Partido Popular en todo iso, e non que, agora que non gobernan, veñan con estas historias cando cargaron de impostos outro tipo de carburantes sen ningún tipo de problema”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Vaia por diante que imos apoiar esta proposta, pese a que a parte expositiva parece pensada máis para buscar o disenso ca o consenso, pero non imos esquecer o obxectivo final que temos que é o de advertir do impacto que pode ter esta suposta, porque de momento non está feita, suba do diésel. Eu creo que hai que contextualizala tamén un pouco, estamos dentro dun marco europeo, cunha Axenda 2030 en cuestións medioambientais, que non é que se lle ocorra agora a alguén en España dicir que imos abandonar o diésel, hai unha senda europea marcada nese sentido que teñen que transpoñer os Estados e que neste tamén toca corresponder.

Evidentemente ten unha afectación importante nesta provincia, e a mín paréceme moi atractivo e moi interesante que se traia a colación que precisamente nesta provincia vai ter maior impacto ca noutras porque temos rendas máis baixas, cando temos esquivado moitas veces o debate

precisamente de porqué en Lugo temos esas rendas máis baixas e que quizá sexa o que teñamos que atallar. Non obstante parécenos axeitado que non se faga de xeito abrupto este incremento do prezo do carburante pola vía da tributación, e máis nun momento no que estamos no ciclo de custes do petróleo que leva a que esteamos nuns prezos altos do diésel e da gasolina actualmente, todo o mundo sabemos como se comportan e que os prezos de hai unhas semanas do barril de petróleo están marcando hoxe o prezo nas nosas estacións de servizo.

Polo tanto, pese a non compartir a parte expositiva na maior parte dos termos que implica, imos votar a favor desta proposta tratando de advertir unha vez máis, que por certo o Partido Socialista na provincia de Lugo xa o ten feito, do inapropiado desta suba do diésel se se fai nos termos que se romorea, que tampouco hai nada certo sobre ela”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Precisamente o contexto será o que mellor explique esa medida absolutamente improvisada, e que non creo que sexa dende logo acertada para cumprir as directrices europeas ir a través de improvisacións ou declarar a guerra ó vehículo diésel, a iso me refería; hai que aproveitar os espazos de consenso que nos da este mandato, e creo que este é un deles.

Creo que non está de máis recordar que o impacto nesta provincia, non só pola parte económica, que o 88% do consumo de combustible na nosa provincia é diésel, entón iso estatisticamente tamén aclara que estamos a chegar a moitas máis familias.

En todo caso, e moitas veces teño dito e demostrado, que exemplo de coherencia precisamente non é o Bloque Nacionalista Galego, alo menos neste mandato, que se fixeramos unha relación de cambios de sentido do voto e de cambios de criterio dos oito anos anteriores a este probablemente o Sr. Ferreiro, e dígollo con todo o afecto e no mellor sentido, acabaría ata poñéndose colorado, porque seguramente ata non compartiría moitos dos pronunciamentos.

Pero non se trata diso, trátase de aplaudir o esforzo que os Grupos Políticos facemos, e hai que dicir o esforzo porque estamos tan pouco acostumados que xa case que pensamos que non existía. Agradecer ese ton máis institucional e menos belixerante do voceiro do Grupo Socialista, e sobre todo o compromiso entre todos de trasladalo a todas aquelas instancias que teñen a capacidade de que isto non ocorra, é dicir, que o que se busque desta iniciativa non sexa sair dun Pleno máis ou menos cun acordo que quede nun papel e que despois non sexa respectado.

É indubidable que cadaún ten máis capacidade de influencia, aínda que sabemos que o Goberno de Pedro Sánchez é un goberno absolutamente en minoría, probablemente pase á historia por ser o primeiro Presidente que goberna a pesares de perder as eleccións, alo menos a nivel español, a nivel doutras institucións aquí xa estamos acostumados; pero acordos coma este ó mellor lle pode facer rectificar e dicir que hai moita ideoloxía nesa medida e moi pouca ecoloxía, ou alo menos esa é a nosa opinión, e que a loita contra o cambio climático non se pode facer desta maneira improvisada porque ó final acabarana pagando sempre os mesmos que son os máis débiles; que iso, aínda que o repetimos todos, algúns máis ca outros, despois cando toca gobernar é realmente cando temos que manifestalo dunha maneira que non dea lugar a dúbidas, e isto polo menos pode ser unha delas.

Agradecer o apoio de tódolos Grupos Políticos, e tamén pedirilles o compromiso de que se traslade ó Goberno de España”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Simplemente duas cuestións; unha que me quedou antes, e dicíao agora a señora Candia, en referenza ó número de vehículos diésel que hai na provincia de Lugo; en Galicia, e no Estado español en xeral o número de motores diésel é algo inaudito en Europa, os últimos datos que eu vira non había comparativa en toda Europa occidental de que houbera tal cantidade de vehículos diésel con respecto á gasolina; pero iso ocorre tamén porque se nos incitou a elo, porque dende as distintas Administracións se promocionou que se compraran coches diésel no canto de vehículos de gasolina, co cal agora non se nos pode facer pagar encima esa cuestión, poderase intentar invertir a

tendencia, o proceso, beneficiar ou promover outro tipo de tecnoloxías, pero non facernos pagar o feito de ter eses motores diésel.

E para rematar só lembrar que no ano 2015, ten moito que ver cos prezos dos combustibles que tamén son os máis altos do Estado despois de impostos os que temos en Galicia, despois da Lei 45/2015 do Partido Popular na Xunta de Galicia, que regulou a instalación de empresas subministradoras de produtos pretrolíferos, conseguiuase algo moi importante que foi que precisamente que os prezos da Comunidade Autónoma galega foran os máis altos do Estado español despois de impostos; co cal tamén eu creo que aparte de instar ó Goberno Central a que non faga a barbaridade de poñer ese imposto, tamén dende a Xunta deberase reflexionar e ver qué é o que fixeron mal nesa Lei para que sigamos tendo os prezos máis altos do Estado español no prezo da gasolina e do gasóleo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Imos seguir votando a favor pese a que trate de provocar con temas que non teñen absolutamente nada que ver con este debate señora Candia; que sigan cuestionando os dereitos democráticos dos que estamos dotados dende o ano 78 a verdade é que pouco lle ofrece á saúde política e á sociedade, que vostedes estean máis preocupados de porqué Pedro Sánchez consegue unha maioría parlamentaria para botar a Rajoy do Goberno, de porqué Rajoy non mantén os apoios que tivo para ser investido, e que non sexan capaces de pensar que a corrupción está no Partido Popular non nos Deputados no Congreso que apoiaron a moción de censura, se iso ten que ver co diésel veña Deus e o vexa.

Pese a iso, nós ímonos manter no tema do diésel; por certo, facía vostede unha apelación de que o trasladasemos ó Goberno de España dende os Grupos Políticos; dende o Partido Socialista xa o temos feito hai máis dun mes, témonos dirixido nun sentido parecido ó que di na moción, actitude que por certo botamos de menos no Partido Popular cando gobernaba o Partido Popular que nunca lle trasladaba que era necesario impulsar definitivamente aquela A-76, que non se podía permitir

que non houbera avances na autovía da Mariña, e moitas outras cuestións que dicían vostedes que o estaban facendo fantásticamente.

Nós niso somos coherentes cando temos algo que aconsellar, aínda que sexa en debates que ó mellor non ten moito sentido que teñamos, porque se falamos dunha Directiva Europea que hai que transpoñer obrigatoriamente pouco temos que dicir ao respecto; pero por se acaso hai algo que dicir, dicimos que consideramos inadecuado que se produza ademáis neste momento”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Xa me parecía a mín moi sospeitoso, ou tiña hoxe un problema de saúde, o seu ton, tiña que dar algunha patada. Pero mire, a nós realmente non nos preocupa neste momento como chegou Pedro Sánchez ó Goberno; é máis, foi vostede o que dixo que era necesario contextualizar, senón nin sequera daríamos esa mirada ó retrovisor.

O que nos preocupa é que a súa política de xestión non sexa iso senón unha política de xestos, que é a que pretendía facer con decisións coma esta. E eu non sei se vostede llo trasladou a Madrid, é ben coñecido que vostede intenta a comunicación de Madrid, e aínda quero recordar que recén nomeado o novo Goberno anunciou nos medios de comunicación que ía a Madrid a colocar a persoas da súa confianza mais ou menos nos postos que habilite a nova estrutura, ía un pouco negociar o peso do Partido Socialista neste novo escenario; non sei se o escoitaron moito, polo de pronto tamén sabemos que incluso en Santiago non son moi ben acollidas as súas propostas, tamén polo que din vostedes nos medios de comunicación.

Pero neste caso iso tamén é o menos importante; o importante de todo isto, e neste papel máis institucional, é que se traslade esta proposta e que os nosos representantes en Madrid, os Deputados que representan ó Partido Socialista, os que representan ó Partido Popular, e en definitiva tódolos representantes nacionais da nosa provincia, se comprometan con esta declaración; entón tendo en conta ese escenario, que máis ca ser un escenario negativo tamén é un escenario de oportunidades, indubidablemente esta proposta poderá ser retirada, que é o único

obxectivo que buscábamos con esta moción, que os veciños e veciñas da nosa provincia non sufran o que dende a nosa humilde opinión era unha medida absolutamente desproporcionada, que afectaba ás rendas máis baixas, afectaba a case 9 de cada 10 vehículos da nosa provincia, e que en definitiva non queríamos que se aprobase.

Hoxe damos un paso máis e, a pesares dese intento de reventar o consenso, eu agradézolle tanto a vostede coma ó resto dos representantes, o apoio unánime a esta proposta”.

Unha vez rematado o debate, e efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

16.- MOCIÓN DO SR. DEPUTADO NON ADSCRITO, RELATIVA Á FINANCIACIÓN E PROMOCIÓN DE CURSOS DE SOCORRISTAS.

Logo de ver a moción do Sr. Deputado non adscrito, do seguinte teor:

“Manuel Martínez Núñez, Diputado Provincial, ao abeiro do disposto na lexislación de Rexíme Local vixente e no Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, propón ao Pleno a adopción da seguinte Moción:

Parte Expositiva

O 29 de novembro de 2016 debatíuse no Pleno desta Institución unha proposta deste Diputado, aprobada por unanimidade, para que:

“Por parte de las Administraciones – Xunta de Galicia y Diputación de Lugo, en colaboración con Ayuntamientos y Asociaciones, se financien de manera gratuita y promuevan cursos de SOCORRISTAS , - como se viene haciendo con otras demandas de empleo – durante los meses de invierno, con el fin de que el próximo verano el problema de falta de personal para esta actividad este solventado”.

Unha vez máis nada se fixo por parte do Grupo de Goberno e dado que a situación non solo non mellorou senon que empeorou, pois Galicia é o territorio con máis falecidos por afogamento neste 2018. O que a sitúa como a Comunidade, por primeira vez no que vai de ano e en moito tempo na que máis mortes se rexistraron.

Como ademáis, a demanda é moi superior a oferta, tanto Concellos como empresas privadas, tiveron que deixar sin seguridade un número importante de praias e piscinas non solo da costa senon tamén do interior.

Se non se toman medidas, cada ano o problema agrávese, problema que se solucionaría con unha axeitada programación de cursos, gratuitos, pois a forte inversión que teñen que facer os rapaces/as interesados en facer o curso fainos desistir, xa que incluso traballando os meses do verán non recuperan o invertido.

Por todo o anterior, proponho ao Pleno da Deputación a adopción do seguinte acordo:

Reiterar as Administracións Públicas – Xunta de Galicia y Diputación de Lugo, en colaboración con Concellos e Asociaciónes, promovan cursos de SOCORRISTAS financiados polas mesmas de maneira gratuíta durante os meses de inverno, co fin de que o próximo verán o problema de falta de persoal para esta actividade este solventado”.

Ante esta moción preséntase por parte do Grupo Provincial Socialista unha emenda de substitución que textualmente di o seguinte:

“Posto que na Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia non se prevé que sexan as Deputacións provinciais as encargadas de asumir a competencia en materia de socorrismo.

Posto que o Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia establece uns criterios moi rixidos para a obtención do título, non equiparable ás esixencias doutras comunidades autónomas.

Posto que segundo a Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia os cursos son excesivamente caros (entre 1.300 e 1.500); teñen unha duración excesiva (420 horas); se trata de traballos temporais cuns salarios moi baixos; os cursos subvencionados pola Consellería de Economía (4 de socorrista de piscina e 4 de Praia con 15 alumnos cadaún) son insuficientes para a demanda actual; os procesos de homologación son moi lentos; se están a producir retrasos en recibir as subfencións da Xunta aos Concellos e o actual director de emerxencias desoíu as súas demandas.

Posto que a Deputación de Lugo cumpriu co acordo no Pleno Extraordinario do 15 de decembro de 2016, im pulsando a organización de dous cursos de socorristas, un en espazos acuáticos naturais e outro en instalacións acuáticas nos que se certificaron un total de 30 persoas de maneira totalmente gratuíta.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista propón unha emenda de substitución do acordo:

- Instar á Xunta de Galicia e modificar e flexibilizar as condicións de obtención do título de socorrista, de acordo cos criterios establecidos por outras comunidades autónomas, respectando unha formación de garantías.
- Instar á Xunta de Galicia a incrementar o número de cursos subvencionados por parte da Consellería de Economía para facer fronte á demanda actual.
- Instar á Xunta de Galicia a axilizar e incrementar a contía das subvencións que perciben os Concellos neste eido para poder pagar uns salarios acordes á responsabilidade e a temporalidade que desempeñan os socorristas”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“A moción vouna dar por defendida nos seus propios termos debido á hora, pero básicamente recordar que no ano 2016 presentouse esta petición. Eu a verdade é que presumo da ignorancia porque na emenda que presenta o Grupo Provincial Socialista, obviamente moito máis

traballada, ó fin e ó cabo dispón dun número importante de asesores, pero que coincide basicamente comigo, e recolle un apartado que di que en decembro de 2016, ou sexa un mes despois da miña moción, impulsaba a organización dos cursos de socorristas, un en espazos acuáticos naturais e outro en instalacións acuáticas, que supoño que é unha piscina, nos que se certificación un total de 30 persoas.

Eu, repito, alego a miña ignorancia, porque me estraña ademáis que un organismo e un goberno que gasta máis de oito millóns de euros en propaganda non tivera feito un panfleto, non o tivera comunicado, non o tivera posto na páxina web, agás que fora un curso para amigos, que probablemente foi así; eu non coñezo convocatoria pública nin que ninguén soubera ou falara destes cursos, pero é a dinámica que hai.

Como eu creo que esta problemática se volveu repetir tanto no ano 2017 como no 2018, creo que dende aquí debemos poñer cartos e recursos para facelo se a Xunta non o fai, que parece ser que non.

Presentan vostedes unha emenda onde instan á Xunta, e quen ten que instar á Xunta son eu, pero non vou nin instar á Xunta nin ó Goberno Central, insto a esta Institución que gasta unha cantidade importante en recursos para cursos, que creo que son necesarios, e que incluso se tivera habido publicidade suficiente e o soubera probablemente me presentara facer o curso porque en caso de que non consiga socorristas, de paso que vou á piscina municipal, podía renunciar ó soldo público de que dispoño e facer ese cometido facéndolle un servizo ós nosos veciños.

Simplemente dala por debatida, e esperar que estes cursos, que se se van facer e van cumprir a moción, teñan a publicidade suficiente e que todas aquelas persoas interesadas en facelos podan optar a eles”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Xa se ten falado en varias ocasións deste tema, e faime graza porque eu creo que vostede ten moitas outras cualidades pero non o vexo adicándose ó socorrismo e ó salvamento. Pero eu tamén teño que concretar algunha cuestión, e por iso traemos esa emenda, porque ten unhas inconcrecións importantes. Fala na súa parte expositiva de que o 26 de novembro de 2016 se aproba por unanimidade este acordo, e iso non é verdade, supoño que vostede se estaría referindo ó 15 de decembro dese mesmo ano onde si efectivamente se aproba por unanimidade, a pesares de que non foi aceptada nin unha soa das emendas deste Grupo Político. Creo que eran emendas que tiñan un certo criterio, sobre todo no eido competencial, do que logo falarei.

En segundo lugar, volve equivocarse cando di que nada se ten feito, porque se impulsaron no marco do convenio de colaboración coa Escola de Organización Industrial concretamente dous cursos para formar a 30 socorristas, un deles iniciuse o 24 de abril e outro o 2 de maio, un para socorrismo en espazos acuáticos naturais de 420 horas, e outro de 370 horas de formación; cousa distinta é que non o vira, non sei se se despistou pero si que se lle deu publicidade nas redes sociais, na páxina web, etc; e por certo, que vaia por diante, por se alguén pon en dúbida a transparencia, a selección fíxoa a Escola de Organización Industrial e nós non tivemos absolutamente nada que ver con iso.

En terceiro lugar, xa lle adianto, como fixen xa no seu día, que de non aceptarse as emendas nesta ocasión non imos apoiar esta moción porque, e volvendo ao que sempre falamos de que non se cumpren os mandatos plenarios, efectivamente se cumpriu unha vez máis outro mandato plenario, executáronse dous cursos e formouse a trinta persoas, creo que non remataron totalmente as trinta porque non deron superado a certificación de profesionalidade; pero independentemente diso, e aí si que lle dou a razón, o número de afogamentos se incrementa no ano 2018, co cal parece que a solución non é que a Deputación e os concellos fagan máis cursos, e dígolle que non é insistindo no que xa lle dicía no 2016, o problema está no Decreto do ano 2012 da Xunta onde as esixencias e a formación mínima para os socorristas é moi elevada, e ademáis os cursos teñen un custe entre 1300 e 1800 euros que tamén supón un importe moi elevado, o curso que menos dura ademáis é de 340 horas e os demais están sobre as 420, o que podemos equiparar case cun master universitario para esta cuestión.

Todo o esforzo económico formativo que é requerido para traballar un máximo de tres meses nas praias ou nas nosas piscinas é o que desanima a moitos a facelo; digamos que cada ano se necesitan en Galicia preto de 1000 socorristas aproximadamente, e a taxa de reposición de novos socorristas aparece en 40 novos socorristas cada ano, é dicir que se aparecen corenta case a Deputación en dous cursos formou os que non forma a Xunta.

En definitiva, a temporalidade, a estacionalidade, e isto viase vir e non nos equivocábase, xa que hoxe non hai ningunha Comunidade que seguira o modelo regulativo e o itinerario formativo que segue a Xunta de Galicia; e isto non o digo eu senón que o dixo recentemente a presidenta da Federación de Salvamento e Socorrismo, estes motivos que lle esgrimiron ó director xeral de emerxencias, ó anterior e ó actual, pero as formulacións non foron escoitadas. Isto é un claro exemplo, como di a propia presidenta da Federación de Socorrismo, que se está lexislando sen ir á raíz do problema, non se poden aprobar as normas sen saber o que verdadeiramente se fai.

Por iso desta volta, despois de ter cumprido o mandato plenario e de chegar á conclusión de que o problema non está en que a Deputación e os concellos non caíamos no erro de que a Xunta de Galicia ó final mande todo para as Deputacións e os concellos e non asuma directamente as súas responsabilidades, que é o que está pasando neste caso concreto”.

Seguidamente intervéñ a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Este Grupo vai apoiar esta proposta como xa o fixo na sesión plenaria desta Institución de novembro de 2016; entendemos ademáis que é unha reivindicación non só para as piscinas senón tamén para as praias.

Cando no debate tomou a palabra o Deputado non adscrito non entendín moi ben o ofrecemento que facía de substituír a socorristas nalgunha destas circunstancias, en todo caso parece que non estaba de acordo algún dos Deputados do Grupo Socialista, ó mellor non está de máis dicirlle que dende logo vostede co Grupo Socialista xa fixo algunha manifestación clara de

salvalos dun importante afogamento, ben é verdade que primeiro os tirara ó río; pero en todo caso vostede ten unha boa capacidade de xerar o problema e despois a solución.

Así que seguramente aquí, tamén con esa insistencia, consigamos o que coincido en que é unha necesidade na nosa provincia, e que dende logo moitas veces no noso debate e nas nosas reivindicacións de infraestruturas esquecemos unha das partes máis fermosas de Lugo que é a nosa costa, con moitos quilómetros de praias e que certamente ás veces a cobertura destes profesionais tan necesarios, e vaia tamén pola nosa parte o recoñecemento ó seu traballo e a esa capacidade tan encomiable que teñen de salvar vidas, pois noutras provincias pode ser, cando contan só con instalacións como piscinas, coma no noso caso, certamente un problema cando chega o verán.

Non sei se vai aceptar a emenda ou non, sabe que nese caso desvirtúa bastante a súa proposta, pero o que agora manifestamos é o voto a favor da súa proposta, xa logo nos dirá o que vai facer coa emenda”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“A verdade é que o meu ego sae de aquí reforzado basicamente pola defensa que fai sempre o Grupo Socialista das miñas propostas; a verdade é que comparto case na totalidade o que dixo, e repito que llo agradezo con cariño, e tamén que me teña aportado á miña ignorancia unha serie de datos que xa tiñan sido debatidos en 2016 tanto en novembro coma en decembro, que vostede reitera aquí e que eu lle agradezo porque obviamente, como é un proxecto manido e debatido, co que creo que todos estamos de acordo, e non ten porque haber rexeitamento á mesma como non o houbo naquel momento.

Con respecto á Xunta de Galicia, na moción xa se recolle “reiterar ás Administracións Públicas-Xunta de Galicia e Deputación de Lugo, en colaboración con concellos e asociacións, promovan cursos de socorristas..”; eu creo que isto debe ser o espírito que debe levar esta moción. E eu non lles vou pedir nin a vostedes que non aproveiten para atacar á Xunta nin ó Partido Popular para darlles a vostedes, entón entre vostedes arrégleno, pero a moción vaise manter tal e como a

presentei, non acepto as emendas, agradézolle todo ese espírito construtivo; e se di que fixeron dous cursos creo que poden facer máis sen que a Xunta de Galicia tamén colabore e axude e faga outros tantos como fan vostedes, e senón tamén llo botaremos en cara”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Debater cunha persoa que está á esquerda non resulta ás veces doado. Eu sigo insistindo na cuestión, e sígome reafirmando en que ás veces tamén se aprende, e non digo que os cursos estiveran mal porque estiveron moi ben, foron positivos, pero o problema teno a Xunta de Galicia, a escaseza de recursos en canto á celebración de cursos, os custes son elevados, as altas esixencias formativas fronte ó resto das Comunidades Autónomas, a precariedade salarial, o retraso nas convocatorias das subvencións, a falta de centros homologados, porque iso tamén é outro dos problemas importantes, en Lugo só hai catro que son os de Xove, Foz, a Cruz Vermella e unha entidade privada. Todo isto provoca que os socorristas prefiran ir traballar á Asturias e non quedar en Láncara ou en Becerreá.

E fronte a isto deben xa que logo, por iso a nosa proposta, modificar e flexibilizar o Decreto no que se regula a obtención do título, atendendo ós criterios, o mesmo que fan outras Comunidades, incrementar o número de cursos subvencionados; débese solventar o problema da estacionalidade e a precariedade laboral, incluso valorar a recente proposta da Fegamp de crear unha bolsa de socorristas para toda Galicia, e débese axilizar a convocatoria desas subvencións; e a única que pode solventalo é a Xunta de Galicia, estamos a caer nese entramado de que a Xunta invita e ás Deputacións e concellos pagan”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para anunciar o voto a favor da moción.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Tamén anunciamos o noso voto favorable e non facemos uso deste segundo turno”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, quen manifesta o seguinte:

“Teño que discrepar outra vez coa persoa que está á miña dereita, os problemas non os ten a Xunta de Galicia, os problemas témolos os concellos basicamente que temos unhas instalacións que ás veces non podemos utilizar porque non temos socorristas, e se os temos os concellos tamén os van ter os veciños sobre todo porque esas piscinas van ter que estar pechadas, as praias sen seguridade e sen bandeira azuis coas repercusións que ten tamén tanto no turismo coma na parte económica, e creo que iso debe facer que dende esta Institución, da que eu son membro, se poñan medio para poder facer outros trinta ou sesenta cursos neste inverno e poder solucionar os problemas da provincia de Lugo xa”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 15 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular, do Grupo Provincial do BNG, e do Sr. Deputado non adscrito); votos en contra, 9 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista). Polo que o Pleno da Corporación por maioría acorda presta aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

17.- CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ACORDOS ADOPTADOS POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN PROVINCIAL EN SESIÓN DE 25 DE SETEMBRO DE 2018 (ART. 114 DO REGULAMENTO ORGÁNICO).

Dáse conta do estado de execución dos acordos adoptados polo Pleno desta Corporación Provincial en sesión de 25 de setembro de 2018. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Simplemente para agradecerlle profundamente o traballo feito, parece ser que antes era imposible, e non imos entrar a valorar actuacións anteriores e imos vivir o presente e o futuro; agradecerlle ver que ese traballo é posible e ó final redunda en beneficio de todos, independentemente de que despois estea de acordo ou non con que algúns estean en execución porque ás veces algúns cun simple Decreto do Presidente, se hai vontade política, cúmprense; grazas por cumprir o artigo 114 do Regulamento, e espero que no futuro isto siga sendo así”.

18.- CONTA DAS RESOLUCIONS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día tres ata o vinte e oito de setembro de dous mil dezaioito, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 2317 ata o 2590. Pleno da Corporación queda enterado.

19.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

20.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Por parte do Sr. Presidente maniféstase que hai un Rogo do Grupo Provincial do BNG, e tres Preguntas, dúas delas formuladas polo Grupo Provincial Popular e outra polo Sr. Deputado non adscrito, que se tratarán a continuación.

R O G O S

Formulado polo Grupo Provincial do BNG en relación coa retirada dos corredores da Deputación dos retratos dos Presidentes nomeados polo réxime fascista, do seguinte teor:

“Xosé Ferreiro Fernández e Antonio Veiga Outeiro, deputados do Grupo Provincial do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta ante o Pleno da

Corporación Provincial de Lugo e dirixida ao Presidente o seguinte Rogo referente á retirada dos corredores da Deputación dos retratos dos Presidentes nomeados polo réxime fascista.

Exposición de Motivos:

Está neste momento en vigor a chamada “Lei de Memoria Histórica” de “obrigado” cumprimento para todas as administracións. Aínda coas evidentes eivas democráticas que claramente teñen as deputacións, tanto na súa formación como no seu funcionamento, estas tamén están obrigadas ao seu cumprimento.

Con esta lei pretendíase impedir o enaltecemento ou loubanza de calquera persoa ou símbolo que representase o réxime fascista e golpista que sufrimos no Estado español durante máis de 40 anos e ue deixou milleiros de mortos e familias desfeitas, ademáis de miseria, ao longo do noso país.

Ademáis do que a propia lei poida dicir, que está bastante claro, en termos políticos resulta completamente inadmisíble que nos corredores dunha institución como a Deputación de Lugo estean expostos, ao carón dos elixidos pola vía pseudo democrática, os presidentes que foron nomeados polo réxime fascista e que, polo tanto, por acción, omisión ou silencio, colaboraron cos asasinatos masivos, torturas e encarceramentos dese réxime.

Aínda sendo cuestionable a presenza do retrato de calquera presidente, non é admisible dende ningún punto de vista que os retratos desta xente do réxime franquista sigan expostos nesta Institución.

Por todo iso, é polo que o Grupo do BNG na Deputación de Lugo presenta ante o Presidente desta institución o seguinte Rogo:

Que na maior brevidade posible se proceda a retirar dos corredores da Deputación de Lugo todos os retratos dos presidentes desta institución nomeados polo réxime franquista”.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Tómase nota deste Rogo e estudárase o tema”.

P R E G U N T A S

Primeira.- Formulada polo Grupo Provincial Popular, en relación con solicitude de información do Xulgado Nº 1, que textualmente di o seguinte:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular na Excma. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte pregunta:

O pasado 16 de outubro de 2018 os medios de comunicación publicaron unha noticia na que se afirmaba que *“Pilar de Lara encarga un informe á Garda Civil sobre as residencias da Deputación de Lugo”*.

Concretamente a noticia recolle que *“... A titular do Xulgado de Instrucción número 1 de Lugo, Pilar de Lara, encargou fai uns meses un informe ao Seprona da Gardia Civil en relación ás residencias que programa a Deputación de Lugo e cuxa "encomenda de xestión" leva a sociedade do solo provincial (Suplusa)...”*.

Así, ante o exposto e tendo en conta as anteditas informacións aparecidas no medios de comunicación o Grupo Provincial Popular traslada a seguinte Pregunta:

¿Cando e que documentación lle foi solicitada á Deputación por parte do Xulgado nº . 1 de Lugo en relación coas residencias de atención a maiores e cal foi remitida finalmente?.

Intervén o Sr. Presidente, para manifestar o seguinte:

“Pedían a identificación das residencias que están abertas, o motivo polo cal non estaban abertas as outras, e a identificación das diferentes empresas que fixeron as obras. Iso foi o que se lle mandou ó Xulgado”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“En relación a esa contestación, enviou vostede algunha como aberta?”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Non, obviamente contestamos estas preguntas literalmente”.

Segunda.- Formulada polo Grupo Provincial Popular, relativa ás obras no Fogar de Santa María, que textualmente di o seguinte:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular na Excma. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte pregunta:

O pasado 22 de xaneiro de 2018 formalizouse a contratación da obra “Lugo - Adecuación dos pavillóns 1 e 2 do Fogar de Santa María” por un importe total (con impostos) de 1.338.592,77 € e cun prazo de execución de 10 meses; pavillóns ao que se trasladará o Servizo Provincial de recadación e Xestión Tributaria da Deputación.

Na orde do día da Xunta de Goberno de data 26 de outubro de 2018 figura unha “Proposta relativa ao arrendamento do local ocupado polo Servizo Provincial de Recadación e Xestión Tributaria”.

Tendo en conta que o dito prazo remata nuns días e visto o estado actual das obras de adecuación e visto o estado no que se atopan as dependencias actuais do Servizo de Recadación,

nas que, tal e como se puido comprobar, existen goteiras, o Grupo Provincial Popular traslada a seguinte Pregunta:

¿Cando está previsto que finalmente rematen os traballos da obra de adecuación dos pavillóns 1 e 2 do Fogar de Santa María, cal vai ser o custo final da mesma e cando se vai trasladar o Servizo e o persoal de Recadación e Xestión Tributaria da Deputación aos devanditos pavillóns?”.

Intervén o Sr. Deputado D. Argelio Fernández Queipo, en representación do Goberno Provincial, para dicir o seguinte:

“No Fogar de Santa María ó longo da obra de rehabilitación dese edificio encontráronse deficiencias, que non se tiñan observado cando se redactou o proxecto, referentes ó que son os forxados das plantas dese edificio; isto fai que haxa un incremento do gasto que creo que neste momento xa está contificado, pero iso dalgún xeito retrasou as obras porque hai que facer un modificado. A mín o que me comunicaron dende a dirección de obra é que a mediados do ano que ven esas obras estarán rematadas, pero dígoo con toda a cautela e con toda a precaución”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“En relación á ampliación de custo que tamén ía na pregunta e dime que o ten valorado, pódenos dicir a cifra?”.

Intervén o Sr. Deputado D. Argelio Fernández Queipo, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“Creo que está entorno aos 400.000 euros a maiores, pero tamén o digo con toda a cautela porque non teño datos oficiais agora mesmo na man”.

Terceira.- Formulada polo Sr. Deputado non adscrito, relativa á convocatoria do Pleno solicitado, do seguinte teor:

“Manuel Martínez Núñez, Deputado Provincial, ao abeiro do disposto na lexislación de Réxime Local vixente e no Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, presenta a seguinte pregunta para a súa contestación no pleno:

O Consello de Suplusa, na súa reunión de data 08-05-2018, acordou solicitar, por maioría ao Pleno da Deputación, “que adopte acordo no sentido de tramitar e resolver o procedemento de revisión de oficio do acordo da Xunta de Goberno de data 09/03/2018”, por consideralo manifestamente ilegal. Como no pasado pleno de 25 de setembro... contestou o seguinte a pregunta: ¿cando pensa o Presidente da Deputación convocar o citado Pleno?”, Da seguinte maneira:

“Eu penso convocalo cando o solicite quen se atope habilitado ou lexitimado para facelo e ante o órgano que corresponda”.

Polo menos non mentiu, pero a resposta é o mesmo que non contestar nada, como nos ten acostumados.

Por elo remiteramos: “Cando pensa convocar dito pleno, e cal é segundo vostede o órgano habilitado ou lexitimado para convocalo?”.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Creo que xa lle contestei no último Pleno que quen pedía este Pleno non está lexitimado, e aparte o Pleno non é o órgano competente para esa función”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Reitérolla porque obviamente non me volve contestar, e volveireilla reiterar no próximo Pleno. Eu pregúntolle claramente, que vostede dixo que o Pleno non era o órgano competente, entendemos que sí e xa Deus dirá quen lle corresponda, entendendo por Deus os órganos competentes; pero gustaríame, como vostede afirmaba que era outro o órgano competente, que me diga dunha vez, se non quere que lle volva preguntar para o Pleno do mes que ven, cal é o órgano que vostede entende que é competente para convocar ese Pleno”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, para dicir o seguinte:

“Xa lle expliquei que quen pediu nese caso o Pleno non está lexitimado, e o Pleno non é o órgano competente, saque as conclusións que queira”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Sr. Presidente, eu creo que a obriga súa como Presidente, e volvemos ó debate do punto un, é que se hai un órgano que lle pide un pleno extraordinario e non é o competente, terá que remitilo e explicarlle, e eu creo que forma parte do funcionamento democrático de calquera institución, e senón ós servizos xurídicos pediríalle que nos informen de cal sería o trámite que hai que facer”.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as quince horas do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.